

**DECRETO LEXISLATIVO
1/1999, DO 7 DE OUTUBRO,
POLO QUE SE APROBA O
TEXTO REFUNDIDO DA
LEI DE RÉXIME
FINANCEIRO E
ORZAMENTARIO DE
GALICIA**

Autor das notas e sistemática da obra:

Juan José Martínez Piñeiro
Xefe da Área Xurídica da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Actualización:

Ángeles Vidal Ruiz
Xefa do Servicio Técnico-Xurídico da Consellería de Economía e Facenda

Colaborador:

Elías Gómez Folgoso
Corpo administrativo da Xunta de Galicia

Edita:

Consellería de Economía e Facenda

Imprime:

Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

Depósito legal:

C-196-05

(Esta edición pechouse o 31 de xaneiro de 2005).

VERSIÓN ONLINE NA PÁXINA WEB DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

ÍNDICE XERAL

Presentación	5
Índice do articulado	7
Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro	13
Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	16
Índice analítico	165

PRESENTACIÓN

A Consellería de Economía e Facenda iniciou en 1998 a publicación dos textos actualizados da *Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia*, coa intención de facilitar a tódalas consellerías, organismos autónomos e entes públicos a consulta e manexo da lei, incluíndo notas aclaratorias que permitiran relacionar cada artigo con outras normas, autonómicas ou de ámbito territorial superior, aplicables na Comunidade Autónoma.

No ano 2000 editouse o novo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de refundición da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, incluíndo as modificacións contidas na Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa. No 2004 editouse a última versión actualizada, que incluía as modificacións introducidas pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas.

Nesta sétima edición téñense en conta, entre outras, as novidades da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo. Tamén se actualizan as referencias normativas incluídas nas notas aclaratorias.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2005

José Antonio Orza Fernández

Conselleiro de Economía e Facenda

ÍNDICE DO ARTICULADO

DECRETO LEGISLATIVO 1/1999, DO 7 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA	13
TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA.	16
TÍTULO PRELIMINAR Principios xerais	16
Artigo 1º.- Concepto.	16
Artigo 2º.- Criterios e fins.	18
Artigo 3º.- Normativa reguladora.	19
Artigo 4º.- Principios orzamentarios e control.	20
Artigo 5º.- Reserva legal.	20
Artigo 6º.- Competencia do Consello da Xunta.	22
Artigo 7º.- Competencia da Consellería de Economía e Facenda.	22
Artigo 8º.- Competencia das consellerías.	24
Artigo 9º.- Competencia dos organismos autónomos.	25
Artigo 10º.- Prerrogativas.	25
Artigo 11º.- Organismos autónomos.	26
Artigo 12º.- Sociedades públicas autonómicas.	27
Artigo 13º.- Convenios, acordos e transferencias.	29
TÍTULO I Do contido da Facenda da Comunidade	31
CAPÍTULO I Dos recursos	31
Artigo 14º.- Recursos da Facenda autonómica.	31
Artigo 15º.- Destino.	34
Artigo 16º.- Administración dos recursos.	34
Artigo 17º.- Xestión dos tributos.	35
Artigo 18º.- Dispoñibilidade de bens e dereitos.	37
Artigo 19º.- Garantías.	37
Artigo 20º.- Suspensión do procedemento de constrinximento.	38

Artigo 21º.- Xuros de demora. _____	40
Artigo 22º.- Integridade da Facenda. _____	40
Artigo 23º.- Prescrición. _____	41
CAPÍTULO II Das obrigas _____	43
Artigo 24º.- Nacemento e esixibilidade. _____	43
Artigo 25º.- Inembargabilidade. _____	44
Artigo 26º.- Xuros. _____	44
Artigo 27º.- Prescrición. _____	45
TÍTULO II Das operacións de endebedamento _____	46
CAPÍTULO I Das operacións de endebedamento _____	46
Artigo 28º.- Endebedamento. _____	46
Artigo 29º.- Denominación e autorización. _____	46
Artigo 30º.- Destino. _____	47
Artigo 31º.- Débeda de Tesourería. _____	47
Artigo 32º.- Importe máximo. _____	48
Artigo 33º.- Autorización da emisión ou contracción. _____	48
Artigo 34º.- Contabilización. _____	49
Artigo 35º.- Subscrición e transmisión. _____	49
Artigo 36º.- Aplicación orzamentaria. _____	50
Artigo 37º.- Competencia e atribucións do conselleiro de Economía e Facenda. _____	50
Artigo 38º.- Beneficios. _____	51
Artigo 39º.- Prescrición. _____	51
CAPÍTULO II Das garantías _____	52
Artigo 40º.- Garantía por aval. _____	52
Artigo 41º.- Importe. _____	52
Artigo 42º.- Beneficiarios. _____	52
Artigo 43º.- Obrigas. _____	53
Artigo 44º.- Autorización legal. _____	54
Artigo 45º.- Avais dos organismos autónomos. _____	54
TÍTULO III Dos orzamentos xerais da comunidade autónoma _____	56
CAPÍTULO I Contido e aprobación _____	56
Artigo 46º.- Concepto. _____	56
Artigo 47º.- O exercicio orzamentario. _____	57

Artigo 48º.- Contido.	57
Artigo 49º.- Estructura.	58
Artigo 50º.- Competencias das consellerías.	59
Artigo 51º.- Elaboración dos orzamentos xerais.	60
Artigo 52º.- Remisión ó Parlamento.	62
Artigo 53º.- Orzamentos das deputacións provinciais.	62
Artigo 54º.- Prórroga dos orzamentos xerais.	62
Artigo 55º.- Dereitos e obrigas recoñecidas.	64
CAPÍTULO II Dos créditos e das súas modificacións	65
Artigo 56º.- Autorización de créditos.	65
Artigo 57º.- Nulidade de obrigas.	66
Artigo 58º.- Gastos plurianuais.	67
Artigo 59º.- Anulación de créditos.	71
Artigo 60º.- Regulación de obrigas.	71
Artigo 61º.- Normativa aplicable.	72
Artigo 62º.- Créditos extraordinarios e suplementos.	73
Artigo 63º.- Anticipos de Tesourería.	74
Artigo 64º.- Créditos ampliáveis.	75
Artigo 65º.- Competencias do Consello da Xunta.	76
Artigo 66º.- Facultades da Consellería de Economía e Facenda.	77
Artigo 67º.- Facultades dos conselleiros.	78
Artigo 68º.- Limitacións.	79
Artigo 69º.- Xeración de crédito.	81
Artigo 70º.- Reposición.	82
Artigo 71º.- Incorporacións.	82
CAPÍTULO III Execución e liquidación	84
Artigo 72º.- Autorización de gasto.	84
Artigo 73º.- Fases do gasto.	85
Artigo 74º.- Ordenación xeral dos pagamentos.	86
Artigo 75º.- Plan de disposición.	87
Artigo 76º.- Tramitación.	87
Artigo 77º.- Pagamentos para xustificar.	88
Artigo 78º.- Réxime xeral de axudas e subvencións.	90
Artigo 79º.- Infraccións, sancións e réxime de responsabilidades.	107
Artigo 80º.- Liquidación.	117
Artigo 81º.- Remanentes de Tesourería.	118

CAPÍTULO IV Normas de especial aplicación para os organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo	119
Artigo 82º.- Orzamentos dos organismos autónomos.	119
CAPÍTULO V Normas de especial aplicación ás sociedades públicas	120
Artigo 83º.- Programas de sociedades públicas.	120
Artigo 84º.- Prazo e tramitación.	122
Artigo 85º.- Remisión.	123
Artigo 86º.- Supostos macroeconómicos.	124
TÍTULO IV Da Tesourería	125
Artigo 87º.- Concepto.	125
Artigo 88º.- Funcións.	125
Artigo 89º.- Situación dos fondos da Comunidade Autónoma.	126
Artigo 90º.- Situación dos fondos dos organismos autónomos.	126
Artigo 91º.- Ingresos e medios de pagamento.	127
Artigo 92º.- Fluxos financeiros.	128
TÍTULO V Do control interno e da contabilidade	129
CAPÍTULO I Do control interno	129
Sección primeira. Aspectos xerais	129
Artigo 93º.- Control interno da actividade económico-financeira.	129
Artigo 94º.- O seu exercicio.	130
Sección segunda. Da función interventora	131
Artigo 95º.- Fases.	131
Artigo 96º.- Principios.	132
Artigo 97º.- Intervención limitada.	132
Artigo 98º.- Documentación e prazo.	135
Artigo 99º.- Reparos e reclamacións.	136
Artigo 100º.- Suspensión do expediente.	136
Artigo 101º.- Discrepancia.	137
Artigo 102º.- Omisións.	138
Sección terceira. Do control financeiro	139
Artigo 103º.- Finalidade e principios.	139
Artigo 104º.- Auditorías e clases.	140
Artigo 105º.- Iniciación e desenvolvemento.	141

Artigo 106º.- Ámbito de aplicación. _____	142
Artigo 107º.- Plan anual de auditorías. _____	145
Artigo 108º.- Resultado e informes. _____	145
CAPÍTULO II Da contabilidade _____	146
Artigo 109º.- Réxime. _____	146
Artigo 110º.- Competencias da Consellería de Economía e Facenda. _____	147
Artigo 111º.- Funcións da Intervención Xeral como centro directivo. _____	148
Artigo 112º.- Funcións como centro xestor. _____	149
Artigo 113º.- Soporte documental. _____	150
Artigo 114º.- Contadantes. _____	150
Artigo 115º.- Forma e prazos. _____	151
Artigo 116º.- Sociedades públicas, entes e organismos. _____	151
Artigo 117º.- Publicidade e información. _____	151
CAPÍTULO III Da Conta Xeral da Comunidade _____	152
Artigo 118º.- Documentación. _____	152
Artigo 119º.- Formación. _____	153
Artigo 120º.- Organismos autónomos. _____	154
Artigo 121º.- Revisión e aprobación. _____	154
TÍTULO VI Das responsabilidades _____	155
Artigo 122º.- Suxeitos responsables. _____	155
Artigo 123º.- Tipificación das infraccións. _____	156
Artigo 124º.- Instrucción e resolución. _____	157
Artigo 125º.- Execución. _____	158
Artigo 126º.- Dilixencias previas. _____	159
DISPOSICIÓN ADICIONAIS _____	160
Primeira. Definición de empresa pública. _____	160
Segunda. Rendición de contas ó Parlamento. _____	160
Terceira. Vixencia do artigo 23º, número 2. _____	160
Cuarta. Fundacións do sector público. _____	161
DISPOSICIÓN DERROGATORIA _____	162
ÍNDICE ANALÍTICO _____	165

DECRETO LEXISLATIVO 1/1999, DO 7 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA¹

A disposición adicional oitava da Lei 6/1998, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1999², autorizou o Goberno galego para a elaboración, no prazo dun ano, do texto refundido da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia³.

En uso da dita autorización redactouse o correspondente texto refundido, no que se incorporan ó texto inicial da Lei 11/1992 as modificacións sufridas por esta desde a súa entrada en vigor, así

1 Publicado no DOG nº 214, do 5 de novembro (corrección de erros no DOG nº 218, do 11 de novembro). Foi modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro), pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro), pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo (DOG nº 84, do 2 de maio), pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro), pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas e pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro).

De acordo co artigo 149.3, inciso final, da Constitución, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro) ten carácter supletorio respecto da presente lei.

Con carácter xeral, debido ós múltiples aspectos desta lei que están tratados nas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma galega, é recomendable consultar estas últimas, posto que complementan, para o exercicio económico correspondente, o contido desta lei.

2 Publicada no DOG nº 252, do 31 de decembro de 1998.

3 Publicada no DOG nº 200, do 14 de outubro (Corrección de erros no DOG nº 220, do 11 de novembro). Modificada polas Leis 14/1992, do 29 de decembro (DOG nº 254, do 31 de decembro), 1/1994, do 30 de marzo (DOG nº 63, do 4 de abril), 11/1995, do 28 de decembro (DOG nº 249, do 30 de decembro), de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 1993, 1994 e 1996, respectivamente. Posteriormente, pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime presupostario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril), e pola Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión (DOG nº 252, do 31 de decembro. Corrección de erros no DOG nº 29, do 12 de febreiro de 1999).

como algunhas actualizacións terminolóxicas e correccións gramaticais que non inciden no fondo da disposición.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 10º1.a) do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril⁴, e no artigo 4.4º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente⁵, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, de acordo co Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do sete de outubro de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo único.

De conformidade coa disposición adicional oitava da Lei 6/1998, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1999, apróbase o texto refundido da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. Remisións normativas á Lei 11/1992.

As remisións e referencias normativas á Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, entenderanse feitas, no sucesivo, ó texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

4 Publicado no BOE nº 101, do 28 de abril de 1981.

5 Publicada no DOG nº 23, do 21 de marzo de 1983.

O presente decreto legislativo e o texto refundido que se aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA.

TÍTULO PRELIMINAR

Principios xerais

Artigo 1º.- Concepto.

- 1.- A Facenda pública de Galicia está constituída polo conxunto de dereitos e obrigas de contido económico e financeiro dos que a súa titularidade lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia⁶.
- 2.- Constitúen materias propias da Facenda pública de Galicia, con independencia da normativa que as regule, as seguintes:
 - a) O procedemento orzamentario nas súas distintas fases de elaboración, xestión e liquidación⁷.
 - b) O sistema de contabilidade a que debe someterse a actuación económica dos órganos competentes do sector público galego⁸.
 - c) O réxime do seu patrimonio⁹.

⁶ Artigos 14 a 27 da presente lei.

⁷ Artigos 46 a 86 desta lei.

⁸ Artigos 109 a 117 da presente lei.

⁹ Véxase a Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril), modificada polas Leis 1/1986, do 29 de outubro, 2/1988, do 5 de marzo, 13/1988, do 30 de decembro, e 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 1986, 1988, 1989 e 1997, respectivamente (DOG nº 214, do 3 de novembro de 1986; nº 50, do 14 de marzo de 1988; nº 251, do 31 de decembro de 1988; e nº 254, do 31 de decembro de 1996, respectivamente). Ademais foi modificada pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril), pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro) e pola disposición final primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240, do 11 de decembro). Tamén se modificou, en virtude da disposición adicional 2ª, polos Decretos 185/2001, do 26 de xullo (DOG nº 156, do 13 de agosto) e 180/2003, do 27 de febreiro (DOG nº 52, do 14 de marzo).

- d) A contratación en réxime de dereito administrativo¹⁰.
- e) A regulación dos seus ingresos de dereito público e privado¹¹.

Téñase en conta tamén o Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1985 (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo de 1989), modificado polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo (DOG nº 156, do 13 de agosto) e polo Decreto 180/2003, do 27 de febreiro (DOG nº 52, do 14 de marzo).

Ademais da normativa autonómica, deberán terse en conta os preceptos básicos contidos na Lei estatal 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas (BOE nº 264, do 4 de novembro).

- 10 Véxase o Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas (BOE nº 148, do 21 de xuño. Corrección de erros no BOE nº 227, do 21 de setembro), modificado pola disposición transitoria segunda da Lei 14/2000, do 29 de decembro (BOE nº 313, do 30 de decembro), polo art. 61 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social, polo art. 71 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social, pola Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas (BOE nº 124, do 24 de maio), pola disposición final décimoterceira da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (BOE nº 164, do 10 de xullo), polo art. 67 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social (BOE nº 313, do 31 de decembro) e pola disposición final primeira da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 314, do 30 de decembro). Debe terse en conta tamén o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE nº 257, do 26 de outubro).

Entre a normativa autonómica, téñase en conta a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, modificada pola disposición adicional cuarta da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro); e o Decreto 87/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias en materia de contratación administrativa nos delegados provinciais das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 35, do 19 de febreiro). Así mesmo, o Decreto 198/1995, do 16 de marzo, polo que se crea o Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 129, do 6 de xullo) e o Decreto 262/2001, do 20 de setembro, de refundición da normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas (DOG nº 200, do 16 de outubro).

Tamén o Decreto 122/1996, do 8 de febreiro, sobre adxudicación de obras e subministracións polo procedemento negociado con publicidade (DOG nº 61, do 26 de marzo) e o acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996, polo que se establecen regras de adxudicación dos contratos de obras por concurso e polo procedemento negociado na Administración da Comunidade Autónoma, publicado en virtude da Resolución do 8 de marzo de 1996 da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 56, do 19 de marzo). Hai que ter en conta, non obstante, que a aplicación deste acordo está condicionada polo novo regulamento xeral da lei, así como polas consideracións expostas pola Comisión da Unión Europea no expediente SG (96)D 96/2009 en relación ó acordo do Consello da Xunta do 10 de maio de 1995 (DOG nº 102, do 30 de maio), antecedente inmediato do actualmente vixente.

- 11 Consúltense as notas do artigo 14 desta lei.

- f) As normas de asignación e xestión dos recursos públicos e o control de eficacia e eficiencia no seu emprego¹².
- g) O endebedamento e a concesión de avais e outras garantías¹³.
- h) A organización e regulación da Tesourería¹⁴.
- i) Os procedementos xerais de funcionamento dos órganos responsables da Facenda pública galega¹⁵.
- j) As prerrogativas da Facenda pública galega e as responsabilidades derivadas da actuación dos seus órganos e do persoal ó seu servizo¹⁶.
- k) Calquera outra que tivese relación co contido da Facenda pública galega.

Artigo 2º.- Criterios e fins.

- 1.- A distribución e xestión dos recursos públicos realizarase tendo en conta criterios de eficacia e eficiencia.
- 2.- A acción do Goberno para a prestación de servizos públicos e a dotación de infraestruturas públicas básicas e sociais da Comunidade farase conforme os principios de equidade, solidariedade e equilibrio territorial¹⁷.

¹² Artigos 94 e 103 a 108 da presente lei.

¹³ Artigos 28 a 45 desta lei.

¹⁴ Artigos 87 a 92 da presente lei.

¹⁵ Particularmente, téñase en conta o Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, polo que se regula a organización, as competencias, a composición e o funcionamento do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44, do 5 de marzo), que agora se denomina Xunta Superior de Facenda, segundo o disposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240, do 11 de decembro).

¹⁶ Sobre prerrogativas, véxanse os artigos 10 e 19 da presente lei, e sobre responsabilidades, os artigos 122 a 126 da mesma.

¹⁷ Os principios de eficacia e de eficiencia están constitucionalizados nos artigos 103.1 e 31.2, respectivamente, da Constitución. Sobre os principios de solidariedade e de equilibrio territorial téñanse en conta os artigos 2 e 158.2, respectivamente, do mesmo

Artigo 3º.- Normativa reguladora.

- 1.- Constitúe o obxecto desta lei a regulación da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do que se dispoña noutras leis especiais.
- 2.- A actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia rexerase:
 - a) Por esta lei e polas demais leis especiais e normas concordantes que sobre a materia dicte o Parlamento de Galicia.
 - b) Polas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
 - c) Polas normas regulamentarias que se dicten no desenvolvemento desta lei.
- 3.- Terán carácter supletorio as demais normas do ordenamento xurídico administrativo e, no seu defecto, o dereito privado respectando a prelación de normas do dereito civil galego.
- 4.- As leis anuais de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma poderán conter normas relacionadas coa súa actividade económico-financeira con vixencia permanente ou con vixencia temporal superior ó período anual ó que estas correspondan.

Cando nas ditas normas legais concorra algunha destas circunstancias deberá terse en conta o seguinte:

- a) De tratarse de normas de vixencia permanente, establecerase así de forma expresa, incluíndo, se é o caso, a táboa de derogacións motivada pola entrada en vigor da nova norma legal.
- b) De tratarse de normas de vixencia temporal, definirase con precisión o seu prazo de vixencia e as normas de

corpo normativo, e o artigo 2 do Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE nº 311-1, do 29 de decembro de 1978, e nº 101, do 28 de abril de 1981, respectivamente).

ordenamento xurídico que quedan afectadas, así como os efectos sobre estas á entrada en vigor da nova normativa ó longo do prazo no que esta sexa aplicable.

Artigo 4º.- Principios orzamentarios e control.

- 1.- A actividade económico - financeira da Comunidade Autónoma de Galicia estará sometida ó réxime de orzamento anual e ós principios de control interno, de contabilidade e de unidade de caixa que se determinan nesta lei¹⁸.
- 2.- Tódalas actividades que dean lugar ó recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico ou ó manexo de fondos públicos deberán estar controladas ou intervidas conforme as normas desta lei e sometidas ó réxime de rendemento de contas ó Consello de Contas e ó Tribunal de Contas, de acordo coas disposicións que os regulan.
- 3.- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma será o órgano encargado da execución das funcións de control interno e de contabilidade reguladas nesta lei.
- 4.- A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos procedementos legais establecidos, poderá esixirle-las indemnizacións económicas que sexan procedentes ós responsables da custodia e do manexo dos fondos públicos polos prexuízos que puidesen ocasionar, con independencia das demais responsabilidades de carácter civil, penal ou disciplinario en que puidesen incorrer¹⁹.

Artigo 5º.- Reserva legal.

Regularanse por lei do Parlamento de Galicia as seguintes materias:

¹⁸ Artigos 47 desta lei para o principio de orzamento anual, 93 a 121 para o de control interno e de contabilidade, e 88 para o de unidade de caixa.

¹⁹ Artigos 122 e seguintes desta lei.

- a) Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de créditos da Xunta de Galicia e dos organismos autónomos nos termos recollidos nesta lei²⁰.
- b) O establecemento, a modificación ou a supresión dos seus propios tributos e das exencións e bonificacións que os afecten²¹.
- c) O establecemento, a modificación e a supresión das recargas sobre os impostos do Estado²².
- d) A emisión e o réxime da débeda pública e demais operacións de crédito²³.
- e) O réxime de patrimonio da Comunidade Autónoma²⁴.
- f) A creación e supresión dos organismos autónomos nos termos que se prevén nesta lei²⁵.
- g) Os convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas previstos no artigo 35 do Estatuto de autonomía.
- h) O réxime e a concesión de avais e outras garantías pola Comunidade Autónoma²⁶.
- i) A coordinación orzamentaria das deputacións provinciais de Galicia, en concordancia coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia²⁷.

²⁰ Artigos 52 e 62 da presente lei e 53.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE nº 101, do 28 de abril).

²¹ Artigo 51 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

²² Artigo 51 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

²³ Artigos 28 a 39 desta lei e 51 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

²⁴ Artigo 43.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia. O réxime do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia está regulado pola Lei 3/1985, do 12 de abril (DOG nº 78, do 24 de abril). (Véxase nota ó artigo 1.2.c) desta lei).

²⁵ Artigo 11 desta lei.

²⁶ Artigos 40 a 45 desta lei.

- j) As demais materias relativas á Facenda pública galega que, segundo as leis, se deban regular con este rango.

Artigo 6º. - Competencia do Consello da Xunta.

Será competencia do Consello da Xunta²⁸ no marco das materias reguladas nesta lei:

- a) A determinación das directrices básicas de política económica e financeira, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia.
- b) A elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) A autorización dos gastos que segundo as leis requiran a súa aprobación.
- d) A aprobación dos regulamentos para a súa aplicación.
- e) Calquera outra que precise coñecemento ou aprobación da Xunta e a competencia da cal non lle estea reservada ó Parlamento de Galicia.

Artigo 7º. - Competencia da Consellería de Economía e Facenda.

Será competencia da Consellería de Economía e Facenda²⁹:

-
- ²⁷ Publicada no DOG nº 149, do 5 de agosto, modificada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro (DOG nº 252, do 31 de decembro) e desenvolta pola Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela (DOG nº 142, do 24 de xullo) e polos Decretos 280/1998, do 24 de setembro (DOG nº 203, do 20 de outubro); 370/1998, do 10 de decembro (DOG nº 4, do 8 de xaneiro de 1999) e 371/1998, do 10 de decembro (DOG nº 4, do 8 de xaneiro de 1999). Véxase o artigo 53 da Lei.
- ²⁸ Véxase o artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente (DOG nº 23, do 21 de marzo), modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro).
- ²⁹ Véxase o Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 113, do 14 de xuño), modificado polo Decreto 247/2004, do 21 de outubro (DOG nº 211, do 29 de outubro).

- a) A administración, xestión e recadación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma³⁰.
- b) A ordenación de pagamentos nos termos establecidos na presente lei³¹.
- c) A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma³².
- d) O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade³³.
- e) O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública³⁴.
- f) A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- g) O desenvolvemento das actividades inherentes ó exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a Comunidade no artigo 49º do Estatuto de autonomía³⁵.
- h) As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo³⁶ público e territorial e

30 Os artigos 45 e seguintes da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997 (DOG nº 254, do 31 de decembro) establecen normas sobre a xestión recadatoria, desenvolto polo Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona (DOG nº 50, do 13 de marzo. Corrección de erros do texto en castelán no DOG nº 56, do 21 de marzo).

31 Artigos 74 e seguintes da presente lei.

32 Artigo 51 da presente lei.

33 Artigos 103 a 108 desta lei.

34 Artigos 94 a 102 e 109 a 117 desta lei.

35 Artigos 48 a 55 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (BOE nº 59 do 9 de marzo).

36 Debe entenderse "crédito cooperativo". Téñase en conta o artigo 127 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG nº 251, do 30 de decembro).

das caixas de aforro que operen no seu territorio³⁷, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.

- i) As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

Artigo 8º.- Competencia das consellerías.

Será competencia das consellerías³⁸ :

- a) A elaboración do seu anteproxecto de orzamento.
- b) A administración e xestión dos créditos para gastos incluídos nos orzamentos e que estean adscritos a elas.

³⁷ Para este ámbito, véxanse a Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia (CAG) (DOG nº 117, do 14 de xuño), que mantén en vigor diversos artigos referidos ós órganos de goberno das CAG das Leis 7/1985, do 17 de xullo, e 6/1989, do 10 de maio (DOG nº 137, do 18 de xullo, e nº 100, do 26 de maio, respectivamente) e que foi modificada pola Lei 1/2004, do 21 de abril (DOG nº 77, do 22 de abril) e polo artigo 15 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro), así como o Decreto 77/1983, do 21 de abril, sobre dependencia orgánica e funcional das CAG (DOG nº 42, do 3 de maio), derogado no seu artigo 6.2 polo Decreto 271/1986, do 24 de xullo, sobre determinación de investimentos computables no coeficiente de investimento das CAG (DOG nº 178, do 15 de setembro).

Téñanse en conta tamén o Decreto 153/1989, do 27 de xullo, dos órganos rectores das CAG (DOG nº 148, do 3 de agosto), modificado polo Decreto 236/1996, do 14 de xuño (DOG nº 118, do 17 de xuño), polo Decreto 180/2002, do 23 de maio (DOG nº 100, do 27 de maio), e polo Decreto 276/2004, do 18 de novembro (DOG nº 234, do 1 de decembro), así como o Decreto 240/1998, do 24 de xullo, polo que se regula a figura do Valedor do Cliente das Caixas de Aforros (DOG nº 157, do 14 de agosto), o Decreto 270/1998, do 24 de setembro, polo que se desenvolve a organización e funcionamento da Oficina de Reclamacións de Clientes das caixas de aforros (DOG nº 195, do 7 de outubro), o Decreto 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico-social das caixas de aforros galegas (DOG nº 194, do 6 de outubro) e o Decreto 241/2000, do 29 de setembro, polo que se regula o procedemento sancionador aplicable ás caixas de aforro de Galicia.

Ó peche desta edición estase a tramitar un proxecto de decreto lexislativo polo que se aproba o Texto refundido das leis de caixas de aforros de Galicia, en virtude da autorización contida na disposición final segunda da Lei 1/2004, do 21 de abril (DOG nº 77, do 22 de abril).

³⁸ Véxase o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente (DOG nº 23, do 21 de marzo), modificado polo art. 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro).

- c) A autorización dos gastos propios da consellería, agás que aquela estea reservada ó Consello da Xunta.
- d) A proposta do pagamento de obrigas á Consellería de Economía e Facenda.
- e) As demais que lles confira a normativa legal vixente.

Artigo 9º.- Competencia dos organismos autónomos.

- 1.- Son funcións dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma no ámbito das súas respectivas competencias:
 - a) A elaboración do seu anteproxecto de orzamentos de gastos e ingresos.
 - b) A administración, xestión e recadación dos seus propios dereitos económicos.
 - c) A autorización dos gastos contidos nos seus orzamentos e a ordenación dos seus pagamentos.
 - d) As demais que lles atribúan as normas legais vixentes.
- 2.- O previsto no número 1 anterior enténdese sen prexuízo do que puidese establecerse no uso do disposto no artigo 11º 2.

Artigo 10º.- Prerrogativas.

Á Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias ás que se refire esta lei, corresponderanlle en todo momento as mesmas prerrogativas e idéntico trato fiscal que a lei teña establecidos para o Estado³⁹.

³⁹ Téñanse en conta os artigos 77 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro). Así mesmo, son de aplicación os artigos 33 a 43 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro (BOE nº 3, do 3 de xaneiro de 1991), modificado polo Real Decreto 448/1995, do 24 de marzo (BOE nº 74, do 28 de marzo), polo Real Decreto 161/1997, do 7 de febreiro (BOE nº 48, do 25 de febreiro), polo Real Decreto 111/2000, do 28 de xaneiro (BOE nº 25, do 29 de xaneiro), polo Real Decreto 208/2002, do 22 de febreiro (BOE nº 62, do 13 de marzo) e polo Real Decreto 1248/2003, do 3 de outubro (BOE nº 247, do 15 de outubro).

Artigo 11º.- Organismos autónomos⁴⁰.

- 1.- Para o exercicio da actividade económico-financeira, a Comunidade Autónoma de Galicia, no seo da súa propia Administración pública, poderá crear organismos autónomos⁴¹.

Os organismos autónomos son entes institucionais de dereito público que realizan funcións ou actividades da competencia da Comunidade Autónoma en réxime de descentralización administrativa. Terán personalidade xurídica e patrimonio propios, independentes dos da Xunta de Galicia, e poderán ser de dúas clases:

- a) Organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, que serán aqueles que realicen de forma principal actividades desta natureza ou calquera outra de carácter mercantil.
- b) Organismos autónomos administrativos, que serán todos aqueles nos que non concorra ningunha das circunstancias indicadas na alínea anterior.

⁴⁰ Artigos 9, 82, 93, 94, 106, 116 e 120 desta lei.

⁴¹ Os organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes:

- De natureza comercial, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril (DOG nº 88, do 10 de maio); o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril (DOG nº 88, do 9 de maio); e o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro (DOG nº 4, do 5 de xaneiro de 1995) coa denominación Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), modificada pola disposición adicional quinta da Lei Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro).

- De natureza administrativa, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio (DOG nº 103, do 2 de xuño); o Instituto Galego de Estatística (IGE), creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (DOG nº 148, do 3 de agosto); o Servizo Galego da Saúde (SERGAS), creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro (DOG nº 7, do 11 de xaneiro); a Academia Galega de Seguridade (AGS), creada pola Lei 4/1992, do 9 de abril (DOG nº 76, do 22 de abril); o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SEGAPIHOM), creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro (DOG nº 19, do 28 de xaneiro); o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro); e Augas de Galicia, creado pola Lei 8/1993, do 23 xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia (DOG nº 125, do 2 de xullo).

- 2.- A creación e supresión dos organismos autónomos realizarase por lei.
- 3.- Ós organismos autónomos seranlles aplicables os preceptos desta lei e os demais que se dicten sobre materias non reguladas nela, e gozarán das prerrogativas e dos beneficios fiscais que se establezan nas leis para as entidades públicas de tal natureza⁴².

Artigo 12º. - Sociedades públicas autonómicas⁴³.

- 1.- Son sociedades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos desta lei:
 - a) As sociedades mercantís no capital das cales exista participación maioritaria, directa ou indirecta, da Comunidade ou dos seus organismos autónomos e as demais entidades de dereito público da Comunidade Autónoma⁴⁴.

⁴² O cerne do réxime normativo autonómico está nos artigos 44 a 46 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril) e nos artigos 106 a 110, 115 e 116 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo). Véxanse tamén, como normativa supletoria, os capítulos I, II, IV e V do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (BOE nº 90, do 15 de abril).

⁴³ Artigos 83 a 86, 93, 94, 106, 116 e disposición adicional primeira desta lei.

⁴⁴ A Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 (DOG nº 253, do 30 de decembro), recolle as seguintes sociedades mercantís con participación pública maioritaria: TVG, S.A. e RTVG, S.A., integradas no orzamento do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia; a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.; a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.; Xestión Urbanística da Coruña, S.A.; Xestión Urbanística de Lugo, S.A.; Xestión Urbanística de Ourense, S.A.; Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.; S.A. de Xestión do Plan Xacobeo; S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia; S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia; Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.; Galicia Calidade, S.A.; S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia; Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.; Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.; Xenética Fontao, S.A.; Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., Xesgalicia-Sociedade Xestora de Entidades de Capital-Risco, S.A. e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.

Debe terse en conta, ademais, a sociedade Servicios Agrarios Galegos, S.A., creada o 16 de abril de 1997 polo Consello de Dirección do ILGGA (actual FOGGA). Os seus estatutos aprobáronse polo Decreto 266/1997, do 18 de setembro (DOG nº 188, do 30 de setembro).

- b) As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado⁴⁵.

2.- As sociedades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas normas de dereito mercantil, civil ou

45 Deben terse en conta os capítulos I, III, IV e V do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (BOE nº 90, do 15 de abril).

Os entes públicos que a Lei 13/2004 integra nos orzamentos para o ano 2005 son as seguintes: A Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), creada pola Lei 9/1984, do 11 de xullo (DOG nº 148, do 3 de agosto); o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño (DOG nº 122, do 26 de xuño); a Fundación Pública Hospital de Verín, creada por acordo do Consello da Xunta do 23 de agosto de 1993; o ente público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de novembro (DOG nº 243, do 20 de decembro); a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, creada pola disposición adicional da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia (DOG nº 125, do 2 de xullo); o Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño (DOG nº 133, do 12 de xullo); a Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía, creada polo acordo do Consello da Xunta do 2 de decembro de 1994; as fundacións Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira e Hospital Comarcal A Barbanza; o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, creado pola disposición adicional 5ª da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril); a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, creada por acordo do Consello da Xunta do 19 de decembro de 1997; a Fundación Foro Permanente Galego-Iberoamericano da Saúde, creada por acordo do Consello da Xunta do 19 de decembro de 1997; a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (061), creada por acordo do Consello da Xunta do 27 de maio de 1999; o Instituto Enerxético de Galicia, creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo (DOG nº 61, do 30 de marzo); a Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés; a Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia, creada por acordo do Consello da Xunta do 23 de decembro de 1999 e declarada de interese galego por Orde do 19 de xaneiro de 2000 (DOG nº 26, do 8 de febreiro); a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro) e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, creada pola Orde do 28 de maio de 1993 (DOG nº 108, do 9 de xuño) e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, creada polo Decreto 451/2003, do 26 de decembro (DOG nº 9, do 15 de xaneiro de 2004).

As fundacións públicas sanitarias constituídas pola Comunidade Autónoma transformáronse en fundacións de titularidade e natureza pública en virtude do disposto no Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 208, do 26 de outubro).

Finalmente, a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional foi creada como un ente de dereito público polo art. 37 da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

laboral, agás nas materias nas que lles sexa aplicable esta lei⁴⁶.

- 3.- A creación das sociedades ás que se refire a letra a) do número 1 anterior, así como os actos de adquisición ou perda da posición maioritaria, medida esta nos termos indicados na dita letra, requirirán acordo do Consello da Xunta⁴⁷.
- 4.- A actividade das sociedades públicas galegas coordinarase a Administración da Facenda pública da Comunidade, nos termos previstos nas leis⁴⁸.

Artigo 13º.- Convenios, acordos e transferencias.

- 1.- Nos convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos da súa exclusiva competencia, e nos acordos de cooperación que se subscriban a teor do disposto nos números 1 e 2 do artigo 35º do Estatuto de autonomía, deberán establecerse as cláusulas precisas para asegurar en todo momento a aplicación desta lei no caso de que se proceda a comprometer recursos da Facenda pública galega para o seu desenvolvemento.

⁴⁶ Téñase en conta a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (DOG nº 227, do 20 de novembro), modificada no seu artigo 9 pola disposición adicional cuarta da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro) así como a nova redacción do apartado 1 do artigo 2 e das disposicións adicionais sexta e décimosexta da Lei de contratos das Administracións Públicas, introducida pola Lei 62/2003, do 30 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro).

⁴⁷ Para a súa creación aplícanse os artigos 44 a 47 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril) e os artigos 106, 107 e 111 a 116 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo). (Véxase nota ó artigo 1.2.c) desta lei).

⁴⁸ Neste ámbito deben terse en conta os artigos 46.2 da Lei 3/1985, do 12 de abril, e 114 e seguintes do seu Regulamento, citados en nota anterior.

- 2.- Nos casos en que, conforme o disposto no artigo 36 do Estatuto de autonomía, se lle transfiran ou deleguen á Comunidade Autónoma facultades e competencias non asumidas nel, que pola súa natureza dean orixe ó manexo e á distribución dos fondos públicos, seranlle aplicables á xestión financeira dos ditos fondos os preceptos desta lei, sen prexuízo das formas de control que reserve o Estado para si.

TÍTULO I

Do contido da Facenda da Comunidade⁴⁹

CAPÍTULO I

Dos recursos

Artigo 14º.- Recursos da Facenda autonómica.

Constitúen dereitos económicos da Facenda pública galega⁵⁰:

- 1.- Os rendementos dos impostos, das taxas e das contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma⁵¹.

49 Con carácter xeral téñanse en conta os artigos 157 da Constitución e 42 a 55 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE nº 101, do 28 de abril). E tamén a Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas (BOE nº 236, do 1 de outubro), modificada pola Lei Orgánica 1/1989, do 13 de abril (BOE nº 90, do 15 de abril), pola Lei Orgánica 3/1996, do 27 de decembro (BOE nº 313, do 28 de decembro) e pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro). Así mesmo, téñase en conta a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiación das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía (BOE nº 313, do 31 de decembro), modificada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social (BOE nº 313, do 31 de decembro), pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro), e pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro).

50 Artigos 44 e 45 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

51 Os tributos da Comunidade Autónoma galega están regulados nas seguintes normas:

- En materia de xogo, na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora do xogo e apostas en Galicia (DOG nº 222, do 20 de novembro), modificada pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro) e na Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo (DOG nº 122, do 27 de xuño), que foi parcialmente derogada pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril).

A Orde do 30 de decembro de 2003 regula a presentación e o pagamento telemático da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo, tipo A especial, B ou C (DOG nº 4 do 8 de xaneiro) e a Orde do 22 de decembro de 2004 modifica os prazos de ingreso da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo tipo A especial, B ou C e se aproba o modelo de declaración-liquidación da taxa fiscal sobre o xogo realizado en casinos (DOG nº 252, do 29 de decembro).

- O canon de saneamento, na Lei 8/1993, do 23 de xuño, de Administración hidráulica de Galicia (DOG nº 125, do 2 de xullo), modificada polas Leis 6/1994, do 29 de decembro (DOG nº 251, do 30 de decembro), 1/1998, do 7 de abril (DOG nº 68, do 9 de abril),

- 2.- Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado⁵².
- 3.- A participación nos ingresos do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.
- 4.- As dotacións para a nivelación dos servizos mínimos.

6/1998, do 29 de decembro (DOG nº 252, do 31 de decembro), 7/1999, do 29 de decembro (DOG nº 252, do 31 de decembro) e 6/2002, do 27 de decembro (DOG nº 251, do 30 de decembro) de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1995, 1998, 1999, 2000 e 2003, respectivamente; pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo.

A primeira lei citada está desenvolvida, en relación ó canon, polo Decreto 8/1999, do 21 de xaneiro (DOG nº 20, do 1 de febreiro. Corrección de erros no DOG nº 35, do 20 de febreiro), modificado polo Decreto 265/2000, do 26 de outubro (DOG nº 218, do 10 de novembro).

- O imposto sobre a contaminación atmosférica, na Lei 12/1995, do 29 de decembro (DOG nº 249, do 30 de decembro), modificada pola Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003 (DOG nº 251, do 30 de decembro) e desenvolvida polo Decreto 29/2000, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica (DOG nº 34, do 18 de febreiro. Corrección de erros no DOG nº 67, do 5 de abril).

- As taxas, prezos e exaccións reguladoras, na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240, do 11 de decembro).

- 52 Téñanse en conta o artigo 157 da Constitución e a disposición adicional primeira do Estatuto de Autonomía para Galicia, modificada pola Lei 32/1997, do 4 de agosto, que se menciona máis abaixo.

Así mesmo, véxase a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiación das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía (BOE nº 313, do 31 de decembro), modificada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais (BOE nº 311, do 28 de decembro), pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medias fiscais, administrativas e da orde social (BOE nº 313, do 31 de decembro), pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro), e pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro).

Deben destacarse tamén a Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións de dita cesión (BOE nº 157, do 2 de xullo) e os artigos 2 e 3 da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril). Este último artigo foi modificado pola Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión (DOG nº 252, do 31 de decembro), pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro), pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro) e pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo (DOG nº 84, do 2 de maio), que a deroga parcialmente.

- 5.- O importe dos prezos derivados dos servizos prestados pola Comunidade ou pola concesión de canons por aproveitamentos especiais, xa sexan de propia creación⁵³ ou como consecuencia de traspasos dos servizos estatais.
- 6.- Os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial⁵⁴ ou doutros fondos de análoga natureza.
- 7.- As recargas sobre impostos estatais.
- 8.- Calquera outra asignación a favor da Comunidade Autónoma recollida nos orzamentos xerais do Estado ou nos doutros entes públicos.
- 9.- O produto da emisión da débeda pública e do recurso ó crédito⁵⁵.
- 10.- Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma⁵⁶.
- 11.- Os legados, as doazóns e calquera outro ingreso de dereito privado⁵⁷.

⁵³ Consúltase a nota ó artigo 14.1. Debe terse en conta a doutrina do Tribunal Constitucional sobre a fixación de prezos públicos polo uso privativo e o aproveitamento especial do dominio público, que prevé para ese caso a aplicación do principio de reserva legal, segundo a sentenza 185/1995, do 14 de decembro (BOE nº 11, do 12 de xaneiro de 1996). Esta doutrina constitucional está xa recollida na vixente Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240, do 11 de decembro).

⁵⁴ Téñase en conta a Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (BOE nº 313, do 31 de decembro).

⁵⁵ Artigos 28 a 39 da presente lei.

⁵⁶ Véxanse o artigo 68 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega (DOG nº 78, do 24 de abril) e o artigo 148 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril).

⁵⁷ En canto ós legados e doazóns, véxanse os artigos 858 a 891 e 618 a 658 do Código Civil. Así mesmo, os artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril) e os artigos 33, 34 e 38 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo). (Véxase nota ó artigo 1.2.c) desta lei).

En canto á sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma, consúltense os artigos 153 e 154 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia (DOG nº 107, do 6 de xuño), así como o Decreto 94/1999, do 25 de marzo, sobre réxime administrativo da sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 73, do 19 de abril).

- 12.- O produto das multas e sancións impostas no ámbito da súa competencia⁵⁸.
- 13.- Se é o caso, as participacións que establezan as leis nos ingresos por tributos do Estado para recupera-los custos sociais producidos por actividades contaminantes ou que deterioreen o medio ambiente ou que xeren riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia.
- 14.- As subvencións que poida recibir a Comunidade Autónoma.
- 15.- Calquera outro recurso de dereito público ou privado que obteña ou lle corresponda á Comunidade Autónoma.

Artigo 15º.- Destino.

Os recursos da Comunidade Autónoma galega e de cada un dos seus organismos autónomos estarán destinados a satisfacerlo conxunto das súas obrigas respectivas, salvo que por lei se estableza a súa afectación para fins determinados⁵⁹.

Artigo 16º.- Administración dos recursos.

- 1.- A administración xeral dos recursos da Facenda pública galega, así como a dirección e a coordinación xeral dos seus procedementos, correspóndenlle á Consellería de Economía e Facenda⁶⁰, cos controis que a lei estableza.

⁵⁸ Téñase en conta a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións (DOG nº 235, do 5 de decembro).

⁵⁹ Como exemplo desta afectación legal, véxanse o artigo 33.2 da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia (DOG nº 125, do 2 de xullo), o artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica (DOG nº 249, do 30 de decembro), e o artigo 42 da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 116, do 29 de agosto).

Sobre esta cuestión téñase en conta o artigo 4 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240, do 11 de decembro).

⁶⁰ Esta competencia xenérica tradúcese nas funcións encomendadas ós seus órganos de acordo co Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica

- 2.- Na mesma forma, correspóndelles ós órganos rectores dos organismos autónomos e demais entes públicos con personalidade xurídica propia a administración dos recursos específicos que lles correspondan para o cumprimento dos seus fins.
- 3.- As persoas ou entidades que teñan ó seu cargo a administración dos recursos da Facenda pública galega dependerán da Consellería de Economía e Facenda ou dos órganos de administración dos organismos autónomos, e demais entes públicos, en todo o relativo á súa xestión, aplicación e rendemento de contas.
- 4.- Estarán obrigadas á prestación de fianza aquelas persoas ou entidades que manexen fondos ou valores públicos, na contía e forma que determinen as disposicións regulamentarias⁶¹.

Artigo 17º.- Xestión dos tributos.

- 1.- A xestión, incluíndo tódalas fases do procedemento, dos tributos propios da Comunidade Autónoma, dos impostos cedidos e das recargas sobre impostos do Estado que poida establecer a Comunidade Autónoma axustarase:
 - a) Ás disposicións do Estatuto de autonomía⁶².
 - b) Ó disposto na presente lei.
 - c) Ás demais leis do Parlamento de Galicia.
 - d) Ás disposicións regulamentarias aprobadas pola Xunta en desenvolvemento desta lei e demais leis citadas⁶³.

da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 113, do 14 de xuño), modificado polo Decreto 247/2004, do 21 de outubro (DOG nº 211, do 29 de outubro).

61 Por exemplo, artigo 34 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona (DOG nº 50, do 13 de marzo. Corrección de erros do texto en castelán no DOG nº 56, do 21 de marzo).

62 Artigo 54 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

63 Téñanse en conta o Decreto 172/1992, do 26 de xuño, polo que se dictan normas para a xestión, liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma

- e) Ás normas de desenvolvemento que as leis ou os regulamentos lle autoricen dictar ó conselleiro de Economía e Facenda⁶⁴.
- f) Á Lei xeral tributaria⁶⁵ e ás disposicións dictadas no seu desenvolvemento, coa consideración de dereito supletorio nos casos nos que sexa preceptiva a súa aplicación.

2.- Na xestión dos tributos cedidos polo Estado terase en conta ademais o que dispoña a correspondente normativa⁶⁶.

de Galicia (DOG nº 124, do 30 de xuño. Corrección de erros no DOG nº 136, do 15 de xullo), así como o Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona (DOG nº 50, do 13 de marzo. Corrección de erros do texto en castelán no DOG nº 56, do 21 de marzo).

Non obstante, ó peche desta edición estase a tramitar un novo decreto polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, que derrogará o mencionado Decreto 172/1992, do 26 de xuño.

- 64 Consúltase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xuño de 1994 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 145, do 29 de xullo), modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 2 de abril de 1997 (DOG nº 72, do 16 de abril) e do 24 de marzo de 1998 (DOG nº 68, do 9 de abril). Os anexos I e II actualizáronse coa Resolución da Dirección Xeral de Tributos do 3 de abril de 2003 (DOG nº 78, do 23 de abril).

Polo que se refire á recadación en vía executiva, véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 8 de outubro de 1997 (DOG nº 205, do 23 de outubro).

En canto ós tributos cedidos, hai que contar coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 13 de xaneiro de 1993 pola que se dictan normas relativas á encomenda de funcións tributarias ás oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (DOG nº 14, do 22 de xaneiro), modificada no seu artigo 2º pola Orde do 4 de febreiro de 1998 (DOG nº 31, do 16 de febreiro). Así mesmo, a Orde do 5 de xuño de 2003 regula o procedemento para o pagamento e a presentación telemáticos das autoliquidacións correspondentes ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pola transmisión de determinados medios de transporte usados entre particulares (DOG nº 116, do 17 de xuño) e a Orde do 30 de abril de 2004 regula ese mesmo procedemento con carácter xeral (DOG nº 90 do 11 de maio).

Por último, respecto da inspección deben destacarse a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 5 de febreiro de 1997 pola que se desenvolve o Regulamento xeral da inspección de tributos no ámbito da competencia da Dirección Xeral de Tributos (DOG nº 33, do 18 de febreiro), así como a Resolución do 12 de febreiro de 1999 da Dirección Xeral de Tributos pola que se aproban os modelos de actas da Inspección da Facenda da Xunta de Galicia (DOG nº 38, do 24 de febreiro).

- 65 Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro).

- 66 Véxase nota ó artigo 14.2.

Artigo 18º. - Dispoñibilidade de bens e dereitos.

- 1.- A xestión dos bens patrimoniais e dos seus rendementos, tanto da Comunidade Autónoma coma dos seus organismos autónomos, axustarase ó disposto nas leis do Parlamento de Galicia aplicables en cada caso⁶⁷.
- 2.- Non poderán ser alleados, gravados nin arrendados os dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma, salvo nos supostos e nas condicións previstas nas leis⁶⁸.
- 3.- Tampouco se concederán exencións, condonacións, rebaixas nin moratorias no pagamento dos dereitos a favor da Facenda pública galega, salvo nos casos e na forma que se determinen nas leis.

Artigo 19º. - Garantías.

- 1.- Para realiza-lo cobro dos tributos e demais recursos de dereito público que lle correspondan, a Facenda pública galega estará en posesión das prerrogativas legalmente establecidas, gozando en todo momento das mesmas facultades e garantías cás demais administracións públicas de ámbito estatal ou territorial⁶⁹.

67 Téñanse en conta os artigos 60 a 68 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril), modificada pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril), e artigos 138 a 148 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo de 1989), modificado polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo (DOG nº 156, do 13 de agosto).

68 Véxanse os artigos 24 a 43 da citada Lei 3/1985 e os artigos 60 a 105 do seu regulamento.

69 Téñanse en conta os artigos 77 a 82 e 160 a 177 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro). Véxanse, así mesmo, os artigos 33 a 43 e 91 a 176 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro (BOE nº 3, do 3 de xaneiro de 1991. Corrección de erros no BOE nº 28, do 1 de febreiro), modificado polos Reais Decretos 448/1995, do 24 de marzo, 161/1997, do 7 de febreiro, 111/2000, do 28 de xaneiro, 208/2002, do 22 de febreiro e 1248/2003, do 3 de outubro (BOE nº 74, do 28 de marzo de 1995, nº 48, do 25 de febreiro de 1997, nº 25, do 29 de xaneiro de 2000, nº 62, do 13 de marzo de 2002 e nº 247, do 15 de outubro, respectivamente).

- 2.- As providencias de constrinximento acreditativas do descuberto ante a Facenda da Comunidade das débedas por tributos e demais ingresos de dereito público, expedidas polos funcionarios competentes segundo os regulamentos, serán títulos suficientes para iniciar o seu cobramento pola vía de constrinximento e terán a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e os dereitos dos debedores.⁷⁰
- 3.- A efectividade dos dereitos da Facenda da Comunidade non recollidos no número 1 do artigo 21º esixirase de acordo coas normas de procedemento aplicables en cada caso.

Artigo 20º.- Suspensión do procedemento de constrinximento.

- 1.- En ningún caso se poderán suspender os procedementos administrativos de constrinximento⁷¹ en virtude de recursos interpostos polos interesados, se non se realiza o pagamento do débito, se consigna o seu importe ou se garante este na forma regulamentariamente establecida⁷².
- 2.- Se contra os ditos procedementos se establecesen reclamacións en concepto de tercería⁷³ ou por outra acción de carácter civil, por persoa que non teña ningunha responsabilidade coa Facenda da Comunidade en virtude de obriga ou xestión propia ou transmitida, suspenderanse os ditos procedementos só na parte que se refira ós bens ou dereitos controvertidos, unha vez que se efectuase o seu embargamento ou, se é o caso, a súa anotación preventiva

⁷⁰ Apartado modificado polo artigo 9 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro). Na súa anterior redacción, principiaba así: "As certificacións acreditativas do descuberto..."

⁷¹ Artigo 101 do Regulamento xeral de recadación e 165 da Lei 58/2003, disposicións citadas en nota ó artigo 19.

⁷² En relación á garantía, téñase en conta a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 25 de outubro de 1996 pola que se fixa determinada contía en relación coa suspensión automática dos actos de contido económico (DOG nº 233, do 28 de novembro).

⁷³ Artigos 171 a 176 do Regulamento xeral de recadación e 165 da Lei 58/2003 (Véxase nota ó artigo 19).

no rexistro público correspondente, e substanciarase este incidente na vía administrativa como trámite previo á xudicial⁷⁴.

- 3.- Cando as reclamacións formuladas en vía administrativa fosen denegadas, proseguirá o procedemento de constrinximento a non ser que da execución poidan derivarse prexuízos de imposible ou difícil reparación; en tal caso a Administración pública poderá acorda-la suspensión daquel, sempre que se adopten as medidas regulamentarias de aseguramento dos respectivos créditos.
- 4.- Así mesmo poderá suspenderse o procedemento de constrinximento sen os requisitos establecidos no punto I deste artigo se o interesado demostra que existiu no seu prexuízo erro material ou aritmético na determinación da débeda que se lle esixa.
- 5.- Poderán aprazarse ou fraccionarse as cantidades debidas á Facenda da Comunidade nos casos e cos procedementos que regulamentariamente se establezan⁷⁵. As ditas cantidades devengarán xuros de demora e deberán garantirse excepto nos casos seguintes:
 - a) Cando sexan inferiores á cifra que, por norma xurídica de rango suficiente, fixe a Consellería de Economía e Facenda⁷⁶.
 - b) Cando o debedor careza de bens ou créditos suficientes para garanti-la débeda e a execución do seu patrimonio

⁷⁴ Artigos 120 a 124 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro. Corrección de erros no BOE nº 23, do 27 de xaneiro de 1993).

⁷⁵ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 5 de febreiro de 1997 pola que se determinan as competencias en materia de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento (DOG nº 30, do 13 de febreiro), modificada pola Orde do 17 de febreiro de 2003 (DOG nº 42, do 28 de febreiro).

⁷⁶ Nesta materia aplícase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 17 de febreiro de 2003, pola que se modifica a contía das débedas para as que non se esixirá garantía nas solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago e a competencia para a súa concesión (DOG nº 42, do 28 de febreiro).

afectase ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade do sector económico respectivo, ou ben producise graves crebas para o interese da Comunidade Autónoma, se así o acorda o conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 21º.- Xuros de demora.

- 1.- As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma devengarán intereses de demora desde o día seguinte ó do seu vencemento. Inclúense neste apartado as cantidades recadadas a través de entidades colaboradoras, contas restrinxidas, oficinas liquidadoras e demais entidades recadadoras por conta da Facenda da Comunidade que non sexan ingresadas polas ditas entidades na Tesourería nos prazos establecidos.
- 2.- Agás o establecido en leis especiais, o xuro de mora resultará da aplicación, para cada ano ou período dos que integran o período de cálculo, do xuro legal fixado na Lei de orzamentos do Estado⁷⁷ para os devanditos exercicios.⁷⁸

Artigo 22º.- Integridade da Facenda.

- 1.- Non se poderá transixir⁷⁹ sobre os dereitos da Facenda da Comunidade, nin someter a arbitraje⁸⁰ as contendas que se

⁷⁷ Para o ano 2005, véxase a disposición adicional quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado (BOE nº 312, do 28 de decembro).

⁷⁸ Apartado modificado polo artigo 10 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro). A redacción anterior era:

“O interese de demora será o interese legal do diñeiro vixente no día que venza o prazo sinalado no número anterior, sen prexuízo do establecido en leis especiais.”

⁷⁹ Téñase presente o artigo 38 do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo (DOG nº 153, do 8 de agosto).

⁸⁰ Por exemplo, o Decreto 220/1994, do 7 de xullo, polo que se acorda o sometemento a arbitraje dos conflitos derivados do contrato de adquisición de accións de SODIGA (DOG nº 134, do 13 de xullo) e o Decreto 429/2003, do 5 de decembro, polo que se acorda o sometemento a arbitraje dos conflitos que poidan derivarse dos contratos de

susciten respecto deles, senón mediante decreto acordado pola Xunta de Galicia.

- 2.- A subscrición pola Facenda da Comunidade dos acordos de convenios en procesos concursais previstos na Lei de axuizamento civil⁸¹ e na Lei de suspensión de pagamentos⁸² requirirá unicamente autorización do conselleiro de Economía e Facenda.
- 3.- Os actos e contratos realizados en prexuízo da Facenda da Comunidade polos que resulten debedores dela serán rescindibles conforme as disposicións legais que lles sexan aplicables.

Artigo 23º.- Prescrición.

- 1.- Salvo o establecido polas leis reguladoras dos diferentes recursos, prescribirá ós cinco anos o dereito da Facenda da Comunidade:
 - a) A recoñecer ou liquidar créditos ó seu favor, computándose o citado prazo desde o día no que o dereito puido exercitarse.
 - b) Ó cobro dos créditos recoñecidos ou liquidados, que se contará desde a data da súa notificación ou, se esta non fose preceptiva, desde o seu vencemento.

préstamo co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa (DOG nº 240, do 11 de decembro).

- 81 Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil (BOE nº 7, do 8 de xaneiro. Corrección de erros no BOE nº 90, do 14 de abril e nº 180, do 28 de xullo de 2001), modificada pola Lei 39/2002, do 28 de outubro (BOE nº 259, do 29 de outubro), pola Lei 22/2003, do 9 de xullo, (BOE nº 164, do 10 de xullo), pola Lei 23/2003, do 10 de xullo (BOE nº 165, do 11 de xullo), pola Lei 41/2003, do 18 de novembro (BOE nº 277, do 19 de novembro), pola Lei 42/2003, do 21 de novembro (BOE nº 280, do 22 de novembro), pola Lei 59/2003 do 19 de decembro (BOE nº 304, do 20 de decembro), pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro (BOE nº 309, do 26 de decembro) e pola Lei 60/2003, do 23 de decembro (BOE nº 309, do 26 de decembro), polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro (BOE nº 267, do 5 de novembro) e pola Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro (BOE nº 313, do 29 de decembro).
- 82 Véxase a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (BOE nº 164, do 10 de xullo), que derroga a Lei de suspensión de pagamentos do 26 de xullo de 1922.

- 2.- En todo caso, o prazo de prescrición a que se refire o punto anterior será de catro anos para tódolos recursos derivados dos tributos propios da Comunidade Autónoma⁸³.
- 3.- A prescrición quedará interrompida:
 - a) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia perante o Ministerio Fiscal, así como polas actuacións realizadas con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora no curso dos devanditos recursos.⁸⁴
 - b) Por calquera actuación do obrigado conducente ó recoñecemento, á liquidación ou ó pagamento da débeda.
 - c) Por calquera acción administrativa, realizada con coñecemento formal do obrigado, conducente ó recoñecemento, á liquidación ou ó cobramento da débeda.⁸⁵
- 4.- Os dereitos declarados prescritos serán dados de baixa en contas, logo da tramitación do oportuno expediente, no que, se é o caso, se declarasen as responsabilidades a que

⁸³ Véxase a disposición adicional terceira desta lei e a súa anotación.

⁸⁴ Letra modificada polo artigo 11 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro). A súa anterior redacción era:

“a) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase”.

⁸⁵ Punto modificado polo artigo 15 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro). A redacción anterior era:

“A prescrición quedará interrompida:

- a) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase.
- b) Se o debedor recoñecese fidedignamente a débeda.
- c) Se a administración esixise directamente o seu pagamento por escrito”.

houbese lugar, salvo que procedese a súa tramitación en peza separada na forma disposta no título VI desta lei.

- 5.- Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para que poida dispoñer-la non liquidación de débedas ou a anulación e baixa en contabilidade de débedas xa liquidadas cando a súa execución resulte antieconómica. Para estes efectos, a dita consellería determinará previamente o límite cuantitativo no que se considere que se produce tal efecto⁸⁶.

CAPÍTULO II

Das obrigas

Artigo 24º.- Nacemento e esixibilidade.

- 1.- As obrigas económicas da Comunidade e dos seus organismos autónomos nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos e feitos que, conforme a dereito, as xeren⁸⁷.
- 2.- O pagamento das obrigas só lle será esixible á Facenda da Comunidade na medida que resulte da execución dos seus orzamentos, de sentenza xudicial firme ou de operacións de Tesourería legalmente autorizadas.
- 3.- Cando as ditas obrigas teñan por causa prestacións ou servicios á Administración da Comunidade, o pagamento non poderá realizarse mentres o acredor non cumpra ou garanta⁸⁸, conforme a lei, a súa respectiva obriga.

⁸⁶ Orde da Consellería de Economía e Facenda do 19 de febreiro de 1999 pola que se desenvolve o artigo 23.5 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario, en relación con determinadas liquidacións tributarias (DOG nº 43, do 3 de marzo).

⁸⁷ Artigos 1.089 e seguintes do Código Civil.

⁸⁸ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 12 de xaneiro de 1987, sobre constitución de depósitos e fianzas nas delegacións da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 31, do 16 de febreiro). Así mesmo, a Instrucción da Subdirección Xeral do Tesouro do 25 de marzo de 1994 pola que se establecen normas para a devolución á banca oficial ou privada, ás mutualidades profesionais ou ás entidades de seguros autorizadas para operar no ramo da caución, dos depósitos ou fianzas en documento de

Artigo 25º.- Inembargabilidade.

- 1.- Os tribunais, xuíces e autoridades administrativas non poderán despachar nin dictar mandamento de execución ou providencia de embargamento contra os dereitos, fondos, valores e demais bens da Facenda da Comunidade.
- 2.- O cumprimento das resolucións que determinen obrigas a cargo da Comunidade ou dos seus organismos autónomos corresponderalle exclusivamente á autoridade administrativa que sexa competente. Se non existise crédito no orzamento en vigor ou fose insuficiente o dispoñible, solicitarase do Parlamento, dentro dos tres meses seguintes á notificación da resolución, a concesión dun crédito extraordinario ou dun suplemento de crédito⁸⁹.

Artigo 26º.- Xuros.

Se o pagamento das obrigas da Comunidade non se lle fixese efectivo ó acreedor no prazo dos tres meses seguintes ó día da notificación da resolución xudicial ou do recoñecemento da propia obriga, este terá dereito ó aboamento dos correspondentes xuros de demora sobre a cantidade debida ó tipo establecido no número 2 do artigo 21º sempre que reclame por escrito o cumprimento da obriga⁹⁰.

aval, constituídos na Caixa de Depósitos de servios centrais ou nas tesourerías das delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda, unha vez cancelados (DOG nº 69, do 12 de abril).

⁸⁹ Artigo 62 da presente lei.

⁹⁰ Como norma especial téñase en conta o artigo 99 do Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (BOE nº 148, do 21 de xuño. Corrección de erros no BOE nº 227, do 21 de setembro), na redacción dada pola disposición final 1.1 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 314, do 30 de decembro).

Artigo 27º.- Prescripción.

- 1.- Salvo o establecido nas leis especiais, prescribirán ós cinco anos:
 - a) O dereito ó recoñecemento ou á liquidación de toda obriga, computándose o prazo desde o momento no que esta sexa esixible conforme a dereito.
 - b) O dereito a esixi-lo pagamento das obrigas recoñecidas ou liquidadas. O prazo contarase desde a data de notificación do recoñecemento ou da liquidación da respectiva obriga.
- 2.- O pedimento por escrito do recoñecemento ou do cumprimento da obriga, ou da efectividade do seu pagamento, por parte dos acredores lexítimos, ou dos que se subroguen nos seus dereitos, mediante a presentación dos documentos xustificativos do seu dereito, interromperá a prescripción, segundo o disposto no Código civil⁹¹, salvo o establecido en leis especiais.
- 3.- As obrigas que prescribisen serán dadas de baixa nas contas respectivas, logo de tramitación do oportuno expediente.

91 Artigos 1.930 e seguintes do Código Civil.

TÍTULO II**Das operacións de endebedamento⁹²****CAPÍTULO I****Das operacións de endebedamento**

Artigo 28º.- Endebedamento.

Constitúe o endebedamento público os capitais tomados a préstamo pola Xunta de Galicia ou polos seus organismos autónomos. A emisión de débeda pública ou a concertación doutras operacións de crédito, a súa administración, conversión ou extinción, así como a prescrición dos capitais e dos seus xuros, regularanse polas disposicións desta lei⁹³.

Artigo 29º.- Denominación e autorización.

- 1.- As operacións de crédito e a emisión de débeda pública poderanas levar a cabo a Comunidade ou os seus organismos autónomos, recibindo no primeiro caso a denominación de «Débeda da Comunidade Autónoma de Galicia» e no segundo a de «Débeda dos organismos autónomos».
- 2.- O endebedamento, tanto da Comunidade Autónoma coma dos seus organismos autónomos, terá que ser autorizado por

⁹² A denominación correcta deste título debería de ser "Das operacións de endebedamento e das garantías", dado o contido dos seus dous capítulos.

⁹³ Artigos 47 e 48 do Estatuto de Autonomía para Galicia e artigo 14 da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas (BOE nº 236, do 1 de outubro), modificado pola disposición adicional única da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria (BOE nº 299, do 14 de decembro). A obriga de adopta-lo euro como unidade de conta no mercado da débeda pública en anotacións, imposta pola Lei 46/1998, do 17 de decembro, de introducción do euro (BOE nº 302, do 18 de decembro), determinou a aprobación do Decreto 367/1998, do 23 de decembro, polo que se acorda a redenominação a euros da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia rexistrada na central de anotacións do Banco de España e se establece o procedemento para levala a cabo (DOG nº 251, do 30 de decembro).

lei, a cal, sen prexuízo de fixar calquera outra característica das operacións de endebedamento por realizar, deberá sinala-lo importe máximo autorizado⁹⁴. A Xunta de Galicia poderá determinar ó longo do período de autorización límites inferiores ó dito importe se así o aconsellasen circunstancias de política económica.

Artigo 30º.- Destino.

- 1.- A débeda e demais operacións de crédito concertadas pola Comunidade ou polos seus organismos autónomos por prazo superior a un ano destinaranse exclusivamente ó financiamento de gastos de capital.
- 2.- A contía das anualidades de amortización, incluído capital e xuros, non poderá exceder do 25% dos ingresos correntes previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma en cada ano.

Artigo 31º.- Débeda de Tesourería.

- 1.- No endebedamento que a Comunidade Autónoma leve a cabo con persoas físicas ou xurídicas para atender necesidades transitorias de Tesourería, calquera que sexa a forma como se documente, o prazo de reembolso será inferior a un ano.

Na lei de orzamentos de cada ano autorizarase o límite máximo destas operacións para cada exercicio.

- 2.- O produto da débeda de Tesourería a que se refire o número anterior contabilizarase independentemente nas contas de operacións do Tesouro. Os gastos e xuros que motive seranlle imputados ó orzamento da Comunidade

⁹⁴ Sobre esta materia hai previsións específicas nas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma, que son aplicadas polo Consello da Xunta a través dos decretos anuais de endebedamento da Comunidade Autónoma correspondentes a cada exercicio económico.

antes do peche do exercicio, e á devandita débeda seralle aplicable, de proceder, o establecido nos artigos 38 e 39 desta lei.

- 3.- En todo caso, a partir do momento no que o montante total anual destas operacións transitorias exceda do 5% do estado de gastos, deberáselle dar conta trimestralmente ó Parlamento da evolución daquelas.

Artigo 32º.- Importe máximo.

- 1.- Nas autorizacións de endebedamento incluídas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade e noutras leis especiais, o importe máximo autorizado deberá entenderse, agás disposición contraria, como variación neta da posición debedora da Comunidade ou de cada un dos organismos autónomos ós que a dita autorización se refira, computada ó remate do período ó que se estenda a autorización.
- 2.- Queda excluído do disposto no parágrafo anterior a débeda de Tesourería a que se refire o artigo 31º.

Artigo 33º.- Autorización da emisión ou contracción.

- 1.- As emisións de débeda pública ou operacións de crédito que realicen a Comunidade ou os seus organismos autónomos terán que ser autorizadas, en todo caso, polo conselleiro de Economía e Facenda dentro dos límites sinalados pola lei, ó que lle corresponderá así mesmo autoriza-las súas características técnicas e o seu tipo de xuro, se estes non fosen determinados pola súa lei de creación.

Tales actos de endebedamento, cando este teña un prazo de vencemento superior a un ano, poderán ser formalizados dentro do exercicio orzamentario no que a lei autorice a súa creación ou do exercicio seguinte.

- 2.- Cando se trate de conseguir unha mellor administración da débeda pública emitida ou das operacións de crédito

formalizadas, a Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá acorda-la súa conversión ou renegociación, e daralle conta ó Parlamento de Galicia dentro dos trinta días seguintes e sempre que non se altere o equilibrio financeiro daquelas, nin se prexudiquen, se é o caso, os dereitos económicos dos posuidores.

Artigo 34º.- Contabilización.

Sen prexuízo do disposto no artigo 36, o produto das emisións continuas de títulos de pagamento ou calquera outro título emitido pola Comunidade Autónoma con vencemento igual ou inferior a dezoito meses, así como o importe das amortizacións destes, contabilizaranse independentemente en contas de Tesourería, aplicándose o saldo neto das ditas operacións, ó remate do exercicio orzamentario, ó orzamento da Comunidade.

Os gastos por xuros ou de calquera outra natureza derivados da súa emisión ou amortización aplicaranse ó orzamento seguindo as normas xerais determinadas nesta lei.

Artigo 35º.- Subscrición e transmisión.

- 1.- A débeda pública poderá estar representada por títulos-valores ou calquera outro documento que formalmente a recoñeza.
- 2.- Na subscrición e transmisión da débeda pública negociable só será preceptiva a intervención de fedatario público cando aquela estea representada por títulos-valores e así o dispoña a lexislación aplicable a estes. Non será preceptiva, en todo caso, para as operacións con títulos de pagamento ou títulos análogos emitidos pola Comunidade ou os seus organismos autónomos nos que os títulos-valores se extingan pola súa transformación en anotacións en conta.

Artigo 36º.- Aplicación orzamentaria.

O produto que se obteña da débeda pública e demais operacións de crédito, así como a súa amortización e xuros, aplicarase ó orzamento da Comunidade ou dos seus organismos autónomos correspondentes, sen prexuízo do disposto no artigo 34º.

Artigo 37º.- Competencia e atribucións do conselleiro de Economía e Facenda.

Coas limitacións que se derivan do contido do presente capítulo, facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para:

- 1.- Proceder a autoriza-la emisión ou contracción de débeda pública e demais operacións de crédito da Comunidade ou dos seus organismos autónomos respectivos, determinando a súa representación en títulos-valores, títulos de pagamento ou outros documentos que formalmente a recoñezan; sinalar ou concerta-lo seu prazo, tipo de xuro e demais características; e formalizar, se é o caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións, podendo delega-la dita representación nun funcionario da consellería cando a formalización da operación se realice no estranxeiro.
- 2.- Utilizar para a colocación de emisións de débeda pública calquera técnica financeira relativa á súa oferta, xuros, prazo ou calquera outra condición delas, sempre que o seu uso non represente a creación de situacións distintas ás derivadas das prácticas usualmente aceptadas nos mercados financeiros.
- 3.- Proceder de acordo coas condicións da emisión ou da contracción, ou de mutuo acordo cos acredores, ó reembolso anticipado total ou parcial da débeda pública ou dos préstamos concertados ou á modificación dalgunha das

súas condicións cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen⁹⁵.

- 4.- Calquera outra operación usual no mercado financeiro, sempre que non prexudique os acredores ou se realice de común acordo con estes e non estea expresamente excluída pola normativa aplicable.
- 5.- Encomendárle-lo exercicio das facultades expostas nos números anteriores en relación coa débeda pública emitida ou contraída polos organismos autónomos ós seus correspondentes órganos rectores.

Artigo 38º.- Beneficios.

- 1.- A débeda pública da Comunidade gozará dos mesmos beneficios cá débeda pública do Estado e suxeitarase ás demais normas que lle sexan aplicables segundo a súa modalidade e características, e conforme o previsto polas leis.
- 2.- Ós títulos ó portador da débeda pública que fosen roubados ou furtados, ou que sufrisen extravío ou destrución, seralles aplicable o procedemento previsto pola lexislación mercantil⁹⁶, agás que se dictasen procedementos administrativos especiais que total ou parcialmente substituísen a aquel.

Artigo 39º.- Prescrición.

A obriga de reembolso dos capitais da débeda pública e o pagamento dos seus xuros prescribirán de acordo co

⁹⁵ En exercicio desta competencia dictouse a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 1998 pola que se eliminan os valores nominais unitarios da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia anotada e as tenzas individuais de débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia anotada constituídas por valores do mesmo código valor se convirten en tenzas de saldos nominais (DOG nº 233, do 1 de decembro).

⁹⁶ Artigos 547 a 572 do Código de Comercio.

procedemento e cos prazos establecidos pola normativa vixente para a débeda pública do Estado⁹⁷.

CAPÍTULO II

Das garantías

Artigo 40º.- Garantía por aval⁹⁸.

- 1.- A Comunidade Autónoma poderá afianza-las obrigas derivadas de créditos concertados por persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, con domicilio social en Galicia, mediante o outorgamento do correspondente aval da Tesourería, na forma establecida nesta lei.
- 2.- Os citados avais autorizaraos a Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 41º.- Importe.

O importe máximo dos avais que poderá concede-la Comunidade Autónoma durante o ano será determinado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade.

Artigo 42º.- Beneficiarios.

- 1.- A Comunidade Autónoma poderá avala-las operacións de crédito que a favor dos seus organismos autónomos, sociedades públicas e corporacións locais sitas no seu territorio concedan as entidades de crédito legalmente establecidas.

⁹⁷ Artigo 105 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro).

⁹⁸ Artigo 118.2 desta lei.

Así mesmo poderalles prestar un segundo aval ás empresas privadas que teñan fixado o seu domicilio social ou a radicación dos seus negocios en Galicia.

- 2.- Os créditos avalados na forma indicada no número anterior, no caso de que os beneficiarios sexan empresas privadas, soamente poderán ter como finalidade financeira-la creación, reconversión e reestructuración de medianas e pequenas empresas que, mediante a presentación dun plan económico-financeiro, demostren a capacidade e o dimensionamento necesario para facer viable a súa continuidade. Neste suposto cada aval individualizado non poderá exceder do 2% do límite global autorizado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade.
- 3.- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma controlará a debida aplicación dos créditos avalados⁹⁹.

Trimestralmente daráselle conta ó Parlamento dos avais existentes, dos novos avais concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos ós que a Tesourería da Comunidade lles tivese que facer fronte.

Artigo 43º.- Obrigas.

- 1.- Os avais outorgados pola Comunidade Autónoma¹⁰⁰ terán carácter subsidiario e obrigarán á súa Tesourería polo importe do principal e dos xuros só no caso de non poder satisfacelos o debedor principal ou o primeiro avalista.

⁹⁹ Artigo 94.3 da presente lei.

¹⁰⁰ Para responder dos avais concedidos a Comunidade Autónoma conta coa aplicación orzamentaria "Fondo de garantía de avais" na sección 23 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A dotación dese fondo regúlase xenericamente no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1997 (DOG nº 254, do 31 de decembro). O dito artigo ten vixencia permanente, de acordo co disposto na disposición derradeira segunda da citada lei.

- 2.- Poderá converterse a renuncia ó beneficio de excusión previsto no artigo 1.830 do Código civil se se garantisen créditos concertados polos seus organismos autónomos e entes públicos, corporacións locais existentes no seu territorio ou, para cada caso, se se autorizase a dita renuncia por lei do Parlamento de Galicia.
- 3.- Os avais outorgados pola Comunidade Autónoma documentaranse na forma na que regulamentariamente se determine¹⁰¹ e devengarán a favor da súa Tesourería a comisión que para cada caso se estableza.

Artigo 44º.- Autorización legal.

Para a concesión de calquera outra forma de aval da non prevista no presente capítulo será precisa autorización mediante a correspondente lei, a que determinará polo menos a identidade dos avalados e o límite e prazo do correspondente aval.

Artigo 45º.- Avais dos organismos autónomos.

- 1.- Os organismos autónomos e entes públicos poderán prestar avais dentro do límite máximo fixado con esta finalidade para cada exercicio pola correspondente lei de orzamentos xerais, sempre que os beneficiarios sexan sociedades públicas ou mercantís no capital das cales participen. Dos avais que concedan, así como da situación dos existentes, deberán renderlle conta anual á Consellería de Economía e Facenda.

Sen embargo, o Instituto Galego de Promoción Económica¹⁰² poderá conceder avais, dentro do límite máximo fixado, a

¹⁰¹ Téñase en conta o Decreto 213/1983, do 9 de novembro, polo que se aproban as normas e modelos relativos á prestación de avais pola Xunta de Galicia (DOG nº 177, do 26 de novembro).

¹⁰² Véxase o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (DOG nº 190, do 30 de setembro), modificado polo Decreto 132/1995, do 10 de maio (DOG nº 92, do 15 de maio), e polo Decreto 302/1999, do 17 de novembro (DOG nº 228, do 25 de novembro). O número 5º do artigo 2 foi

aquelas empresas privadas, participadas ou non por este instituto, e para aquelas operacións que reúnan as condicións e cumpran os requisitos que se establezan por acordo do Consello da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Economía e Facenda. O citado acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, ós avais concedidos en virtude deste artigo deberá dárseles publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

- 2.- Os avais así concertados cumprirán as condicións establecidas no artigo 43º.1 desta lei, salvo acordo da Xunta no que autorice a renuncia do beneficio de excusión previsto no artigo 1.830º do Código civil.

desenvolto pola Orde da Consellería de Economía e Facenda do 17 de decembro de 1999 (DOG nº 248, do 27 de decembro).

Téñase en conta tamén o acordo da Comisión Delegada da Xunta en Galicia para Asuntos Económicos do 10 de maio de 1995 sobre criterios para a concesión de avais por parte do Igape, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 10 de xullo de 1995 (DOG nº 137, do 18 de xullo).

TÍTULO III

Dos orzamentos xerais da comunidade autónoma

CAPÍTULO I

Contido e aprobación¹⁰³

Artigo 46º.- Concepto.

- 1.- Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática:
 - a) Das obrigas que, como máximo, se poderán recoñecer e os dereitos que se prevexan liquidar por parte da Comunidade e dos seus organismos autónomos durante o exercicio orzamentario.
 - b) Dos obxectivos que se pretendan conseguir coa utilización dos recursos financeiros consignados neles.
 - c) Das estimacións dos fluxos financeiros das sociedades públicas.
 - d) Da totalidade dos gastos e ingresos dos demais entes públicos.
 - e) Dos beneficios fiscais estimados.
- 2.- Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma enmarcaranse nun escenario plurianual que conteña as liñas básicas da actuación a medio prazo do sector público galego.
- 3.- Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma presentaranse e aprobaranse de forma que os estados de gastos non superen os recursos totais previstos nos respectivos estados de ingresos.

¹⁰³ Artigo 53 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE nº 101, do 28 de abril).

- 4.- Logo de autorización do conselleiro de Economía e Facenda poderán xestionarse como operacións extra orzamentarias aquelas nas que a actividade da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil se limite á realización de funcións de intermediación na súa xestión¹⁰⁴.

Artigo 47º.- O exercicio orzamentario.

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural¹⁰⁵ e a el imputaráselle:

- a) Os dereitos liquidados no seu transcurso, calquera que sexa o período ó que correspondan.
- b) As obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro do correspondente exercicio, como consecuencia de adquisicións, obras, subministracións, prestacións de servicios ou outro tipo de gastos realizados con cargo ós créditos respectivos dentro do correspondente ano natural, sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 60º.

Artigo 48º.- Contido.

- 1.- Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados:

¹⁰⁴ Artigo modificado polo artigo 13 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG nº 251, do 29 de decembro). A súa redacción anterior era:

“Logo da autorización do conselleiro de Economía e Facenda poderán xestionarse e contabilizarse como operacións extraorxamentarias aquelas nas que a actividade da Comunidade e dos seus organismos autónomos se limite á realización de funcións de intermediación na súa xestión”.

¹⁰⁵ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG nº 34, do 19 de febreiro. Corrección de erros no DOG nº 43, do 4 de marzo), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro). Véxase tamén o Decreto 63/1987, do 17 de marzo, sobre obrigas de exercicios pechados e sobre imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en anos anteriores (DOG nº 61, do 31 de marzo).

- a) Polo orzamento da Comunidade.
- b) Polos orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Polos orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas.
- d) Polos orzamentos dos demais entes públicos a que fai referencia o artigo 12º desta lei.

2.- Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma conterán:

- a) Os estados de gastos, nos que se especificarán na forma establecida os créditos necesarios para darlles cumprimento ás obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que se detallarán as estimacións dos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio orzamentario.
- c) Os estados financeiros dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros a que fai referencia o artigo 11º desta lei.
- d) Os estados financeiros das sociedades públicas.

Artigo 49º.- Estructura.

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma axustaranse, en canto á súa estrutura, ás seguintes regras:

Primeira

- a) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando unha clasificación funcional por programas. Así mesmo, as clasificacións orgánica e económica informarán, respectivamente, sobre o axente que realiza o gasto e a súa natureza¹⁰⁶.

¹⁰⁶ Sobre as clasificacións orzamentarias véxase a orde anual da Consellería de Economía e Facenda pola que se establece a normativa a seguir para a confección dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

- b) Para cada programa de gasto estableceranse os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignen, así como sempre que sexa posible os indicadores de seguimento que se consideren adecuados para analiza-lo grao de consecución destes.
- c) Presentaranse con separación os gastos correntes e os gastos de capital, e a súa clasificación económica rexerase polos seguintes criterios:
 - 1.- Nos créditos para gastos correntes distinguíranse os de funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
 - 2.- Nos créditos para gastos de capital distinguíranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Segunda

Os estados de ingresos presentarán unha clasificación económica distinguindo os correspondentes a operacións correntes e a operacións de capital.

Artigo 50º.- Competencias das consellerías.

- 1.- Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda determinar con carácter xeral as estruturas básicas dos orzamentos e os demais estados financeiros correspondentes á Comunidade, ós seus organismos autónomos e ós demais entes e sociedades públicas¹⁰⁷.
- 2.- As distintas consellerías adoptarán as ditas estruturas básicas e desenvolveranas en función das súas propias necesidades

¹⁰⁷ Debe terse en conta a orde anual da Consellería de Economía e Facenda pola que se establece a normativa a seguir para a confección dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

de xestión e das dos organismos autónomos, entes e sociedades públicas a elas adscritas.

- 3.- Os obxectivos e indicadores de seguimento ós que fai referencia o artigo 49. Primeira. b) estableceranos as consellerías, os organismos autónomos e demais entes públicos, de acordo coa Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 51º.- Elaboración dos orzamentos xerais.

O procedemento para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma axustarase ás seguintes normas:

- 1.- Os órganos estatutarios da Comunidade Autónoma e as consellerías remitiranlle á de Economía e Facenda antes do 1 de xullo os seus respectivos estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta.
- 2.- Dentro do mesmo prazo e coas mesmas formalidades indicadas no punto anterior, cada unha das consellerías remitirá:
 - a) Os anteprojectos de orzamentos de gastos e ingresos dos organismos autónomos que teñan adscritos, formando un só orzamento para cada organismo, incluíndo nos que teñan carácter comercial, industrial ou financeiro os estados financeiros a que fai referencia o artigo 82º da presente lei.
 - b) Os anteprojectos de orzamentos de ingresos e gastos dos entes públicos ós que fai referencia o artigo 12º desta lei que lle estean adscritos.
 - c) Os anteprojectos de orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas que teñan adscritas.
- 3.- O anteprojecto de orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma no que se recolla a estimación dos recursos

derivados das súas fontes xerais de financiamento elaborarao a Consellería de Economía e Facenda.

- 4.- Tendo en conta os estados de ingresos e gastos mencionados e o marco macroeconómico no que se conteña a previsible actividade económica do exercicio orzamentario seguinte, a Consellería de Economía e Facenda formulará o anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e someterao a acordo da Xunta.
- 5.- Xunto co anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma remitiráselle ó Consello da Xunta a seguinte documentación:
 - a) A conta consolidada dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
 - b) Unha memoria explicativa do seu contido e das principais diferencias existentes neles en relación co orzamento en vigor.
 - c) A liquidación dos orzamentos do ano anterior e un avance dos do exercicio corrente.
 - d) Un informe económico e financeiro.
 - e) Un anexo de investimentos reais, que conterá a valoración dos proxectos de investimento público que se van realizar e a súa distribución territorial. No caso de investimentos plurianuais, indicarse o investimento de cada ano.

Dentro do dito anexo de investimentos reais distinguiranse os proxectos de investimento en vinculantes e non vinculantes. Os créditos destinados a proxectos de investimento ós que se lles dea carácter vinculante non poderán destinarse ó financiamento doutros proxectos, agás por autorización do conselleiro de Economía e Facenda. Trimestralmente comunicaráselle á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, do Parlamento de

Galicia a relación das autorizacións realizadas, no caso de as haber.

- f) Un anexo de transferencias.
- g) Un anexo de persoal.

Artigo 52º.- Remisión ó Parlamento.

O proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, xunto coa documentación establecida no número 5 do artigo anterior, remitiráselle ó Parlamento de Galicia antes do 20 de outubro, para os efectos do artigo 53º 1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Artigo 53º.- Orzamentos das deputacións provinciais.

A Xunta remitiralle igualmente ó Parlamento de Galicia os orzamentos das deputacións provinciais, para os efectos previstos na disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia¹⁰⁸.

Artigo 54º.- Prórroga dos orzamentos xerais.

Se a lei de orzamentos xerais non fose aprobada polo Parlamento de Galicia antes do primeiro día do exercicio económico no que teña que aplicarse, consideraranse automaticamente prorrogados os do exercicio inmediato anterior.

- 1.- A Consellería de Economía e Facenda poderá elaborar, se é o caso, os correspondentes estados de gastos nos que se detallarán os importes dos créditos prorrogados. Os ditos

¹⁰⁸ Publicada no DOG nº 149, do 5 de agosto e modificada polas disposicións adicionais 4ª e 5ª da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais, presupostarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro).

Ó peche desta edición está en tramitación unha nova Lei de Administración Local de Galicia. O proxecto de lei foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de xaneiro de 2005.

importes serán o resultado de realizar nos créditos iniciais do orzamento prorrogado as operacións seguintes:

- a) Excluíranse aqueles gastos que correspondan a actuacións que deban quedar ultimadas ó finaliza-lo exercicio os orzamentos do cal se prorrogan, así como aqueles que non se consideren necesarios para o exercicio que se inicia.
 - b) Nos indicados estados de gastos incluíranse aqueles créditos que correspondan a actuacións de urxente iniciación ou cobertura, sempre que teñan cabida dentro das baixas motivadas polo indicado na alínea a) anterior.
 - c) O conselleiro de Economía e Facenda determinará qué modificacións orzamentarias das realizadas durante o exercicio os orzamentos do cal se prorrogan se consolidarán nos estados de gastos a que fai referencia a alínea a).
- 2.- Durante o período de prórroga seralles aplicable ós estados de gastos resultantes do disposto no número anterior o contido no capítulo II deste título III.
 - 3.- Unha vez aprobados os orzamentos xerais da Comunidade procederase a imputarlles a estes as operacións realizadas durante o período de prórroga, de acordo coas instrucións que para o efecto dicte a Consellería de Economía e Facenda.

No caso de non existir nos orzamentos aprobados créditos ós que lles imputar expedientes de gasto tramitados durante o período de prórroga, a consellería ou o organismo autónomo afectado propoñeralle á Consellería de Economía e Facenda aqueles créditos do orzamento aprobado con cargo ós cales deberá efectuarse a imputación.
 - 4.- A Consellería de Economía e Facenda confeccionará así mesmo os estados de ingresos que terán vixencia durante o período de prórroga e que se elaborarán en función das

previsións que poidan derivarse ben da liquidación dos orzamentos de ingresos do exercicio prorrogado ou de calquera outro dato válido para sustenta-las ditas previsións, sempre que non supoña a introducción de ningún cambio na normativa legal vixente durante o exercicio do cal se prorroga o orzamento.

- 5.- O texto da Lei de orzamentos correspondente ós que se prorrogan tamén se prorrogará nos seus propios termos, excepto aquelas disposicións que polas súas propias características só puidesen ter exclusiva vixencia durante o respectivo ano natural.

Artigo 55º.- Dereitos e obrigas recoñecidas.

- 1.- Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse ós orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos que se van liquidar ou xa ingresados, a non ser por autorización expresa dunha lei.
- 2.- Exceptúanse do disposto no punto anterior as devolucións de ingresos que se declaren indebidos por tribunal ou autoridade competentes e o reembolso do custo das garantías achegadas polos contribuíntes para obte-la suspensión cautelar do pagamento de débedas tributarias impugnadas¹⁰⁹, en canto estas sexan declaradas improcedentes e a dita declaración adquira firmeza¹¹⁰.
- 3.- Para os efectos deste artigo entenderase por importe íntegro o que resulte despois de aplica-los beneficios fiscais que sexan

¹⁰⁹ Téñase en conta o artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro).

¹¹⁰ Apartado modificado polo artigo 4º da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro). A súa redacción anterior era:

“2. Exceptúanse do disposto no punto anterior as devolucións de ingresos que se declaren indebidos por tribunal ou autoridade competentes.”

procedentes, os que deberán ser obxecto de contabilización independente. O importe dos beneficios fiscais que afecten ós tributos propios da Comunidade Autónoma incluíranse na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO II

Dos créditos e das súas modificacións¹¹¹

Artigo 56º.- Autorización de créditos.

- 1.- Os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que foron autorizados pola lei de orzamentos ou polas modificacións aprobadas conforme esta lei.
- 2.- Os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante no nivel de concepto. Sen embargo, os créditos destinados a gastos de persoal, excepto os que se refiren a incentivos ó rendemento, e os gastos en bens correntes e servicios terán carácter vinculante no nivel de artigo¹¹².

111 Sobre as modificacións orzamentarias téñanse en conta as previsións das leis anuais orzamentarias da Comunidade Autónoma.

112 Sobre a vinculación de créditos téñase en conta a lei anual de orzamentos.

- 3.- No orzamento correspondente ós servicios transferidos do Insalud a vinculación anterior entenderase referida ós seus grupos de programas, atendidos o alcance e grao de pormenor da súa estrutura na citada clasificación, en tanto en canto a dita estrutura difira da establecida con carácter xeral para a Comunidade Autónoma.
- 4.- En todo caso terán carácter vinculante, co nivel de desagregación económica co que aparezan nos estados de gastos, os créditos destinados a atencións protocolarias e representativas e os declarados ampliáveis conforme o artigo 64º desta lei.

Artigo 57º.- Nulidade de obrigas.

- 1.- Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos figurados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a lei que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar¹¹³.
- 2.- Exceptúanse do disposto no número 1 anterior aqueles compromisos de gastos que regulamentariamente se determinen, cando a imputación corresponda a créditos ampliáveis¹¹⁴ ou que se adquiran como consecuencia das necesidades propias do normal funcionamento dos servicios e o seu importe exacto sexa de difícil previsión por corresponder a obrigas de tracto sucesivo.

¹¹³ En relación á nulidade de pleno dereito téñanse en conta os artigos 62 e 102 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (DOG nº 12, do 14 de xaneiro). En canto ás responsabilidades, véxanse os artigos 122 e seguintes deste texto refundido.

¹¹⁴ Artigo 64 desta lei.

Artigo 58º.- Gastos plurianuais¹¹⁵.

- 1.- Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida cos que a seguir se especifican:
 - a) Investimentos e transferencias de capital.
 - b) Transferencias correntes derivadas de normas con rango de lei, ou que se concedan a través de convocatorias ou do asinamento de convenios¹¹⁶, logo da autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.
 - c) Gastos en bens e servizos dos que a súa contratación baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos das administracións públicas non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por prazo que comprenda un só exercicio orzamentario.
 - d) Arrendamentos de bens inmobles que vaian ser utilizados por organismos ou servizos da Comunidade Autónoma.
 - e) Cargas financeiras derivadas de operacións de endebedamento da Comunidade ou dos seus organismos autónomos.
 - f) Activos financeiros.
 - g) Convenios con universidades e outras institucións ou centros docentes cando aqueles deban executarse

¹¹⁵ Téñase en conta a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG nº 239, do 12 de decembro de 2001). Téñanse en conta tamén nesta materia as previsións das leis anuais de orzamentos.

¹¹⁶ Véxase a Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril).

durante cursos académicos coincidentes con dous exercicios orzamentarios¹¹⁷.

- 2.- A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ós créditos que para cada exercicio se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- 3.- O número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos incluídos nas letras a), b), f) e g) e os gastos en bens da letra c) do número 1 non poderá ser superior a catro, quedando reducido a dous anos nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos.

O gasto que nestes casos se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá exceder do resultado de **lle** aplicar ó crédito inicial, a nivel de concepto, as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte o 70%, no segundo exercicio o 60% e nos exercicios terceiro e cuarto o 50%. Tampouco poderá ser inferior ó 10% do importe total do expediente de gasto, en ningún dos anos ós que se estenda a

¹¹⁷ Apartado modificado polo artigo 5º da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro). A súa redacción anterior era:

“1. Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida cos que a seguir se especifican:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Transferencias correntes derivadas de normas con rango de lei.
- c) Gastos en bens e servizos dos que a súa contratación, baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos das administracións públicas, non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por prazo dun ano.
- d) Arrendamentos de bens inmobles que vaian ser utilizados por organismos ou servizos da Comunidade Autónoma.
- e) Cargas financeiras derivadas de operacións de endebedamento da Comunidade ou dos seus organismos autónomos.
- f) Activos financeiros.
- g) Convenios con universidades e outras institucións ou centros docentes cando aqueles deban executarse durante cursos académicos coincidentes con dous exercicios orzamentarios.”

súa execución material, agás, se é o caso, no derradeiro exercicio.

O total dos importes comprometidos con cargo a exercicios futuros no conxunto dos conceptos que definen un nivel de vinculación non poderá supera-las porcentaxes arriba indicadas, calculadas sobre o crédito inicial dese conxunto de conceptos¹¹⁸.

- 4.- Tamén poderá ser diferido o pagamento do prezo de compra das adquisicións de bens inmoables cando o importe exceda de 350 millóns de pesetas, sen que en ningún caso o desembolso inicial no momento de asina-la escritura poida ser inferior ó 30% do prezo, podendo distribuírse libremente o resto ata en catro anualidades sucesivas ós respectivos vencementos dentro das limitacións do punto anterior¹¹⁹.
- 5.- Con independencia do establecido nos números anteriores para os programas e proxectos de gastos de capital que se especifiquen nas leis de orzamentos, poderán adquirirse compromisos de gastos que teñan que estenderse a

¹¹⁸ Apartado modificado polo artigo 3º da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro). A súa redacción anterior era:

“3. O número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos incluídos nas letras a), b), c), f) e g) do número 1 non poderá ser superior a catro, quedando reducido a dous anos nos traballos específicos e non habituais.

O gasto que nestes casos se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá exceder do resultado de aplicar ó crédito inicial, a nivel de concepto, as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte o 70%, no segundo exercicio o 60% e nos exercicios terceiro e cuarto o 50%. Tampouco poderá ser inferior ó 10% do importe total do expediente de gasto, en ningún dos anos ós que se estenda a súa execución material, agás, se é o caso, no derradeiro exercicio.

O total dos importes comprometidos con cargo a exercicios futuros no conxunto dos conceptos que definen un nivel de vinculación non poderá supera-las porcentaxes arriba indicadas, calculadas sobre o crédito inicial, dese conxunto de conceptos.”

¹¹⁹ Artigo 18 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega (DOG nº 78, do 24 de abril), modificado pola disposición adicional 5ª da Lei 2/1988, do 5 de marzo, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1988 (DOG nº 50, do 14 de marzo), e 39 e seguintes do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo).

exercicios futuros ata o importe que para cada unha das anualidades se determine.

Para estes efectos, cando nos créditos orzamentarios se encontren incluídos proxectos das características sinaladas anteriormente, as porcentaxes a que se refire o número 3 deste artigo aplicaranse sobre os ditos créditos, unha vez deducida a anualidade correspondente a estes proxectos.

- 6.- O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá modifica-las porcentaxes sinaladas no número 3 deste artigo e os importes que se fixen conforme o disposto no número 5, así como modifica-lo número de anualidades en casos especialmente xustificados, por petición da correspondente consellería e logo dos informes que se xulguen oportunos, e, en todo caso, do da dirección xeral competente en materia de orzamentos¹²⁰.

Este procedemento será igualmente de aplicación no caso dos contratos de obras que se efectuen baixo a modalidade de aboamento total deles, segundo o previsto no artigo 99.2º do texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, ben se pacte o aboamento total do prezo dunha soa vez ou se fraccione en distintas anualidades, que non poderán ser superiores a dez desde a data fixada para a conclusión das obras¹²¹.

¹²⁰ Actualmente a Dirección Xeral de Orzamentos, de acordo co Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 113, do 14 de xuño).

¹²¹ Apartado modificado polo art. 20 da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo (DOG nº 84, do 2 de maio). A súa redacción anterior era:

“ 6.- O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá modifica-las porcentaxes sinaladas no número 3 deste artigo e os importes que se fixen conforme o disposto no número 5, así como modifica-lo número de anualidades en casos especialmente xustificados, a petición da correspondente consellería e logo dos informes que se estimen oportunos, e, en todo caso, do da dirección xeral competente en materia de orzamentos”

- 7.- Os compromisos de gastos de carácter plurianual a que fai referencia o presente artigo serán adecuadamente contabilizados de forma independente.

Artigo 59º.- Anulación de créditos.

- 1.- Os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, salvo as excepcións recollidas no artigo 71º da presente lei.
- 2.- Malia o indicado no número anterior, a anulación de créditos que por disposición legal teñan o carácter de incorporables non impedirá a continuación da tramitación en forma provisional de expedientes de gastos con base nos mesmos, condicionados a que ó dictarse o acordo de autorización do compromiso de gasto exista crédito adecuado e suficiente.

En ningún caso esta tramitación provisional poderá xerar dereitos a favor de terceiros.

Artigo 60º.- Regulación de obrigas.

- 1.- Con cargo ós créditos consignados nos estados de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servicios e demais gastos en xeral que fosen realizados no ano natural do correspondente exercicio orzamentario.
- 2.- Sen embargo, aplicaráselles ós créditos do orzamento vixente no momento da expedición de ordes de pagamento as seguintes obrigas:
 - a) As que resulten do recoñecemento e da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores¹²².

c) As que teñan a súa orixe en sentencias xudiciais¹²³.

Naqueles casos nos que non exista crédito adecuado no exercicio corrente, por iniciativa da consellería correspondente, o conselleiro de Economía e Facenda poderá determina-los créditos ós que se lles deberá imputa-lo pagamento destas obrigas.

Artigo 61º.- Normativa aplicable.

- 1.- As modificacións dos créditos orzamentarios axustaranse ó disposto nesta lei e nas leis anuais de orzamentos.
- 2.- Todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente, ademais da sección ou ente público a que se refira, o programa, servicio ou organismo autónomo, artigo, concepto e subconcepto, se é o caso, afectados por ela, incluso naqueles casos nos que o crédito se consigne ou sexa vinculante no nivel de artigo.

As limitacións establecidas no artigo 68º desta lei entenderanse referidas no nivel de concepto para aqueles casos nos que a vinculación establecida o sexa no nivel de artigo.

A correspondente proposta de modificación orzamentaria deberá expresar ineludiblemente a súa incidencia na consecución dos obxectivos previstos, así como as razóns que a xustifican¹²⁴.

¹²² Véxase o Decreto 63/1987, do 17 de marzo, sobre obrigas de exercicios pechados e sobre imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en anos anteriores (DOG nº 61, do 31 de marzo).

¹²³ Este apartado c) foi engadido polo artigo 4º da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro).

¹²⁴ En relación ás modificacións de crédito destaca a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 3 de xaneiro de 1989 sobre documentación e tramitación dos expedientes

Artigo 62º. Créditos extraordinarios e suplementos.

- 1.- Cando deba realizarse algún gasto con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito nos estados de gastos, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, o conselleiro de Economía e Facenda, logo de informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos¹²⁵, someterá ó acordo da Xunta, para a súa remisión ó Parlamento, un proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario no primeiro caso ou dun suplemento de crédito no segundo, no que se especificarán necesariamente os recursos con que se financiará o gasto que por estas causas se xera, e o detalle do concepto orzamentario que se debe crear ou que é suplementado.
- 2.- Malia o indicado no punto anterior, se a necesidade de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito se produce nun organismo autónomo e estes non supoñen aumento nos créditos do orzamento da Comunidade Autónoma, observaranse as seguintes normas:
 - a) A súa concesión será facultade do conselleiro de Economía e Facenda se o seu importe non excede do 5% do orzamento de gastos do organismo autónomo correspondente, e da Xunta de Galicia cando, superando a dita porcentaxe, non excede o 10% do citado orzamento de gastos. As ditas porcentaxes aplicaranse de forma conxunta e acumulada para ámbalas dúas clases de modificacións de crédito e ó longo do mesmo exercicio orzamentario.
 - b) No expediente de modificación orzamentaria emitirá informe a Consellería á que estea adscrito o organismo autónomo que o promova, xustificando debidamente a

de modificación orzamentaria nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 20, do 30 de xaneiro. Corrección de erros no DOG nº 42 do 1 de marzo).

125 Consúltese a nota ó artigo 58.6, parágrafo primeiro desta lei.

necesidade e urxencia do gasto e propoñendo os recursos con que se financiará o incremento que se propón.

- c) A Xunta de Galicia daralle conta trimestralmente ó Parlamento de Galicia dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito concedidos ó abeiro do previsto na alínea a) deste número.

Artigo 63º.- Anticipos de Tesourería.

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá excepcionalmente conceder anticipos de Tesourería para atender gastos inaprazables, ata un límite do 2% dos créditos autorizados pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade, nos seguintes casos:

- a) Cando, dentro da tramitación do expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, recaese acordo favorable da Xunta para remitirle ó Parlamento o correspondente proxecto de lei.
- b) Cando se promulgue unha lei na que se establezan obrigas que para o seu cumprimento sexa precisa a concesión dun crédito extraordinario ou dun suplemento de crédito.
- c) Se o Parlamento de Galicia non aprobase o proxecto de lei de concesión de crédito extraordinario ou do suplemento de crédito, o importe do anticipo de Tesourería será cancelado mediante minoración nos créditos que ocasionen menor trastorno nos servizos públicos da respectiva consellería ou organismo autónomo.

Artigo 64º.- Créditos ampliáveis.

1.- Malia o disposto nos artigos 56 e 57 desta lei, terán excepcionalmente a condición de créditos ampliáveis¹²⁶:

- a) Aqueles que se especifiquen de maneira singular na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e coas condicións que nela se determinen.
- b) Os que se destinen a cubri-los gastos dos servizos traspasados pola Administración do Estado, cando sexan ampliadas as transferencias nas respectivas materias e polo importe do custo efectivo de tódalas ampliacións, mentres este non se integre na base de cálculo para obter a porcentaxe da participación nos ingresos do Estado.
- c) As cotas de Seguridade Social e a prestación familiar, así como as achegas que, se é o caso, lle corresponda efectuar á Comunidade Autónoma ó réxime de previsión social dos seus funcionarios.
- d) Os que se destinen ó pagamento de xuros, amortizacións do principal e gastos derivados da débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma ou a operacións de crédito concertadas por ela.
- e) Os créditos destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia, correspondentes a gastos en bens correntes e de servizos.
- f) Os destinados ó pagamento de produtos farmacéuticos procedentes de receitas médicas.
- g) Os créditos dos que a súa execución corresponda a unha consellería e que a súa contía se module pola achega doutras consellerías ou organismos autónomos, logo de

126 Sobre a ampliación de créditos téñase en conta a lei anual de orzamentos.

retención do crédito correspondente nos estados de gasto afectados. A estes créditos non lles serán aplicables as limitacións a que se refire o artigo 68º desta lei.

- 2.- O expediente de ampliación de créditos deberá establece-la fonte de financiamento da dita ampliación, distinguindo se este se financia con retencións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter, con remanente de Tesourería, con endebedamento dentro dos límites autorizados ou con outras formas de financiamento que non entrañen déficit orzamentario.

Artigo 65º.- Competencias do Consello da Xunta.

- 1.- Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e por iniciativa das consellerías correspondentes:
 - a) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servicios ou organismos autónomos dunha mesma consellería.
 - b) Autorizar transferencias de créditos entre un ou varios programas incluídos na mesma función, correspondentes a servicios ou organismos autónomos de diferentes consellerías.
 - c) Autorizar transferencias de crédito entre programas incluídos en distintas funcións, correspondentes a servicios ou organismos autónomos de diferentes consellerías, sempre que se trate de reorganizacións administrativas ou que se produzan como consecuencia da aplicación dos recursos procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou do Fondo Social Europeo.
 - d) Autorizar transferencias de créditos por proposta do conselleiro de Economía e Facenda das dotacións non utilizadas nos programas das distintas seccións do orzamento ós distintos conceptos do programa de

imprevistos e funcións non clasificadas, habilitando os créditos que sexan necesarios para a súa posterior reasignación.

- 2.- De cada modificación acordada en virtude do disposto neste artigo daráselle conta de modo singular, no prazo máximo de trinta días, á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, con remisión de copia do correspondente expediente.

Artigo 66º. - Facultades da Consellería de Economía e Facenda.

Correspóndenlle ó conselleiro de Economía e Facenda¹²⁷, ademais das competencias xenéricas atribuídas ós titulares das consellerías, as seguintes de carácter específico:

- a) Resolve os expedientes de modificacións orzamentarias, nos supostos nos que estes estean atribuídos ós titulares das distintas consellerías e exista discrepancia na consellería respectiva co informe da intervención delegada.
- b) Autorizar transferencias de crédito entre un ou varios programas incluídos na mesma ou distinta función, dentro do mesmo grupo de funcións, correspondentes a servicios ou organismos autónomos dunha mesma consellería, coa creación de novos conceptos orzamentarios, se isto fose preciso.
- c) Autorizar transferencias de créditos desde o programa de imprevistos e funcións non clasificadas ós conceptos e artigos dos demais programas de gasto, calquera que sexa a función ou sección a que corresponda.

A consellería ou o organismo autónomo que solicite a transferencia deberá xustifica-la imposibilidade de atender as insuficiencias mediante reaxuste dos seus créditos. Para tal

¹²⁷ En relación ás competencias da Consellería de Economía e Facenda sobre as modificacións orzamentarias, téñase presente tamén a lei anual de orzamentos da Comunidade Autónoma.

efecto deberá procederse a unha revisión de conxunto dos oportunos programas de gasto, poñendo de manifesto as desviacións que na consecución dos obxectivos previstos motivaría a modificación orzamentaria proposta.

- d) Introducir, logo de informe da consellería correspondente, as variacións que sexan precisas nos orzamentos de servicios transferidos do Imsero e do Insalud, co obxecto de adaptalos ós resultantes da aprobación polas Cortes Xerais dos orzamentos xerais da Seguridade Social.
- e) Autoriza-las incorporacións de crédito previstas no artigo 71º desta lei.
- f) Autoriza-las xeracións de crédito previstas nos artigos 69º e 70º desta lei.
- g) Autoriza-las ampliacións de crédito cando estes teñan tal carácter por disposición de lei¹²⁸.
- h) Introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecua-los créditos afectados por transferencias finalistas procedentes dos orzamentos xerais da Administración do Estado e das comunidades europeas, e os demais recursos de igual carácter e procedencia. Esta autorización implicará o aumento ou a diminución das consignacións previstas, así como a incorporación ou creación dos correspondentes conceptos orzamentarios se así procede.

Artigo 67º.- Facultades dos conselleiros.

- 1.- Os titulares das consellerías poderán autorizar, logo de informe da Intervención Delegada correspondente, as transferencias de créditos entre diferentes conceptos do capítulo II, dun mesmo programa, correspondentes a un mesmo ou diferente servicio ou organismo autónomo dependente da consellería,

¹²⁸ Artigo 64 da presente lei.

sempre que non afecten a créditos de atencións protocolarias ou representativas, nin supoñan desviación na consecución dos obxectivos previstos para o programa respectivo.

En tanto o capítulo II teña carácter limitativo e vinculante no nivel de artigo, esta autorización comporta a creación, se é o caso, de novos conceptos orzamentarios dos previstos na clasificación económica.

- 2.- En caso de discrepancia co informe emitido pola intervención delegada sobre a modificación orzamentaria proposta, remitiráselle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para os efectos previstos no artigo 66º a) da presente lei.
- 3.- Os presidentes dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma terán as mesmas competencias establecidas neste artigo en relación coas modificacións orzamentarias do seu respectivo orzamento , sen prexuízo do principio de autonomía orzamentaria do Parlamento de Galicia.
- 4.- En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias incluídas nos números 1 e 3, remitiránselle á dirección xeral competente en materia de orzamentos¹²⁹ da Consellería de Economía e Facenda, para instrumentala súa execución.

Artigo 68º.- Limitacións.

- 1.- As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:
 - a) Non afectarán ós créditos ampliáveis nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.

¹²⁹ Véxase a nota ó artigo 58.6, parágrafo primeiro.

- b) Non poderán minorarse os créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores nin os que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, agás cando afecten a créditos de persoal.
 - c) Non poderán incrementarse créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal.
- 2.- Respecto do orzamento dos servizos transferidos do Insalud as limitacións contidas nas alíneas b) e c) anteriores entenderanse referidas ós orzamentos totais da entidade xestora, aínda cando estes se desenvolvan de modo descentralizado a través dos distintos centros de gastos.
- 3.- As anteriores limitacións non afectarán as transferencias de créditos que se refiran ó programa de imprevistos e funcións non clasificadas ou realizadas ó amparo do artigo 60.2 desta lei, nin serán aplicables cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas, de acordos de transferencias de servizos ou que amparen gastos financiados exclusivamente ou cofinanciados con transferencias finalistas do Estado ou con fondos da Unión Europea¹³⁰.
- 4.- Os créditos correspondentes a financiamento condicionado estarán suxeitos ás limitacións específicas que lles sexan aplicables; de non existir estas seralles aplicable o determinado no número 1 deste artigo.

¹³⁰ Apartado modificado polo artigo 16º da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro). A súa redacción anterior era:

“As anteriores limitacións non afectarán as transferencias de créditos que se refiran ó programa de imprevistos e funcións non clasificadas, nin serán aplicables cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas, de acordos de transferencias de servizos ou que amparen gastos financiados exclusivamente ou cofinanciados con transferencias finalistas do Estado ou con fondos da Unión Europea.”

Artigo 69º.- Xeración de crédito¹³¹.

- 1.- Poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos os ingresos efectivos, os dereitos liquidados e os compromisos firmes de ingresos derivados das seguintes operacións:
 - a) Achegas doutras administracións públicas ou de persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos encomendados á Comunidade Autónoma ou ós seus organismos autónomos.
 - b) Alleamento de bens da Comunidade ou dos seus organismos autónomos¹³².
 - c) Prestación de servizos.
 - d) Reembolso dos préstamos destinados a atencións sociais e á promoción e ó fomento da actividade económica e cultural de Galicia.
 - e) Créditos do exterior para financiar investimentos públicos.
- 2.- As xeracións de crédito a que se fai referencia no número anterior unicamente poderán realizarse polo exceso de ingreso sobre as cifras inicialmente orzadas, e cando se deriven das operacións incluídas na alínea c) destinaranse unicamente ó financiamento dos gastos correspondentes no capítulo II do orzamento.
- 3.- As xeracións de crédito efectuaranse no mesmo exercicio no que se produciu o ingreso, agás cando teña lugar no último trimestre do ano ou cando se trate de fondos procedentes da

¹³¹ Artigo 66. f) desta lei.

¹³² Véxanse os artigos 24 a 43 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, citada en nota ó artigo 1.2.c) desta lei, modificada polos artigos 18 e 19 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251 do 30 de decembro), e os artigos 60 a 105 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 71, do 13 de abril. Corrección de erros no DOG nº 134, do 13 de xullo), e modificado polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo (DOG nº 156, do 13 de agosto).

Unión Europea ou da Administración central do Estado, casos nos que se poderá xerar crédito no exercicio seguinte, sempre que se xustifique a imposibilidade de ter tramitada a xeración no mesmo exercicio no que se produciu o ingreso. Neste caso, o límite ó que se refire o punto anterior entenderase referido ó orzamento de orixe¹³³.

Artigo 70º.- Reposición.

Os ingresos derivados do reintegro de pagamentos indebidos con cargo a créditos orzamentarios poderán repoñer estes últimos nas condicións que se establezan regulamentariamente¹³⁴.

Artigo 71º.- Incorporacións¹³⁵.

- 1.- Malia o disposto no artigo 59º desta lei, poderán incorporarse ós estados de gastos do orzamento correspondente ó exercicio inmediato seguinte:
 - a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no último

¹³³ Apartado modificado polo artigo 6º da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro). A súa redacción anterior era:

“3.-As xeracións de crédito efectuaranse no mesmo exercicio no que se produciu o ingreso, agás cando este teña lugar no último trimestre do ano ou cando se trate de fondos procedentes da Unión Europea ou da Administración central do Estado que os cofinancien, casos nos que se poderá xerar crédito no exercicio seguinte, sempre que se xustifique a imposibilidade de ter tramitada a xeración no mesmo exercicio no que se produciu o ingreso. Neste caso, o límite ó que se refire o punto anterior entenderase referido ó orzamento de orixe.”

¹³⁴ Téñanse en conta as Ordes da Consellería de Economía e Facendado 27 de decembro de 1990 pola que se regula a tramitación de reintegros de pagamentos indebidos (DOG nº 27, do 7 de febreiro de 1991. Corrección de erros no DOG nº 47, do 7 de marzo) e do 21 de xullo de 1998 pola que se regula o procedemento da recadación nos supostos de reintegro de axudas ou subvencións públicas, pensións asistenciais e subsidios económicos (DOG nº 152, do 7 de agosto).

¹³⁵ Artigo 66.e) desta lei. Véxase tamén o Decreto 63/1987, do 17 de marzo, sobre obrigas de exercicios pechados e sobre imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en anos anteriores (DOG nº 61, do 31 de marzo).

mes do exercicio orzamentario e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este.

- b) Os créditos que recollan compromisos de gastos anteriores ó último mes do exercicio orzamentario e que non puidesen executarse á fin do exercicio económico por causas xustificadas.

Será preciso que tales compromisos de gastos acadasen a fase de disposición en contabilidade antes do último mes do exercicio.

- c) Os créditos destinados a operacións de capital.
- d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados a estes.
- e) Os créditos xerados polas operacións enumeradas no artigo 69º desta lei.

- 2.- Os remanentes incorporados segundo o previsto no número anterior unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario no que a incorporación se acorde, a excepción dos que correspondan a créditos financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial¹³⁶ ou por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas, que poderán ser incorporados en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

Nos supostos a) e b) do dito número a incorporación farase para os mesmos gastos que motivaron en cada caso a concesión, a autorización e o compromiso.

- 3.- Os créditos correspondentes a financiamento condicionado serán incorporables de acordo coa normativa que lles sexa aplicable en cada caso. De non existir esta, rexeranse polas normas desta lei.

¹³⁶ Regulado pola Lei 22/2001, do 27 de decembro, dos Fondos de Compensación Interterritorial (BOE nº 313, do 31 de decembro).

- 4.- O conselleiro de Economía e Facenda poderá acordar, con carácter xeral, a incorporación automática ó exercicio seguinte dos créditos a que se refire a alínea d) do número 1 anterior.
- 5.- Das incorporacións a que se refiren os números 1 e 3 daráselle conta ó Parlamento.

CAPÍTULO III

Execución e liquidación

Artigo 72º.- Autorización de gasto.

- 1.- Correspóndelles ós órganos estatutarios¹³⁷, agás o que establezan outras leis aplicables, ós conselleiros e demais órganos da Comunidade Autónoma que tivesen dotacións diferenciadas nos seus estados de gastos autoriza-los gastos referentes ós servicios ó seu cargo, excepto nos casos reservados polas leis á competencia da Xunta de Galicia, así como autoriza-los actos de disposición de créditos e de recoñecemento de obrigas, e propoñerlle ó conselleiro de Economía e Facenda a ordenación dos correspondentes pagamentos.
- 2.- Coa mesma reserva legal correspóndelles ós presidentes ou directores dos organismos autónomos da Comunidade a autorización e disposición de gastos e créditos, respectivamente, o recoñecemento de obrigas e o ordenamento dos pagamentos que lles correspondan a estes.
- 3.- Regulamentariamente, o Consello da Xunta de Galicia poderá establece-las competencias e os trámites que debe realizar directamente a Consellería de Economía e Facenda,

¹³⁷ Baixo a expresión “órganos estatutarios” deben entenderse as institucións previstas no Estatuto de Autonomía para Galicia, como o Parlamento, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas.

respecto da contabilidade e da tesourería para os organismos autónomos e entes que polas súas características se estime oportuno sen prexuízo da normativa que lles sexa aplicable.

- 4.- As facultades ás que se fai referencia neste artigo poderán ser obxecto de delegación ou desconcentración nos termos que regulamentariamente se estableza.

Artigo 73º.- Fases do gasto.

A xestión económica e financeira dos dereitos e créditos incluídos nos orzamentos da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos estruturarase de acordo coas seguintes fases:

a) Orzamento de gastos.

- 1.- A autorización do gasto, que é o acto en virtude do cal a autoridade competente acorda a realización dun gasto, calculado en forma certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade ou unha parte do crédito orzamentario legalmente destinado a garanti-lo cumprimento das obrigas que poidan ser consecuencia daquel, tida en conta a súa natureza económica.
- 2.- A disposición, que é o acto en virtude do que se acorda, concerta ou determina, segundo os casos, despois de cumprilos trámites que de acordo co dereito procedan, a contía concreta que debe alcanza-lo compromiso económico para a realización de todo tipo de prestacións.

Cos actos de disposición queda formalizada a reserva do crédito por un importe e unhas condicións exactamente determinados.

- 3.- O recoñecemento da obriga, que é a operación de contraer en contas os créditos esixibles contra a Comunidade de Galicia que deban acreditarse como contraprestación económica derivada dos acordos, dos concertos ou das

normas resolutorias que determinen a disposición dun crédito, unha vez realizada e xustificada adecuadamente a correspondente prestación e efectuada a pertinente liquidación.

- 4.- O ordenamento do pagamento, que é a operación en virtude da cal o ordenador competente, logo de proposta de pagamento realizada por quen recoñeceu a existencia da obriga, expide a orde de pagamento contra a Tesourería da Comunidade a favor do respectivo acredor.

b) Orzamento de ingresos¹³⁸.

- 1.- O compromiso de ingresos, que é o acto con base no que se recoñece en contas o dereito a liquidar un determinado recurso por unha contía certa se se cumpren aquelas condicións e trámites que se prevexan nas normas legais aplicables.
- 2.- O contraído do recurso, que é o acto polo que se liquida este e se recoñece en contas o dereito definitivo á súa percepción pola súa exacta contía.
- 3.- A recadación do recurso, que constitúe o proceso polo que a Tesourería da Comunidade fai líquido e ingresa nas súas caixas o importe deste.

Artigo 74º.- Ordenación xeral dos pagamentos¹³⁹.

- 1.- A ordenación xeral de pagamentos da Comunidade correspóndelle ó conselleiro de Economía e Facenda,

¹³⁸ Orde da Consellería de Economía e Facenda do 27 de xullo de 2000 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital (DOG nº 171, do 4 de setembro. Corrección de erros no DOG nº 181, do 18 de setembro), modificada pola Orde do 29 de setembro de 2004 (DOG nº 192, do 1 de outubro).

¹³⁹ En relación ó réxime da ordenación de pagamentos constitúe unha especialidade o Decreto 359/1996, do 13 de setembro, polo que se constitúe o organismo pagador dos gastos relacionados coa política agrícola común (DOG nº 191, do 30 de setembro), modificado polo Decreto 93/1998, do 20 de marzo (DOG nº 58, do 26 de marzo).

podendo delega-la dita competencia de acordo cos procedementos legais aplicables.

- 2.- Co obxecto de facilita-lo servizo de ordenamento de pagamentos, poderanse establecer ordenamentos secundarios baixo a dependencia do conselleiro de Economía e Facenda ou da autoridade na que delegue as súas competencias sobre a materia.
- 3.- Os servizos e as funcións dos ordenamentos de pagamentos dispoñeranse regulamentariamente por proposta do conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 75º.- Plan de disposición.

A expedición de ordes de pagamento con cargo ó orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ó plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 76º.- Tramitación¹⁴⁰.

- 1.- As ordes de pagamento expediranse unha vez que se xustifiquen documentalmente ante o órgano competente para recoñecerla respectiva obriga a realización da prestación ou o dereito do acredor, conforme os acordos polos que no seu día se autorizaron e comprometeron os correspondentes gastos.
- 2.- Os ordenadores de pagamentos poderán recibir as propostas e libralas correspondentes ordes de pagamento mediante a

¹⁴⁰ Véxase a Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 18 de xuño de 1990, pola que se publica a instrución reguladora do réxime xeral de pagamentos a contratistas por razón de contratos de obras, subministros, servizos, asistencia e traballos específicos e non habituais (DOG nº 138, do 16 de xullo). As referencias ós traballos específicos e non habituais deben entenderse derogadas á luz da nova normativa de contratos das Administracións Públicas.

Véxase tamén a Circular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma do 15 de abril de 1993 sobre retencións en pagamentos a terceiros (DOG nº 79, do 28 de abril).

utilización de procesos informáticos. Neste suposto a documentación xustificativa do gasto realizado poderá quedar naqueles centros nos que se recoñeceron as correspondentes obrigas, para a súa posterior inclusión, se é o caso, na Conta Xeral da Comunidade Autónoma ou para a súa posta á disposición dos órganos de control competentes.

- 3.- Nos casos establecidos no número anterior, ós ordenadores de pagamentos non lles serán esixibles responsabilidades que procedan de trámites anteriores á súa participación no proceso de xestión orzamentaria, considerándose nestes casos que a referencia que no artigo 122º e seguintes desta lei se fai ás responsabilidades dos ordenadores de pagamento se entenderá referida ós órganos que recoñezan as obrigas ou propoñan o ordenamento do pagamento.

Artigo 77º.- Pagamentos para xustificar¹⁴¹.

- 1.- Terán o carácter de pagamentos para xustificar os fondos librados para atender gastos que non poidan ir acompañados da documentación xustificativa a que se fai referencia no artigo anterior.
- 2.- Poderán expedirse ordes de pagamento para xustificar nos supostos seguintes:
 - a) Cando os documentos xustificativos non poidan achegarse antes de efectua-la proposta de pagamento.
 - b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar significativamente a xestión dos créditos.
 - c) Cando as ordes de pagamento teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existan dependencias do organismo autónomo de que se trate.

¹⁴¹ Véxase o Decreto 51/1985, do 21 de marzo, sobre situación e dispoñibilidade de cantidades libradas "en firme" e "a xustificar" (DOG nº 76, do 20 de abril).

- 3.- A Consellería de Economía e Facenda, oídas as consellerías, logo de informe da Intervención Xeral, establecerá as normas xerais que regulen a expedición de ordes de pagamento para xustificar, así como os seus límites cuantitativos e os conceptos orzamentarios ós que son aplicables¹⁴².
- 4.- As ordes de pagamento cursadas co carácter de para xustificar aplicaranse ós créditos orzamentarios que correspondan e os seus perceptores quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas no prazo de tres meses, estando suxeitos ó réxime de responsabilidades previsto nesta lei¹⁴³. Nos casos excepcionais poderá concederse unha prórroga adicional por outro período igual para formalizar en todo ou en parte a citada xustificación.
- 5.- No curso dos dous meses seguintes á data de recepción da documentación xustificativa a que se refiren os números anteriores, o órgano competente procederá á aprobación ou ó reparo da conta rendida.
- 6.- Non terán a condición de pagamentos para xustificar as provisións de fondos de carácter permanente que se realicen a pagadorías, caixas e habilitacións para a atención de gastos periódicos ou repetitivos. Estes anticipos de caixa fixa terán a consideración de operacións extraorzamentarias e a súa contía global non poderá exceder do 10% do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servicios do orzamento vixente en cada momento. Regulamentariamente, ordenarase o procedemento de concesión de anticipos de caixa fixa, a súa xustificación e

¹⁴² Téñase presente a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar (DOG nº 45, do 8 de marzo. Corrección de erros nos DOG nº 49, do 12 de marzo, e nº 102, do 1 de xuño). Actualizadas as aplicacións orzamentarias polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1994 (DOG nº 79, do 26 de abril. Corrección de erros no DOG nº 87, do 6 de maio) e 30 de xuño de 2000 (DOG nº 138, do 17 de xullo). Modificado o anexo pola Orde da Consellería de Economía e Facenda do 14 de xuño de 1999 (DOG nº 124, do 30 de xuño).

¹⁴³ Artigos 122 e seguintes desta lei.

imputación ó orzamento e demais aspectos relacionados con eles.

Artigo 78º.- Réxime xeral de axudas e subvencións¹⁴⁴.

- 1.- As normas contidas neste e no seguinte artigo son aplicables ás subvencións e axudas públicas que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma¹⁴⁵.

O disposto nesta lei será de aplicación supletoria para os procedementos de concesión de axudas e subvencións establecidos en normas da Unión Europea ou, se é o caso, polas normas de desenvolvemento ou transposición daquelas e para os casos nos que lle corresponda a outra administración a regulamentación básica.

Así mesmo deberán axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e polas demais entidades de

¹⁴⁴ Este artigo foi modificado polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro), co obxecto de adapta-la normativa autonómica á Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), que establece na súa disposición derradeira primeira o carácter de lexislación básica de parte do seu articulado.

O precepto foi desenvolto inicialmente polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11 de decembro. Corrección de erros no DOG nº 249, do 27 de decembro). Ademais, téñase presente a lei anual de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai que destacar o deber xeral de toda Administración ou ente público de comunicarlle á Comisión da Unión Europea os proxectos de establecemento, concesión ou modificación de subvencións, de acordo co artigo 88 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (antigo artigo 93). O procedemento administrativo para dita comunicación está regulado no Real Decreto 1755/1987, do 23 de decembro (BOE nº 19, do 22 de xaneiro de 1988). No caso da Administración autonómica galega a obriga da citada notificación e o procedemento a seguir están establecidos nos artigos 6º e 7º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

¹⁴⁵ Como normas de aplicación xenérica véxanse, ademais, a Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), no que sexa de aplicación básica, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11 de decembro. Corrección de erros no DOG nº 249, do 27 de decembro), no que non contradiga a normativa aplicable de rango superior.

Sobre axudas públicas véxanse tamén os Regulamentos da Unión Europea números 68/2001, 69/2001 e 70/2001, relativos a axudas á formación, axudas ás PEMES e axudas de mínimos, respectivamente (DOCE do 13 de xaneiro de 2001).

dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma na medida na que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

Serán aplicables os principios de xestión contidos nesta lei e os de información aos que fai referencia o artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, ao resto das entregas dinerarias sen contraprestación que realicen os entes do parágrafo anterior que se rexan polo dereito privado. En todo caso, as achegas gratuítas terán relación directa co obxecto da actividade contido na súa norma de creación ou nos seus estatutos.

Os incentivos á actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidos ao abeiro do Decreto 172/2000, do 12 de xullo, dos que a súa xestión lle corresponde ao Instituto Galego de Promoción Económica regularanse polo disposto na súa normativa específica, excepto no referido ao réxime de control financeiro e ás infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións, que se rexerán polo disposto nesta lei.

- 2.- Enténdese por subvención e axuda pública, para os efectos desta norma, toda disposición dineraria acordada pola Administración da Comunidade Autónoma ou por unha entidade vinculada ou dependente dela con cargo aos seus orzamentos a favor de persoas públicas ou privadas ou de particulares, e que cumpra os seguintes requisitos:
- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
 - b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación,

debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.

- c) Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, así como entre a administración e os organismos e outros entes públicos dependentes delas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias, para o que resulta aplicable o disposto de maneira específica na súa normativa reguladora.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións previstas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.
- c) As subvencións reguladas na Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento dos partidos políticos.
- d) As subvencións aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia nos termos previstos na súa normativa específica.

- 3.- Son órganos competentes para a concesión de subvencións ou axudas públicas os conselleiros, os presidentes ou os directores dos organismos autónomos e mais os órganos reitores dos demais entes segundo as súas leis de creación ou a normativa específica dentro do ámbito da súa competencia. As devanditas atribucións poderán ser obxecto de delegación.

Malia o anterior, requirirá autorización do Consello da Xunta a concesión de subvencións ou axudas públicas que superen a

contía de 3.000.000 de euros por beneficiario. A autorización non implicará a aprobación do gasto, que lle corresponderá en todo caso ao órgano competente para a concesión da subvención.

- 4.- Terá a consideración de beneficiario da subvención ou da axuda pública a persoa que teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, e sempre que así estea previsto nas bases reguladoras, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a condición de beneficiarios.

Cando estea previsto expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79.Tres desta lei.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar perante a entidade concedente ou, se é o caso, perante a entidade colaboradora a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o gozo da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma na que se determine regulamentariamente e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente ou, se é o caso, a entidade colaboradora, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades

subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
 - g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 8 deste artigo.
 - i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no apartado 10 deste artigo.
- 5.- A subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios axustarase ao disposto no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 6.- Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, lles entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios, cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos non se considerarán en ningún caso integrantes do seu patrimonio. Igualmente terán esta condición os que, sendo nomeados beneficiarios consonte a normativa comunitaria, teñan encomendadas,

exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior.

Para estes efectos, poderán ser consideradas entidades colaboradoras os organismos e demais entes públicos, as sociedades mercantís participadas integramente ou maioritariamente polas administracións públicas, polos organismos ou polos entes de dereito público e mais as asociacións ás que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, así como as persoas xurídicas que reúnan as condicións de solvencia e eficacia que regulamentariamente se establezan.

A Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos e entes que teñan que axustar a súa actividade ao dereito público e as corporacións locais poderán actuar como entidades colaboradoras das subvencións concedidas pola Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos e entes de dereito público vinculados ou dependentes.

De igual forma, e nos mesmos termos, a Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos públicos poderán actuar como entidades colaboradoras das subvencións concedidas pola Administración do Estado e os seus organismos públicos e polas corporacións locais.

Son obrigas da entidade colaboradora:

- a) Entregarlles aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas normas reguladoras da subvención ou da axuda e no convenio subscrito coa entidade concedente.
- b) Verificar, se é o caso, o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

- c) Xustificar a aplicación dos fondos percibidos perante a entidade concedente e, se é o caso, entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos pode efectuar a entidade concedente así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, coa achega de tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Colaborar na restitución das subvencións outorgadas nos supostos nos que conorra causa de reintegro.

Formalizarase un convenio de colaboración entre o órgano concedente e a entidade colaboradora no que se regularán as condicións e as obrigas asumidas por esta.

O convenio deberá conter, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da colaboración e da entidade colaboradora.
- b) Identificación da normativa reguladora especial das subvencións que van ser xestionadas pola entidade colaboradora.
- c) Prazo de duración do convenio de colaboración.
- d) Compensación económica que, se é o caso, se fixe a favor da entidade colaboradora.

Cando a Administración xeral do Estado, as administracións doutras comunidades autónomas, as corporacións locais ou os organismos públicos vinculados ou dependentes delas actúan como entidades colaboradoras, a Administración da Comunidade Autónoma ou os seus organismos vinculados ou dependentes subscribirán con aquelas os correspondentes convenios, nos que se determinarán os requisitos para a

distribución ou a entrega dos fondos, así como os criterios de xustificación e rendición de contas.

Cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizarase mediante convenio, agás que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

O contrato, que incluírá necesariamente o contido mínimo previsto neste artigo para os convenios de colaboración, así como o que resulte preceptivo de acordo coa normativa reguladora dos contratos administrativos, deberá facer mención expresa ao sometemento do contratista ao resto das obrigas mínimas impostas ás entidades colaboradoras por esta lei.

- 7.- Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou as entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 8.- A xestión de subvencións e axudas públicas axustarase aos seguintes principios:
 - a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
 - c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrncia competitiva. Neste suposto a proposta de concesión formularáselle ao órgano competente por un órgano colexiado a través do órgano instrutor. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

Excepcionalmente, sempre que así estea previsto nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao rateo entre os beneficiarios da subvención do importe global máximo destinado ás subvencións.

Sen prexuízo de que o Consello da Xunta determine os criterios básicos, os órganos concedentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da axuda ou da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención ou da axuda pública, e, se é o caso, os membros das entidades previstas nos parágrafos segundo e cuarto do apartado 4 deste artigo, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención ou da axuda pública e, se é o caso, ponderación deles.
- d) Procedemento de concesión da subvención.
- e) Crédito orzamentario ao que deben imputarse e importe global máximo que se destina, posibilidade de concorrncia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos e, se é o caso, incompatibilidade coa súa percepción.

- f) Órganos competentes para a xestión da subvención ou da axuda pública e para a resolución da concesión e prazo no que será notificada a resolución.
- g) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
- h) No suposto de prever a posibilidade de realizar aboamentos á conta e pagamentos anticipados, prazos, modo de pagamento e réxime particular de garantías que deberán achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
- i) Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- j) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- k) Se é o caso, as condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.
- l) Mención expresa do disposto no apartado 9 deste artigo.
- m) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial perante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos exixidos pola normativa de xeral aplicación.

Os órganos administrativos concedentes publicarán no Diario Oficial de Galicia, e nos termos que se fixen regulamentariamente, as subvencións concedidas con

expresión da convocatoria, do programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade ou as finalidades da subvención.

Poderá aprobarse de forma directa a concesión das subvencións nos seguintes supostos:

- a) Cando teñan asignación nominativa nos orzamentos¹⁴⁶, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas das que o seu outorgamento e contía lle veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que resulte aplicable segundo a súa propia normativa.
- c) Excepcionalmente, cando non sexa posible promover a concorrência por acreditarse razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Non será necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia da concesión das subvencións nos seguintes supostos:

- a) Aqueles aos que se refiren as letras a) e b) do parágrafo anterior.
- b) Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros. Neste suposto, as bases reguladoras deberán prever a utilización doutros procedementos que, de acordo coas súas especiais características, contía e número, aseguren a publicidade dos seus beneficiarios.
- c) Cando a publicación dos datos do beneficiario por razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao

¹⁴⁶ Téñase en conta o artigo 97.1.c) desta lei.

respecto e salvagarda do honor, á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e fose previsto na súa normativa reguladora.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

- 9.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe das subvencións reguladas neste artigo non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

A normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiamento propio para cubrir a actividade

subvencionada. A achega de fondos propios ao proxecto ou á acción subvencionada terá que ser acreditada nos termos previstos para o cumprimento da obriga de xustificación.

A normativa reguladora da subvención determinará o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo deste apartado.

Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada, agás que, por razóns debidamente motivadas, se dispoña o contrario nas bases reguladoras da subvención.

Isto último non será aplicable nos supostos nos que o beneficiario sexa unha administración pública.

A determinación dos gastos subvencionables axustarase ao disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10.- Procederá o reintegro¹⁴⁷, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida e dos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

¹⁴⁷ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 21 de xullo de 1998 pola que se regula o procedemento da recadación nos supostos de reintegro de axudas ou subvencións públicas, pensións asistenciais e subsidios económicos (DOG nº 152, do 7 de agosto).

- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.
- c) Incumprimento total ou parcial do **obxectivo**, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- d) Incumprimento das **condicións** impostas ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención ou da axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Incumprimento da obriga de adoptar as **medidas de difusión** contidas no apartado 8 deste artigo.
- f) **Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación** e control financeiro previstas nos apartados 4 e 6 deste artigo, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma

finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- g) A **adopción**, en virtude do establecido nos artigos 87 ao 89 do Tratado da Unión Europea, **dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro**.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, a entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que debe reintegrarse virá determinada pola aplicación dos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e na normativa aplicable.

Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos previstos no apartado 9 deste artigo sobre o custo da actividade desenvolvida.

Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste apartado, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando conorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra causa de reintegro.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 desta lei.

- 11.- Os **beneficiarios**, as entidades colaboradoras e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa

xustificación estarán na obriga de prestaren colaboración e facilitaren tanta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á **Intervención Xeral** da Comunidade Autónoma, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro, e para este fin terán as seguintes facultades:

- a) O **libre acceso** á documentación obxecto de comprobación, incluídos os programas e arquivos en soportes informáticos.
- b) O libre acceso aos locais de negocio e aos demais establecementos ou lugares nos que se desenvolva a **actividade subvencionada** ou se permita verificar a realidade e regularidade das operacións financiadas con cargo á subvención.
- c) A obtención de copia ou a retención das facturas, dos documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro documento relativo ás operacións nas que se deduzan indicios da incorrecta obtención, gozo ou destino da subvención.
- d) O libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde poida efectuarse o cobramento das subvencións ou con cargo ás que poidan realizarse as disposicións dos fondos.

A negativa ao cumprimento desta obriga considerárase resistencia, escusa, obstrución ou negativa para os efectos previstos no apartado 9 deste artigo, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, puidesen corresponder.

- 12.- O **control financeiro** poderá estenderse ás persoas físicas ou xurídicas ás que se atopen asociadas os beneficiarios, así como a calquera outra persoa susceptible de presentar un interese na consecución dos obxectivos, na realización das actividades, na execución dos proxectos ou na adopción dos comportamentos.

13.- Os órganos de control das administracións públicas, en aplicación da normativa comunitaria, poderán levar a cabo, ademais, controis e verificacións dos procedementos de xestión dos distintos órganos xestores que interveñan na concesión e xestión e no pagamento das axudas cofinanciadas con fondos comunitarios que permitan garantir a correcta xestión financeira dos fondos comunitarios.

Artigo 79º. - Infraccións, sancións e réxime de responsabilidades¹⁴⁸.

Un.- Infraccións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de axudas e subvencións públicas as seguintes condutas, cando nelas interveña calquera forma de culpa:

1.- Constitúen infraccións moi graves:

- a) A obtención dunha axuda ou subvención con falsificación das condicións requiridas para a súa concesión ou ocultación das que a impedisen ou limitasen.
- b) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades ou dos bens recibidos para os fins para os que a axuda ou a subvención foi concedida, sempre que non se procedese á súa devolución sen previo requirimento.

¹⁴⁸ Este artigo foi modificado polo artigo 13 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro), co obxecto de adapta-la normativa autonómica á Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), que establece na súa disposición derradeira primeira o carácter de lexislación básica de parte do seu articulado.

O precepto foi desenvolto inicialmente polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11 de decembro. Corrección de erros no DOG nº 249, do 27 de decembro), que segue vixente no que non contradiga a normativa aplicable de rango superior.

- c) A resistencia, a escusa, a obstrución ou a negativa ás actuacións de control previstas, respectivamente, nos apartados 4 e 6 do artigo 78 desta lei, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento da finalidade e da realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, aos beneficiarios dos fondos recibidos de acordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención.
- e) As demais condutas tipificadas como infraccións moi graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

2.- Constitúen infraccións graves:

- a) O incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, á que se refire a letra e) do parágrafo catro do artigo 78 desta lei.
- b) O incumprimento das condicións establecidas con alteración substancial dos fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A falta de xustificación do emprego dado aos fondos recibidos logo de transcorrer o prazo establecido para a súa presentación.
- d) A obtención da condición de entidade colaboradora con falsificación dos requisitos requiridos nas bases

reguladoras da subvención ou ocultación dos que a impedisen.

- e) O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, se é o caso, o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións cando disto derive a obriga de reintegro.
 - f) As demais condutas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.
- 3.- Constitúen infraccións leves os incumprimentos das obrigas recollidas nesta lei e nas bases reguladoras de subvencións cando non constitúan infraccións graves ou moi graves e non operen como elemento de graduación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:
- a) A presentación fóra de prazo das contas xustificativas da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - b) A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.
 - c) O incumprimento das obrigas formais que, ao non estaren previstas de forma expresa no resto de parágrafos deste artigo, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención, nos termos establecidos regulamentariamente.
 - d) O incumprimento de obrigas de índole contable ou rexistral, en particular:
 - 1.- A inexactitude ou a omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e nos rexistros legalmente exixidos.
 - 2.- O incumprimento da obriga de levar ou conservar a contabilidade, os rexistros legalmente establecidos, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e os sistemas de codificación utilizados.

3.- Levar contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, non permitan coñecer a verdadeira situación da entidade.

4.- A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.

- e) O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.
- f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas no apartado 6 do artigo 78 desta lei que non estean previstas de forma expresa no resto de apartados deste artigo.
- g) A resistencia, a obstrución, a escusa ou a negativa ás actuacións de control financeiro.

Enténdese que existen as circunstancias cando o responsable das infraccións administrativas en materia de subvencións, debidamente notificado para o efecto, realízase actuacións tendentes a dilatar, empecer ou impedir as actuacións dos funcionarios da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio de funcións de control financeiro.¹⁴⁹

Entre outras, constitúen resistencia, obstrución, escusa ou negativa as seguintes condutas:

- 1.- Non achegar ou non facilitar o exame de documentos, informes antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, xustificantes, asentos de contabilidade, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato obxecto de comprobación.
- 2.- Non atender ningún requirimento.

¹⁴⁹ Artigo 94.3 desta lei.

- 3.- A incomparecencia, agás causa xustificada, no lugar e tempo sinalado.
- 4.- Negar ou impedir indebidamente a entrada ou a permanencia en locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que existan indicios probatorios para a correcta xustificación dos fondos percibidos polo beneficiario ou pola entidade colaboradora ou da realidade e regularidade da actividade subvencionada.
- 5.- As coaccións ao persoal controlador que realice o control financeiro.
 - h) O incumprimento da obriga de colaboración por parte das persoas ou entidades ás que se refire o apartado 11 do artigo 78 desta lei, cando disto derive a imposibilidade de contrastar a información facilitada polo beneficiario ou pola entidade colaboradora.
 - i) As demais condutas tipificadas como infracción leve na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

Dous.- Sancións.

- 1.- As infraccións administrativas serán sancionadas de forma acumulativa de acordo coa seguinte escala:
 - A) Infraccións moi graves:
 - a) Multa do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida ou, no caso de entidade colaboradora, dos fondos recibidos.
 - b) A perda, tanto no suposto de beneficiario coma de entidade colaboradora, durante o prazo de tres a cinco anos, do dereito a obter axudas ou subvencións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou a ser designados como entidade colaboradora.

- c) Prohibición, durante un prazo de tres a cinco anos, de asinar contratos coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) Infraccións graves:

- a) Multa do tanto ao duplo da cantidade indebidamente obtida ou, no caso de entidade colaboradora, dos fondos recibidos.
- b) A perda, tanto no suposto de beneficiario coma de entidade colaboradora, durante o prazo dun a tres anos, do dereito a obter axudas ou subvencións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou a ser designados como entidade colaboradora.
- c) Prohibición, durante un prazo dun a tres anos, de asinar contratos coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

C) Infraccións leves:

- a) Multa fixa entre 75 e 6.000 euros.
- b) Multa de ata o tanto da cantidade indebidamente obtida ou do importe da cantidade non xustificada ou, no caso de entidade colaboradora, dos fondos recibidos.

2.- As sancións das infraccións administrativas previstas neste artigo graduaranse en atención á existencia de intencionalidade, participación e beneficio obtido, á transcendencia social e natureza dos prexuízos causados e á reincidencia na comisión de infraccións.

3.- As sancións ás que se refire o parágrafo anterior enténdense sen prexuízo da obriga de reintegro prevista no artigo 78.10 desta lei, así como das indemnizacións de danos e perdas que puidesen exixirse e, se é o caso, da responsabilidade penal.

Tres.- Prescrición de infraccións e sancións.

As infraccións prescribirán no prazo de catro anos, contado desde o día no que a infracción se producise.

As sancións prescribirán no prazo de catro anos, contado desde o día seguinte a aquel no que adquirise firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.

O prazo de prescrición interromperase consonte o establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A prescrición aplicarase de oficio, sen prexuízo de que poida ser solicitada a súa declaración polo interesado.

Catro.- Réxime de responsabilidades.

- 1.- Serán responsables da obriga de reintegro os beneficiarios ou, se é o caso, as entidades colaboradoras nos termos e casos previstos no apartado 10 do artigo 78 desta lei.

Os membros das persoas e das entidades previstas no parágrafo segundo e cuarto do apartado 4 do artigo 78 desta lei responderán solidariamente da obriga de reintegro do beneficiario en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a efectuar.

Responderán solidariamente da obriga de reintegro os representantes legais do beneficiario cando este carecese de capacidade de obrar.

Responderán solidariamente os membros, os partícipes ou os cotitulares das entidades ás que se refire o parágrafo cuarto do apartado 4 do artigo 78 desta lei en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

2.- Serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os entes sen personalidade aos que se refire o parágrafo cuarto do apartado 4 do artigo 78 desta lei, que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei, e, en particular, as seguintes:

- a) Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas ou das entidades previstas nos parágrafos segundo e cuarto do apartado 4 do artigo 78 desta lei, en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a realizar.
- b) As entidades colaboradoras.
- c) O representante legal dos beneficiarios de subvencións que carezan de capacidade de obrar.
- d) As persoas ou as entidades relacionadas co obxecto da subvención ou a súa xustificación obrigadas a prestaren colaboración e facilitaren canta documentación lles sexa requirida en cumprimento do disposto no apartado 11 do artigo 78 desta lei.

Responderán solidariamente da sanción pecuniaria os membros, os partícipes ou os cotitulares das entidades ás que se refire o parágrafo terceiro do apartado 4 do artigo 78 desta lei en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

3.- Serán responsables subsidiariamente da obriga de reintegro e das sancións pecuniarias os administradores ou aqueles que teñan a representación legal das persoas xurídicas, de acordo coas disposicións legais ou estatutarias que lles resulten aplicables, que non realizen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, adoptasen acordos que fixesen posibles os incumprimentos ou consentisen os de quen deles dependa.

Así mesmo, os que teñan a representación legal das persoas xurídicas, de acordo coas disposicións legais ou estatutarias que lles resulten aplicables, que cesasen nas súas actividades responderán subsidiariamente en todo caso das obrigas de reintegro destas.

4. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas de reintegro e sancións pendentes transmitiránelles aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase ou debese adxudicar.
5. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, os partícipes ou os cotitulares, as sancións pendentes transmitiránelles a estes, que quedarán obrigados solidariamente ao seu cumprimento.
6. As accións ou as omisións tipificadas nesta lei non darán lugar á responsabilidade por infracción administrativa en materia de subvencións nos seguintes supostos:
 - a) Cando se realicen por quen careza de capacidade para obrar.
 - b) Cando concorra forza maior.
 - c) Cando deriven dunha decisión colectiva, para quen salvase o seu voto ou non asistise á reunión na que se tomou aquela.
- 7.- A responsabilidade derivada das infraccións extinguese polo pagamento ou o cumprimento da sanción, por prescrición ou por falecemento.

Cinco.- Órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora.

- 1.- Será competente para a resolución do procedemento sancionador, nas infraccións leves e graves, o titular do

departamento que concedese a axuda ou a subvención ou ao que estivese adscrito o órgano concedente. A resolución das infraccións moi graves, así como a daquelas subvencións que autorizase, calquera que fose a cualificación xurídica da infracción, é competencia do Consello da Xunta.

- 2.- A imposición das sancións efectuarase mediante expediente administrativo, no que, en todo caso, se lle dará audiencia ao interesado antes de ditar o acordo correspondente, e que será tramitado consonte o disposto na lexislación de carácter xeral que regule o procedemento sancionador. Os acordos de imposicións de sancións poñerán fin á vía administrativa.
- 3.- O expediente iníciarase de oficio, como consecuencia da actuación investigadora desenvolvida polo órgano concedente ou pola entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro efectuadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e dos procedementos fiscalizadores do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- 4.- Nos supostos nos que a conduta puidese ser constitutiva de delito, a administración pasará o tanto de culpa á xurisdición competente e acordará a suspensión do procedemento sancionador ata que recaia resolución xudicial firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal. A pena imposta pola autoridade xudicial excluírá a imposición de sanción administrativa se se lle impuxo ao mesmo suxeito polos mesmos feitos e idéntico fundamento aos considerados no procedemento sancionador. De non estimarse a existencia de delito, a administración iníciará ou continuará o expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

- 5.- No non previsto neste artigo, será aplicable o establecido na lexislación xeral sobre potestade sancionadora¹⁵⁰ vixente en cada momento.

Artigo 80º.- Liquidación¹⁵¹.

- 1.- O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos liquidados e ó pagamento de obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro do ano natural correspondente, e quedarán a cargo da Tesourería da Comunidade Autónoma os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento segundo as súas respectivas contraccións.
- 2.- Non obstante, aplicaranse ó exercicio corrente os ingresos procedentes de dereitos liquidados que non sexan esixibles no momento do pechamento do exercicio orzamentario en virtude do aprazamento, dos fraccionamentos e das moratorias legalmente concedidos, así como os que se encontren dentro do prazo legal para realiza-lo ingreso en período voluntario. Neste suposto, deberase proceder a dar de baixa os indicados dereitos nas contas xustificativas da xestión de recursos imputables ó exercicio que se cerra, antes da súa inclusión nas contas do exercicio seguinte.
- 3.- Os demais ingresos que se realicen unha vez cerrado o exercicio orzamentario respectivo quedarán desafectados do destino específico que, se é o caso, lles correspondese, sen prexuízo do seu recoñecemento e nova afectación con

¹⁵⁰ Téñanse en conta os artigos 127 a 138 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro). Esta área xurídica está desenvolta polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora (BOE nº 189, do 9 de agosto).

¹⁵¹ Téñase presente a orde anual da Consellería de Economía e Facenda na que se regulan as operacións de peche de cada exercicio económico en relación coa contabilidade dos gastos públicos.

cargo ó orzamento do exercicio en curso, naqueloutros supostos que así se determinen.

Artigo 81º.- Remanentes de Tesourería.

- 1.- O remanente de Tesourería da Comunidade ou de cada un dos seus organismos autónomos administrativos con referencia a un exercicio orzamentario determinado estará formado pola suma das dispoñibilidades líquidas e mailos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, menos as obrigas recoñecidas pendentes de pagamento, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior.
- 2.- Entenderase por remanente de Tesourería dispoñible aquel que non estea afectado ó financiamento específico de determinados gastos.

O remanente de Tesourería dispoñible poderá afectarse na súa totalidade ou en parte ó financiamento do orzamento inicial de gastos ou ó financiamento de modificacións orzamentarias, unha vez que sexa suficientemente comprobada a súa dispoñibilidade.

- 3.- A diferenza que en cada momento exista entre o remanente dispoñible e o afectado ó financiamento do orzamento inicial ou de modificacións orzamentarias ó longo do exercicio constituirá o remanente líquido.
- 4.- No caso de resultar un remanente de Tesourería negativo ó longo do exercicio, o organismo autónomo afectado instruirá o oportuno expediente de modificación orzamentaria ante a Consellería de Economía e Facenda, no que se propoñerá a baixa naqueles créditos que considere adecuados para o financiamento daquel.

No orzamento que non sexa de organismos autónomos, o Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, dará de baixa créditos das distintas consellerías.

De non ser posible, no orzamento seguinte compensaranse con menores gastos.

CAPÍTULO IV

Normas de especial aplicación para os organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo

Artigo 82º.- Orzamentos dos organismos autónomos¹⁵².

- 1.- Dos orzamentos dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos formarán parte os seguintes estados financeiros:
 - a) Conta de operacións comerciais.
 - b) Conta de explotación.
 - c) Estado demostrativo da variación do fondo de manobra.
 - d) Cadro de financiamento.
- 2.- O resultado que se derive dos estados financeiros correspondentes ás alíneas a) e c) do número anterior terá o adecuado reflexo no orzamento de ingresos do organismo autónomo respectivo.
- 3.- As operacións propias da actividade específica destes organismos, recollidas na conta de operacións comerciais, non estarán sometidas ó réxime de limitacións establecido no artigo 56 desta lei para os créditos incluídos nos estados de gastos dos seus orzamentos.
- 4.- A Consellería de Economía e Facenda establecerá as estruturas¹⁵³ dos estados financeiros indicados adaptados ás súas distintas especialidades, así como os criterios xerais que

¹⁵² Artigo 11 desta lei.

¹⁵³ Téñase en conta a orde anual da Consellería de Economía e Facenda sobre a normativa que se debe seguir para a confección dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

se aplicarán para a imputación de gastos á conta de operacións comerciais, segundo o principio xeral de que, agás os gastos xerais de persoal, se lle poderán imputar a esta todos aqueles gastos que forman parte directa ou indirectamente do custo dos produtos vendidos, dos servizos prestados ou dos bens producidos.

- 5.- O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, sen prexuízo dos axustes necesarios cando as operacións que realice o organismo autónomo estean vinculadas a un ciclo productivo distinto que non poderá ser superior a doce meses.

CAPÍTULO V

Normas de especial aplicación ás sociedades públicas

Artigo 83º.- Programas de sociedades públicas.

- 1.- As sociedades a que se refire o número 1 do artigo 12 desta lei elaborarán anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento e a súa finalidade será a de mostra-la planificación xeral da súa actividade a un nivel de agregación adecuado que permita apreciar os obxectivos que vai conseguir a sociedade a medio prazo e no ano económico correspondente ó exercicio orzado.
- 2.- A estrutura dos programas de actuación, investimentos e financiamento determinará a Consellería de Economía e Facenda¹⁵⁴ e terá, polo menos, o seguinte contido:
 - a) Un estado no que se recollan os investimentos reais e financeiros que se prevexan dentro dun marco plurianual.
 - b) Un estado no que, para o mesmo período, se conteñan as súas fontes de financiamento, con especificación das

¹⁵⁴ Consúltase a nota ó artigo 82.4 desta lei.

achegas de calquera clase que se prevexan recibir da Comunidade ou dos seus organismos autónomos.

- c) Unha exposición dos obxectivos que se deben acadar no dito período plurianual e das características básicas da súa actividade económica.
 - d) Unha memoria da avaliación económica dos investimentos programados durante o período.
- 3.- Estas sociedades elaborarán ademais, anualmente, un orzamento de explotación, que detallará o contido da súa conta de explotación, e un orzamento de capital, no que se especificarán as orixes e a aplicación dos seus fondos¹⁵⁵.
- 4.- Os orzamentos de capital mencionados no número anterior recollerán cun maior detalle as cifras contidas na primeira anualidade do programa de actuación, investimentos e financiamento, adaptando as ditas cifras ás posibilidades reais de financiamento que resulten do proceso de elaboración orzamentaria.

As estimacións contidas nos orzamentos de explotación e de capital das sociedades públicas remitiráselle, para o seu coñecemento e aprobación, ó Parlamento de Galicia formando parte dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

As sociedades públicas que se creen ó longo do exercicio adaptarán a súa actividade durante a parte do ano natural correspondente ó que prevexa o seu programa de actuación, investimentos e financiamento.

- 5.- As variacións nos orzamentos a que se refire o número 3 deste artigo que non afecten a subvencións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e que supoñan incremento ou

¹⁵⁵ Véxase, para o ano 2005, a disposición adicional terceira da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 (DOG nº 253, do 30 de decembro).

diminución nos gastos de persoal, investimentos reais ou financeiros e endebedamento neto sobre as inicialmente previstas serán autorizadas polo conselleiro de Economía e Facenda cando o seu importe non exceda do 10% de cada unha das clases de gastos antes indicados que se propoñan modificar, e pola Xunta de Galicia nos demais casos.

- 6.- A estrutura básica dos orzamentos de explotación e capital establecerá a Consellería de Economía e Facenda e desenvolverá cada sociedade en función das súas necesidades seguindo as directrices do plan de contabilidade aplicable.

Artigo 84º.- Prazo e tramitación.

- 1.- As sociedades públicas ás que se refire este capítulo elaborarán antes do 15 de maio de cada ano o programa de actuación, investimentos e financiamento que irá acompañado dunha memoria explicativa do contido do programa e das modificacións introducidas na programación plurianual en relación cos que se encontren en vigor.

No caso das sociedades a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 12º desta lei, que se encontren en relación con outra ou outras sociedades das que sexan socios en calquera dos supostos previstos no artigo 42º do Código de comercio, deberán presenta-lo programa de forma consolidada coas ditas sociedades.

No suposto das sociedades a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 12º desta lei, que sexan titulares da maioría das accións dunha ou varias sociedades, deberán presenta-lo programa consolidado coas ditas sociedades.

Non están obrigadas a presenta-lo programa de actuación, investimentos e financiamento aquelas sociedades das previstas na letra a) do número 1 do artigo 12º desta lei que,

de acordo coa Lei de sociedades anónimas¹⁵⁶, poidan presentar balance abreviado, agás que reciban subvencións de explotación ou capital con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

- 2.- Os programas a que se refire o número 1 anterior someteranse á aprobación da Xunta de Galicia antes do 1 de xullo de cada ano, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, considerándose condicionadas as achegas, figuradas neles con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, ás resultantes da tramitación e definitiva aprobación destes.
- 3.- A Xunta daralle conta ó Parlamento de Galicia dos principios que informan os programas de actuación das sociedades públicas galegas.

Artigo 85º.- Remisión.

Os orzamentos de explotación e capital que se teñan que elaborar de acordo co disposto no número 3 do artigo 83º desta lei seránlle remitidos polas correspondentes sociedades públicas á consellería da que dependan, que llos remitirá á de Economía e Facenda xunto co resto da documentación para a elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais a que fai referencia o artigo 51º desta lei.

Estes orzamentos de explotación e capital irán acompañados:

- a) Dunha memoria xustificativa do seu contido con indicación de obxectivos.
- b) Da liquidación dos do exercicio anterior e un avance de liquidación dos do corrente.

¹⁵⁶ Aprobada polo Real Decreto Legislativo 1564/1989, do 22 de decembro (BOE nº 310, do 27 de decembro).

- c) Do balance pechado do exercicio anterior, o avance do exercicio corrente e o provisional do exercicio ó que os ditos orzamentos correspondan.

Artigo 86º.- Supostos macroeconómicos.

- 1.- Os convenios que a Comunidade Autónoma estableza coas sociedades públicas galegas ou participadas, ou con outras que, aínda non dependendo dela, sexan beneficiarias de avais ou reciban subvencións con cargo ós seus orzamentos xerais, incluírán, en calquera caso, as cláusulas correspondentes ás seguintes materias:
 - a) Supostos macroeconómicos e sectoriais que sirvan de base ó contido do convenio.
 - b) Obxectivos da política de persoal, rendibilidade, produtividade ou reestruturación técnica da explotación económica, así como os métodos de avaliación daquelas.
 - c) Achegas ou avais da Comunidade ou dos seus organismos autónomos.
 - d) Procedementos para adapta-los obxectivos acordados ás variacións que se produzan no respectivo medio económico.
 - e) Control pola Comunidade Autónoma da execución do convenio e da posterior explotación económica.
- 2.- A subscrición do convenio non exclúe a elaboración e execución do programa e dos orzamentos de explotación e de capital a que se refire o artigo 83 desta lei.

TÍTULO IV

Da Tesourería

Artigo 87º.- Concepto.

- 1.- Constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia tódolos recursos financeiros, sexan diñeiro, valores, créditos e os demais produtos das operacións de endebedamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos que se xeren tanto por operacións orzamentarias coma extraorzamentarias.
- 2.- As disposicións da Tesourería e as variacións que poidan sufrir están suxeitas ó réxime de intervención e deben ser rexistradas de conformidade coas normas de contabilidade pública. Poderán establecerse procedementos especiais de anotación en conta para aqueles movementos internos de efectivo entre as distintas contas operativas da Tesourería que determine o conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 88º.- Funcións.

Son funcións propias da Tesourería:

- a) A xestión recadatoria dos recursos e o pagamento das obrigas da Comunidade e dos seus organismos autónomos.
- b) Instrumentar e servir ó principio de unidade de caixa, mediante a centralización de tódolos fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- c) Distribuír no tempo e no territorio as disposicións diñeirarias para a satisfacción puntual das obrigas da Comunidade.
- d) Velar pola obtención da axeitada rendibilidade dos recursos dispoñibles da Comunidade sen menoscabo dos fins propios da Tesourería.

- e) Responder dos avais contraídos pola Comunidade conforme as disposicións desta lei¹⁵⁷.
- f) As demais funcións que se deriven ou relacionen coas anteriores enumeradas.

Artigo 89º.- Situación dos fondos da Comunidade Autónoma.

- 1.- Con carácter xeral a Tesourería da Comunidade situará os fondos públicos no Banco de España ou nas entidades de crédito e aforro galegas ou que operen en Galicia, en contas das que, en todo caso, posuira a titularidade.
- 2.- A Tesourería da Comunidade poderá instrumentar todas aquelas operacións activas que considere convenientes para mante-la adecuada rendibilidade dos fondos ó seu cargo, guiada en todo caso polo principio de seguridade na súa colocación.
- 3.- O réxime xeral de autorizacións para a situación e colocación de fondos, a natureza das contas, o control e a disposición dos fondos e dos servizos de colaboración que se vaian concertar coas entidades financeiras indicadas no parágrafo anterior establecerá a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 90º.- Situación dos fondos dos organismos autónomos.

- 1.- Os fondos dos organismos autónomos situaranse en contas diferenciadas coa autorización expresa da Consellería de Economía e Facenda e baixo o control da Tesourería, utilizando rúbricas que conteñan a denominación xeral de "Organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia", tendo a consideración, para tódolos efectos, de fondos da propia Tesourería.
- 2.- Os ditos fondos poderán estar situados no Banco de España ou noutras entidades de crédito e aforro galegas ou que

¹⁵⁷ Artigos 40 a 45 da presente lei.

operen en Galicia, necesitando autorización expresa da Consellería de Economía e Facenda para a apertura de cada conta e para a determinación das súas condicións de funcionamento, logo de solicitude motivada, que poderá ordena-la súa cancelación ou suspende-la súa utilización se se comprobase que non subsisten as condicións que motivaron a autorización de apertura.

- 3.- As entidades financeiras indicadas no punto anterior teñen para coa Tesourería da Comunidade Autónoma, á súa solicitude, as mesmas obrigas de información que para coas consellerías e cos organismos autónomos titulares das contas abertas nelas.
- 4.- A Consellería de Economía e Facenda poderá propoñerlle ó Consello da Xunta que as operacións de ingreso e de ordenación e realización material do pagamento dos organismos autónomos¹⁵⁸ e dos entes públicos a que fai referencia a alínea b) do punto 1 do artigo 12º desta lei se realicen pola Tesourería da Xunta, para o cal se establecerá o correspondente procedemento.

Artigo 91º.- Ingresos e medios de pagamento.

- 1.- Os ingresos a favor da Tesourería poderán realizarse no Banco de España, nas caixas da propia Tesourería ou nas que se habiliten nos organismos autónomos e nas entidades colaboradoras daquela¹⁵⁹.

¹⁵⁸ Téñase presente o Decreto 302/1992, do 22 de outubro, polo que se establece o procedemento para a realización das operacións de tesourería do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 212, do 30 de outubro. Corrección de erros no DOG nº 218, do 9 de novembro).

¹⁵⁹ Véxase o Decreto 243/1992, do 30 de xullo, polo que se establece o servizo de caixa nas delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda a través de entidades financeiras (DOG nº 157, do 13 de agosto). Véxase tamén a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 25 de xuño de 1993 pola que se dictan normas de actuación das entidades de depósito que prestan servizo de caixa nas delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 122, do 29 de xuño).

- 2.- Os medios de pagamento admisibles polas caixas da Tesourería poderán consistir en diñeiro de curso legal, cheques nominativos, xiros, transferencias ou calquera outro medio de pagamento legalmente establecido. A Consellería de Economía e Facenda establecerá as condicións que terán que cumprir e o momento no que en cada caso se producirá a liberación da débeda.
- 3.- A Tesourería poderá darlles cumprimento ás súas obrigas por calquera dos medios de pagamento a que se fai referencia no parágrafo anterior.

Artigo 92º.- Fluxos financeiros.

Para unha mellor xestión da Tesourería e unha adecuada análise do seu funcionamento, deberase elaborar trimestralmente un cadro de seguimento dos fluxos financeiros derivados da actividade da Comunidade e dos seus organismos autónomos, no marco das previsións dun orzamento monetario.

TÍTULO V

Do control interno e da contabilidade

CAPÍTULO I

Do control interno

Sección primeira. Aspectos xerais

Artigo 93º.- Control interno da actividade económico-financeira.

- 1.- O control interno da actividade económico-financeira da Comunidade, dos seus organismos autónomos e entes públicos e das sociedades públicas exercerao a Intervención Xeral¹⁶⁰, sen prexuízo das competencias do Consello de Contas de Galicia¹⁶¹ e, se é o caso, do Tribunal de Contas¹⁶².
- 2.- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións de control interno con plena autonomía respecto dos órganos responsables da xestión controlada.

¹⁶⁰ Sobre a súa estrutura e funcións, véxase o artigo 5 do Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 113, do 14 de xuño), modificado polo Decreto 247/2004, do 21 de outubro (DOG nº 211, do 29 de outubro).

¹⁶¹ Véxase o artigo 53.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Así mesmo, a Lei 6/1985, do 24 de maio, do Consello de Contas (DOG nº 130, do 9 de xullo), modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro (DOG nº 4, do 8 de xaneiro de 1987), a resolución do Parlamento de Galicia do 25 de xuño de 1992 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia (DOG nº 138, do 17 de xullo), así como a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 3 de maio de 1999 pola que se regula o procedemento para lle librar ó Consello de Contas as dotacións ás que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 11/1996, do 30 de decembro, e o procedemento de remisión á Facenda autonómica de determinados ingresos (DOG nº 90, do 12 de maio).

¹⁶² Téñanse en conta os artigos 136 e 153.d) da Constitución. Así mesmo, a Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas (BOE nº 121, do 21 de maio) e a Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas (BOE nº 84, do 7 de abril), modificada pola Lei 31/1991, do 30 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro) e pola Lei 22/1993, do 29 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro).

Artigo 94º.- O seu exercicio.

- 1.- O exercicio do control interno realizarase a través da función interventora e do control financeiro¹⁶³.
- 2.- A función interventora ten por obxecto controlar tódolos actos, documentos e expedientes da Comunidade e dos seus organismos autónomos dos que puidesen derivarse dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e pagamentos que deles se deriven e, en xeral, a recadación, o investimento ou a aplicación dos fondos públicos, co fin de asegurar que a xestión dos órganos controlados se axuste ás disposicións aplicables a cada caso.
- 3.- O control financeiro exercerao a Intervención Xeral de conformidade co previsto en cada caso e na forma que regulamentariamente se estableza respecto dos servicios da Comunidade, dos organismos autónomos, dos entes públicos e das sociedades públicas para comproba-lo seu adecuado funcionamento tanto no aspecto organizativo coma no económico-financeiro¹⁶⁴.

Así mesmo exercerase o control financeiro respecto das sociedades mercantís, empresas, entidades e particulares por razón das subvencións, créditos, avais e demais axudas da Comunidade ou dos seus organismos autónomos, concedidos con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade. Neste caso o control financeiro terá por obxecto comproba-la adecuada e correcta obtención e utilización das indicadas subvencións e axudas e mailo cumprimento dos obxectivos que con elas se pretenden alcanzar¹⁶⁵.

¹⁶³ Sobre a función interventora, véxanse os artigos 95 e seguintes desta lei. Sobre o control financeiro, os artigos 103 e seguintes.

¹⁶⁴ Este apartado está complementado, en relación ás fundacións, co artigo 11 da Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que téñen participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (DOG nº 227, do 2 de novembro).

¹⁶⁵ En relación ás subvencións e ós avais deben terse en conta, respectivamente, os artigos 78 e 79 da presente lei, por unha banda, e 40 a 45 por outra.

- 4.- Malia o disposto na alínea 3 deste artigo, por acordo da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá establecerse o control interno realizado a través da función interventora¹⁶⁶ en organismos autónomos, sociedades e entes públicos.

Sección segunda. Da función interventora

Artigo 95º.- Fases.

- 1.- A función interventora exercerase¹⁶⁷ a través das seguintes fases:
 - a) A fiscalización ou intervención previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigas de contido económico ou movemento de fondos e valores.
 - b) A intervención formal do ordenamento do pagamento.
 - c) A intervención material do pagamento.
 - d) A intervención da aplicación das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servicios, que comprenderá o exame documental e, se é o caso, a comprobación material.
- 2.- Son inherentes á función interventora as seguintes competencias:
 - a) Interpoñer recursos e reclamacións nos supostos recollidos nas disposicións vixentes.

¹⁶⁶ O Consello da Xunta de Galicia adoptou o 29 de marzo de 1996 un acordo polo que se establece o control interno a través da función interventora no IGAPE e no ente público Portos de Galicia.

¹⁶⁷ Téñase en conta a Circular 6/1986, do 28 de novembro, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre tramitación de documentos contables e exercicio da función interventora (DOG nº 10, do 16 de xaneiro de 1987).

- b) Solicitar dos órganos competentes o asesoramento xurídico ou os informes técnicos que se precisen en función da natureza do acto, documento ou expediente intervido, así como os antecedentes e documentos necesarios para o exercicio da dita función.

Artigo 96º.- Principios.

- 1.- A función interventora exercerase conforme os principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado, xerarquía interna e actuación contradictoria.
- 2.- O exercicio da función interventora organizarase de forma desconcentrada a través das intervencións delegadas situadas ou próximas ós órganos sometidos a control. O interventor xeral da Comunidade poderá avoca-lo exercicio da función respecto de calquera acto ou expediente que estime oportuno.

Reglamentariamente establecerase a competencia dos interventores delegados do interventor xeral da Comunidade¹⁶⁸.

Artigo 97º.- Intervención limitada.

- 1.- Non estarán sometidos a intervención previa:
 - a) Os gastos de obras, de xestión de servizos públicos, de subministración, de consultoría e asistencia e dos servizos, por importe inferior ó que de se-lo caso se estableza na Lei de orzamentos de cada ano¹⁶⁹.

¹⁶⁸ En relación ás funcións das intervencións delegadas, téñanse en conta o artigo 5º.4.6 do Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 113, do 14 de xuño).

¹⁶⁹ Apartado modificado polo artigo 14 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG nº 251, do 29 de decembro). A súa redacción anterior era:

“a) Os gastos de obras, de xestión administrativa, de subministración, de consultoría e asistencia e dos servizos, por importe inferior ó que se é o caso se estableza na Lei de orzamentos de cada ano”.

- b) Os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que deriven, ou as súas modificacións, así como aqueloutros gastos que de acordo coa normativa vixente se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.
 - c) A autorización e disposición das subvencións que figuren nos orzamentos con asignación nominativa¹⁷⁰.
- 2.- A Xunta de Galicia poderá acordar, logo de informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, que a intervención previa en cada unha das consellerías ou nos seus distintos servicios, organismos autónomos ou sociedades e entes públicos se limite¹⁷¹ a comproba-los extremos seguintes:
- a) A existencia de crédito orzamentario e que este é o adecuado á natureza do gasto ou da obriga que se propón contraer.
- Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 58º desta lei.
- b) Que as obrigas ou gastos as xeran órganos competentes.

Véxase para o ano 2005 o artigo 33 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, que fixa este importe en 6.600 euros.

170 Apartado modificado polo artigo 7 da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro). A súa redacción anterior era:

“Non estarán sometidos a intervención previa os gastos en material non inventariable, subministracións menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que se deriven ou as súas modificacións, así como aqueloutros gastos que de acordo coa normativa vixente se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa. Así mesmo, tampouco estarán suxeitas a intervención previa as subvencións que figuren nos orzamentos con asignación nominativa.”

171 Véxase a Resolución da Consellería de Economía e Facenda pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, no que se lle dá aplicación á previsión do artigo 97 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, respecto do exercicio da intervención limitada previa (DOG nº 82, do 30 de abril. Corrección de erros no DOG nº 103, do 1 de xuño).

- c) Aqueloutros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determine o Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Os interventores delegados poderán formula-las observacións complementarias que consideren convenientes, sen que estas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes.

- 3.- O disposto no número anterior non será de aplicación respecto das obrigas ou dos gastos de contía indeterminada e daqueles outros que deban ser aprobados polo Consello da Xunta¹⁷².

- 4.- As obrigas ou os gastos sometidos á fiscalización limitada a que se refire o número 2 deste artigo serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Os interventores delegados que realicen as fiscalizacións con posterioridade deberán emitir informe escrito no que fagan constar cantas observacións e conclusións se deduzan delas. Estes informes remitiráselle ó titular da consellería para que formule, se é o caso, e no prazo de quince días, as alegacións que considere oportunas, e posteriormente elevaráselle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

¹⁷² Véxase o artigo 36 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 (DOG nº 253, do 30 de decembro).

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma daralles conta ó Consello da Xunta e ós centros directivos que resulten afectados dos resultados máis importantes da fiscalización realizada con posterioridade, e, se é o caso, propoñerá as actuacións que resulten aconsellables para asegurar que a administración dos recursos públicos se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

- 5.- Con independencia do disposto no número anterior, o conselleiro de Economía e Facenda, por proposta do interventor xeral da Comunidade Autónoma, poderá acordar en qué casos a función interventora será exercida sobre unha mostra e non sobre o total de actos, documentos ou expedientes suxeitos á intervención previa¹⁷³.

A Intervención Xeral determinará nestes casos os procedementos que se deban aplicar para a selección, a identificación e o tratamento da mostra de procedemento.

- 6.- A fiscalización previa dos dereitos será substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, e estableceranse as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Artigo 98º.- Documentación e prazo.

- 1.- A Intervención exercerá a función interventora á vista do expediente orixinal completo unha vez reunidos tódolos xustificantes e emitidos os informes preceptivos e que estea, polo tanto, en disposición de que se dicte acordo por quen corresponda.
- 2.- O expediente será fiscalizado no prazo de dez días contados a partir do seguinte ó da data de recepción, que se reducirá a cinco días computados de igual forma cando se declarase

¹⁷³ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 1999 sobre o exercicio da función interventora polo procedemento de mostraxe (DOG nº 235, do 7 de decembro. Corrección de erros no DOG nº 245, do 22 de decembro).

urxente a tramitación do expediente ou se aplicase o réxime especial de fiscalización previsto no número 2 do artigo 97º.

- 3.- Cando a Intervención faga uso da facultade a que se refire a alínea b) do número 2 do artigo 95º, suspenderase o prazo mencionado no número 2 anterior, debendo darlle conta da dita circunstancia ó órgano xestor propoñente do gasto.

Artigo 99º.- Reparos e reclamacións.

- 1.- Se a Intervención se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, expedientes ou documentos examinados, deberá formula-los seus reparos por escrito. Os ditos reparos deberán ser motivados con razoamentos fundados en normas que apoién o criterio sustentado e deberán conter tódalas obxeccións realizadas ó expediente.
- 2.- Cando a desconformidade se refira ó recoñecemento ou á liquidación de dereitos a favor da Facenda da Comunidade Autónoma, as observacións formularanse en notas de reparos e, en caso de subsistir a discrepancia, mediante a interposición dos recursos ou das reclamacións que procedan.

Artigo 100º.- Suspensión do expediente.

- 1.- Se os reparos afectan a autorización e disposición de gastos, o recoñecemento de obrigas ou o ordenamento de pagamentos, orixinarase a suspensión da tramitación do expediente, ata que aqueles non sexan emendados nos seguintes casos:
 - a) Cando se baseen na insuficiencia ou inadecuación do crédito ó que se lle propoña imputa-lo gasto, a obriga ou o pagamento.
 - b) Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa das ordes de pagamento ou non se acredite suficientemente o dereito do perceptor.

- c) Cando o gasto se lle propoña a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.
 - d) Cando se omitan no expediente requisitos ou trámites que se consideren esenciais a xuízo da Intervención ou cando esta estime que a continuación do procedemento lles puidese causar crebas económicas á Comunidade Autónoma ou a un terceiro.
 - e) Cando o reparo sexa consecuencia de comprobacións de materiais de obras, subministracións, adquisicións e servicios.
- 2.- A Intervención poderá fiscalizar favorablemente, malia os defectos que se observen no expediente, sempre que os requisitos ou os trámites incumplidos non sexan esenciais.

Nestes supostos a eficacia da fiscalización quedará condicionada á reparación daqueles defectos con anterioridade á aprobación do expediente. O órgano xestor remitiralle á Intervención a documentación xustificativa de que se repararon os ditos defectos.

De non reparalo órgano xestor os defectos indicados, para a continuación do expediente considerarase formulado o correspondente reparo.

O previsto neste número non será aplicable naqueles supostos nos que a fiscalización previa se realice de forma limitada, de conformidade co disposto no número 2 do artigo 97º da presente lei.

Artigo 101º. Discrepancia.

- 1.- Cando o órgano ó que se dirixa o reparo o acepte, deberá repara-las deficiencias observadas e remitirle de novo as actuacións á Intervención.
- 2.- Cando o órgano xestor non acepte o reparo deducido, formulará discrepancia, que deberá ser motivada con citas dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.

A discrepancia resolverase da seguinte forma:

- a) Se o reparo fose formulado por unha intervención delegada, corresponderalle á Intervención Xeral da Comunidade coñecer da discrepancia, e a súa resolución será obrigada para aquela.
- b) Se o reparo fose formulado pola Intervención Xeral da Comunidade ou esta confirmase en todo ou en parte o dunha intervención delegada e subsista a discrepancia, corresponderalle á Xunta de Galicia adoptar unha resolución definitiva.

Artigo 102º.- Omisións.

- 1.- Nos supostos nos que, de acordo co disposto neste capítulo, a fiscalización previa da aprobación do gasto ou do recoñecemento da obriga fosen preceptivas e se omitisen, non se poderá recoñecer-la obriga, nin tramita-lo pagamento nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza ou resolva a dita omisión nos termos previstos neste artigo¹⁷⁴.
- 2.- Se o interventor xeral da Comunidade ou os seus delegados ó coñecer un expediente observasen algunha das omisións indicadas no número anterior manifestaranllo á autoridade que iniciase aquel e emitirán ó mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o titular da consellería de que aquela proceda somete-lo actuado á decisión da Xunta de Galicia para que adopte a resolución a que houbese lugar.

Este informe, que non terá natureza de fiscalización, poñerá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

¹⁷⁴ Véxase o artigo 2º do Decreto 63/1987, do 17 de marzo, sobre obrigas de exercicios pechados e sobre imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en anos anteriores (DOG nº 61, do 31 de marzo).

- As infraccións do ordenamento xurídico que, a xuízo do interventor, se producen no momento no que se adoptou o acto de aprobación do gasto sen fiscalización ou intervención previa.
- As prestacións que se realizan como consecuencia do dito acto.
- A posibilidade e conveniencia de revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento.

Os interventores delegados daranlle conta do seu informe á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no momento da súa emisión.

- 3.- Se o titular da consellería acordase somete-lo expediente á decisión da Xunta de Galicia, comunicarllo ó conselleiro de Economía e Facenda, por conducto da Intervención Xeral da Comunidade, con dez días de antelación á reunión do Consello no que se coñeza o asunto.

Ó expediente unirase unha memoria que inclúa unha explicación da omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa e, se é o caso, as observacións que estime convenientes respecto do informe da Intervención.

A Secretaría do Consello comunicarlle á Consellería correspondente, á de Economía e Facenda e á Intervención Xeral da Comunidade o acordo adoptado sobre o expediente para a súa toma de razón e cumprimento nos seus propios termos.

Sección terceira. Do control financeiro

Artigo 103º.- Finalidade e principios.

- 1.- O control financeiro ó que se refire o artigo 94 desta lei ten por finalidade procurar que a xestión económico-financeira do sector público galego se adecue ós principios de legalidade, economía, eficacia e eficiencia.

- 2.- O control financeiro exercerase con plena autonomía e independencia respecto das autoridades e entidades das que se controle a súa xestión, e poderá realizarse en réxime ordinario ou en réxime permanente.
- 3.- O control financeiro exercerase mediante a realización de auditorías ou outros tipos de control de conformidade co que se estableza regulamentariamente¹⁷⁵.

Artigo 104º.- Auditorías e clases.

- 1.- As auditorías a que se refire o artigo anterior consistirán na comprobación posterior da actividade económico-financeira do ente controlado, realizada de forma sistemática e mediante a aplicación de determinados procedementos de revisión a operacións ou actos singulares seleccionados para o efecto.
- 2.- As ditas auditorías, en función dos obxectivos e do alcance que para cada control se establezan, poderán ser das seguintes clases:
 - a) Auditoría financeira, que terá por obxecto a emisión dun dictame sobre se a información contable do órgano controlado se presenta de acordo cos principios, cos criterios e coas normas contables que sexan aplicables.
 - b) Auditoría de cumprimento, que ten por obxecto determinar se na xestión das operacións que dean lugar a dereitos e obrigas de contido económico, na xestión dos ingresos e pagamentos e mais na recadación, custodia, investimento ou aplicación en xeral dos recursos se cumpriu coa legalidade e coas normas e directrices, internas ou externas, que resulten aplicables.

¹⁷⁵ Véxase o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 31 de marzo de 1999, no que se lle dá aplicación á previsión do artigo 103 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, respecto do control financeiro (DOG nº 82, do 30 de abril. Corrección de erros no DOG nº 103, do 1 de xuño).

- c) Auditoría operativa, o obxecto da cal é a avaliación da eficacia e a eficiencia alcanzadas na xestión dos recursos públicos adscritos a unha entidade para o cumprimento dos seus obxectivos. Este sistema de auditoría será o utilizado para a avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos físicos e financeiros previstos nos programas de gasto.
- d) Auditorías de sistemas e procedementos, a finalidade das cales é recomendar e propoñer melloras e modificacións parciais ou xerais, nos procedementos de xestión económico-financeira, sobre a base das posibles debilidades ou disfuncionalidades detectadas na súa revisión.

Artigo 105º. Iniciación e desenvolvemento.

- 1.- O control financeiro ordinario iniciárase por acordo do interventor xeral da Comunidade, quen delimitará a clase e o alcance do control que se vai efectuar, e desenvolverase directamente por medio de funcionarios ou equipos de control destacados temporalmente para o efecto e dirixido por interventores dependentes do interventor xeral.
- 2.- O control financeiro permanente realizarase de acordo coas seguintes características:
 - a) Exercerao a Intervención Xeral da Comunidade a través das intervencións delegadas nos servizos, organismos, sociedades e entes públicos nos que se encontre establecido este réxime de control, sen prexuízo das actuacións de control ordinario que, con carácter excepcional e alcance limitado, poida realizar directamente o citado centro directivo.
 - b) As actuacións e os traballos necesarios para o seu desenvolvemento efectuaranse de forma permanente e continuada ó longo dos diferentes exercicios, e non se

requirirá acordo expreso da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para a súa iniciación.

- c) As ditas actuacións realizaranse, como regra xeral, sobre a base do principio de proximidade temporal respecto da actividade ou dos actos obxecto de control.
- d) A Intervención Delegada encargada do control financeiro permanente deberá recibir información permanente, actualizada e detallada da actividade obxecto de control, dos seus obxectivos e do avance no seu cumprimento, na forma e coa periodicidade que a dita oficina determina, co fin de ter un coñecemento completo dela.

Artigo 106º.- Ámbito de aplicación.

- 1.- O control financeiro permanente será aplicable nos seguintes entes do sector público de Galicia, sempre que, de conformidade co disposto no número 4 do artigo 94º desta lei, non estea establecida a función interventora:
 - a) Os organismos autónomos da Comunidade de carácter industrial, comercial, financeiro ou análogo.
 - b) O ente público Radiotelevisión de Galicia¹⁷⁶.
 - c) As consellerías, servicios, organismos autónomos de carácter administrativo, sociedades e entes públicos¹⁷⁷, calquera que sexa a súa denominación e forma xurídica, en que así se determine, de conformidade co previsto no punto seguinte.

¹⁷⁶ Téñase presente o Decreto 480/1990, do 10 de outubro, sobre control financeiro, réxime presupostario e contable do ente público C.R.TV.G. e as súas sociedades (DOG nº 210, do 25 de outubro).

¹⁷⁷ Véxase a Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xaneiro de 1993 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de xaneiro de 1993, no que se establece o control financeiro permanente do IGAPE (DOG nº 22, do 3 de febreiro).

- 2.- A aplicación do réxime de control financeiro permanente ás consellerías, servizos, organismos, sociedades e entes nos que actualmente non se encontre establecido efectuarase:
 - a) Mediante orde do conselleiro de Economía e Facenda por proposta da Intervención Xeral da Comunidade, nos supostos de consellerías, servizos ou organismos autónomos nos que xa exista Intervención Delegada.
 - b) Mediante acordo da Xunta por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, nos supostos de servizos, sociedades ou entes públicos nos que non exista Intervención Delegada da Intervención Xeral da Comunidade.
- 3.- A relación de dependencia e as condicións de funcionamento dos interventores delegados no exercicio do control financeiro permanente serán as mesmas cás vixentes para a función interventora.
- 4.- Para a aplicación do disposto neste artigo as intervencións delegadas encargadas do control financeiro permanente poderán requirir información referida a:
 - a) Dereitos e obrigas, compras e vendas.
 - b) Investimentos e outros contratos.
 - c) Cobros e pagamentos.
 - d) Composición e detalle de saldos en contabilidade.
 - e) Operacións que se vaian realizar ou en curso de especial significación ou importancia.
 - f) Existencias de fondos, de materiais e de bens de calquera natureza.
 - g) Calquera outro aspecto financeiro ou organizativo que se considere de interese en atención ás características do ente controlado.

As intervencións delegadas deberán recibir un exemplar das contas e doutros estados anuais, así como dos que se elaboren con outra periodicidade, e terán acceso directo ós sistemas de información dos que se deriven as ditas contas e estados.

- 5.- Se no exercicio do control financeiro permanente se puxesen de manifesto graves irregularidades, daráselle conta á Intervención Xeral, propoñendo, se é o caso, a substitución dese procedemento de control polo exercicio da función interventora.
- 6.- Os interventores delegados deberán elaborar para cada ente un plan anual de actuación, que se someterá á aprobación da Intervención Xeral da Comunidade.

O dito plan conterá o detalle das actuacións que se van realizar e o seu calendario de execución, así como a periodicidade dos informes e das datas previstas de emisión.

Os plans de actuación incluírán, en todo caso, a realización de:

- a) Auditoría permanente de cumprimento.
- b) Revisións de rexistros e procedementos contables e das existencias e dos movementos de fondos.
- c) Auditoría financeira das contas anuais.
- d) Auditoría de programas sobre o nivel de realización de obxectivos e análises das causas das desviacións.

Os citados plans incluírán ademais, se procede, a realización doutras auditorías operativas, de sistemas e procedementos ou outros tipos de control dos previstos no artigo 104 desta lei, nos casos e co alcance nos que así se determine.

Artigo 107º.- Plan anual de auditorías.

- 1.- O control financeiro ordinario enmarcará a súa actuación nun plan anual de auditorías que se debe realizar en cada exercicio, a elaboración do cal lle corresponde á Intervención Xeral da Comunidade.
- 2.- O plan comprenderá as entidades sobre as que se realizarán controis financeiros de carácter ordinario no exercicio económico a que se refira, con indicación, en cada caso, do tipo de control que se debe realizar e do seu alcance.
- 3.- O plan terá carácter aberto e poderá ser modificado para a realización de controis específicos, en atención ós medios dispoñibles e por outras razóns debidamente ponderadas.
- 4.- Para o desenvolvemento do control financeiro ordinario, a Intervención Xeral da Comunidade poderá solicita-la colaboración de empresas privadas de auditorías, que deberán axustarse ás normas e instrucións que determine o dito centro directivo.

Para solicita-la dita colaboración será necesaria unha orde do conselleiro de Economía e Facenda, na que se especificará a insuficiencia dos servizos da Intervención Xeral da Comunidade que xustifique a dita colaboración.

Artigo 108º.- Resultado e informes.

- 1.- Do resultado das actuacións de control financeiro ordinario ou permanente emitirase informe coa estrutura, co procedemento e co contido que regulamentariamente se determine.
- 2.- Os informes derivados das actuacións de control financeiro ordinario elevaránselle á Intervención Xeral da Comunidade para a súa remisión ó conselleiro de Economía e Facenda e ós órganos responsables e de tutela dos servizos ou organismos controlados.

- 3.- Os informes que teñan a súa orixe en actuacións de control financeiro permanente remitiránselle ó titular da xestión e ademais á Intervención Xeral da Comunidade cando estes teñan un carácter xeral ou fosen realizados por algunha circunstancia especial.

CAPÍTULO II

Da contabilidade¹⁷⁸

Artigo 109º.- Réxime.

- 1.- A administración da Comunidade Autónoma¹⁷⁹, dos seus organismos autónomos¹⁸⁰ e das sociedades públicas¹⁸¹ de

¹⁷⁸ Téñase en conta a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG nº 239, do 12 de decembro).

¹⁷⁹ Ademais da Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 1 de decembro de 1989 pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia (DOG nº 238, do 14 de decembro), vixente en canto non se opoña á anterior, modificada polas Ordes do 31 de maio de 1994 (DOG nº 115, do 16 de xuño), do 1 de febreiro de 1999 (DOG nº 28, do 11 de febreiro) e do 23 de novembro de 1999 (DOG nº 234, do 3 de decembro).

Véxase tamén a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 26 de decembro de 1986 pola que se aproba a instrucción provisoria de contabilidade do gasto público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 8, do 14 de xaneiro de 1987), vixente en canto non se opoña á citada orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Téñase en conta, así mesmo, a Orde conxunta das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda do 20 de maio de 1991 pola que se aproban instrucións provisionais sobre a contabilización e xestión de créditos desconcentrados (DOG nº 96, do 22 de maio. Corrección de erros no DOG nº 136, do 17 de xullo).

Finalmente, a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 21 de decembro de 2001 pola que se regula o traspaso dunha contabilidade en pesetas a unha contabilidade en euros na Administración xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades suxeitas ó réxime de contabilidade pública (DOG nº 250, do 28 de decembro).

¹⁸⁰ A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG nº 239, do 12 de decembro) aplícase tamén ós organismos autónomos ós que se refire o artigo 11 desta Lei.

¹⁸¹ A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG nº 239, do 12 de

Galicia queda sometida ó réxime de contabilidade pública nos termos previstos nesta lei.

- 2.- A suxeición ó réxime de contabilidade pública comporta a obriga de renderlles contas das respectivas operacións e transaccións económicas, calquera que sexa a súa natureza, ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia¹⁸².
- 3.- O disposto no parágrafo anterior éelles aplicable ó emprego dos fondos para xustificar¹⁸³ e ó das transferencias correntes e de capital con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, calquera que sexa o seu perceptor.
- 4.- As obrigas que se determinen no presente artigo entenderanse sen prexuízo das facultades que a Constitución lle confire ó Tribunal de Contas.

Artigo 110º.- Competencias da Consellería de Economía e Facenda.

É competencia da Consellería de Economía e Facenda a organización da contabilidade pública ó servizo dos seguintes fins:

- a) Rexistra-la execución dos orzamentos xerais da Comunidade nas súas distintas fases.
- b) Coñece-lo movemento e a situación da Tesourería.
- c) Reflecti-las variacións, a composición e a situación do patrimonio da Comunidade e do inventario de bens afectados ós fins dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

decembro) aplícase ás sociedades públicas autonómicas a que se refire o artigo 12 desta Lei, sometidas ó réxime de contabilidade pública, de acordo coa súa normativa específica.

Téñase presente o Decreto 480/1990, do 10 de outubro, sobre control financeiro, réxime presupostario e contable do ente público C.R.TV.G. e as súas sociedades (DOG nº 210, do 25 de outubro).

¹⁸² Sobre a regulación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia, véxanse as notas do artigo 93.1 desta lei.

¹⁸³ Artigo 77 desta lei.

- d) Proporcionarlle-las datos necesarios para a formación e o rendemento da Conta Xeral da Comunidade, así como das demais contas, estados e documentos que deban elaborarse ou remitirse ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas.
- e) Facilita-las datos e outros antecedentes necesarios para a confección das contas económicas do sector público estatal.
- f) Rende-la información económica e financeira que sexa necesaria para a toma de decisións tanto na orde política coma na de xestión.

Artigo 111º.- Funcións da Intervención Xeral como centro directivo.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma é o centro directivo da contabilidade pública de Galicia e correspóndenlle as seguintes funcións¹⁸⁴:

- a) Someter á decisión do conselleiro de Economía e Facenda o Plan de contabilidade pública de Galicia, ó que se adaptarán os organismos, as corporacións¹⁸⁵ e as demais entidades comprendidas no sector público de Galicia, mantendo a debida coordinación co Plan xeral de contabilidade pública.
- b) Promove-lo exercicio da potestade regulamentaria¹⁸⁶ no tocante á determinación da estrutura, xustificación, tramitación e rendemento de contas, informes e demais documentos relativos á contabilidade pública, podendo

¹⁸⁴ Véxase o artigo 5 do Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº113, do 14 de xuño).

¹⁸⁵ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG nº 239, do 12 de decembro), aplicable tamén ás corporacións e outras entidades comprendidas no sector público de Galicia.

¹⁸⁶ Téñase en conta a orde anual da Consellería de Economía e Facenda na que se regulan as operacións de peche de cada exercicio económico en relación coa contabilidade dos gastos públicos.

dictar para o efecto circulares e instrucións polos procedementos que se determinen nas leis e nos regulamentos.

- c) Aproba-los plans parciais ou especiais de contabilidade pública que se elaboren conforme o Plan de contabilidade pública de Galicia, ou o Plan xeral de contabilidade do sector privado, respecto das sociedades públicas.
- d) Inspecciona-la contabilidade de toda clase de organismos públicos da Comunidade Autónoma.

Artigo 112º.- Funcións como centro xestor.

1.- Como centro xestor da contabilidade pública, correspóndelle á Intervención Xeral:

- a) Forma-la Conta Xeral da Comunidade Autónoma e elabora-la memoria que a acompaña.
- b) Preparar e examina-las contas que se lles deban render ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, e formula-las observacións que, se é o caso, se estimen necesarias.
- c) Solicita-la presentación de contas, estados e outros documentos suxeitos a exame crítico.
- d) Centraliza-la información deducida da contabilidade das corporacións, organismos, entidades e demais axentes que integran o sector público de Galicia.
- e) Elabora-las contas económicas do sector público de Galicia, de acordo co sistema de contas en vigor para todo o Estado.
- f) Vixiar e impulsa-las actividades das oficinas de contabilidade de tódolos organismos e servicios da Comunidade.

2.- Tódolos informes e dictames económico-contables que deban emitilas entidades sometidas ó réxime de

contabilidade pública deberán ser solicitados a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

- 3.- Para os efectos previstos neste artigo, o rendemento de toda clase de contas polos procedementos ordinarios deberase realizar a través da Intervención Xeral.

Artigo 113º.- Soporte documental.

A contabilidade pública levarase en libros, rexistros e contas, segundo os procedementos técnicos establecidos que sexan máis convenientes pola índole das operacións e das situacións que neles deban anotarse, sen prexuízo de que as sociedades públicas se axusten ás disposicións do Código de comercio, ás que se dicten no seu desenvolvemento e ó Plan xeral de contabilidade vixente para as empresas españolas¹⁸⁷.

Artigo 114º.- Contadantes.

Serán contadantes das contas que teñan que renderse ó Consello de Contas de Galicia e, se é o caso, ó Tribunal de Contas:

- a) Os funcionarios que teñan ó seu cargo a xestión dos ingresos e a realización dos gastos, así como as demais operacións da Administración da Comunidade.
- b) Os presidentes ou directores dos organismos autónomos, sociedades públicas e demais entes que conforman o sector público de Galicia.

¹⁸⁷ Téñase presente o Real Decreto 1643/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade (BOE nº 310, do 27 de decembro. Corrección de erros no BOE nº 63, do 14 de marzo de 1991). Derogado parcialmente, na súa disposición final sétima, pola disposición derogatoria 1.24 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades (BOE nº 310, do 28 de decembro) e na norma de valoración 14º, pola Orde do Ministerio de Economía do 18 de decembro de 2001 (BOE nº 306, do 22 de decembro).

Téñase en conta tamén a Orde do Ministerio de Hacienda do 19 de outubro de 2001 pola que se regula a transición dunha contabilidade en pesetas a unha contabilidade en euros na Administración Xeral do Estado e naqueles organismos públicos sometidos ó Plan Xeral de Contabilidade Pública (BOE nº 260, do 30 de outubro).

- c) Os particulares que, excepcionalmente, administren, recaden ou custodien fondos ou valores da Comunidade, sen prexuízo de que sexan intervidas as respectivas operacións.
- d) Os perceptores das transferencias a que se refiren os artigos 78º e 109º.3 desta lei.

Artigo 115º.- Forma e prazos.

As contas e a documentación que se lles deban render ó Consello de Contas de Galicia¹⁸⁸ e ó Tribunal de Contas formaranse e cerraranse por períodos trimestrais, excepto as correspondentes ós organismos autónomos, sociedades públicas e demais entes que conforman o sector público de Galicia, que o serán anualmente.

Artigo 116º.- Sociedades públicas, entes e organismos.

A contabilidade pública das sociedades públicas, entes e organismos¹⁸⁹ queda sometida á verificación ordinaria e extraordinaria a cargo dos funcionarios dependentes do interventor xeral da Comunidade e dos que, se é o caso, designe o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas.

Artigo 117º.- Publicidade e información.

- 1.- A Consellería de Economía e Facenda publicará no *Diario Oficial de Galicia* os seguintes datos trimestrais:
 - a) Do movemento do tesouro por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, e da súa situación.

¹⁸⁸ Véxase a Circular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma do 9 de decembro de 1999 pola que se dictan normas relativas á documentación que se lle debe render ó Consello de Contas (DOG nº 248, do 27 de decembro), dictada como consecuencia da aprobación da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 1999 pola que se modifica a do 1 de decembro de 1989, sobre a implantación dun novo sistema de información contable na Xunta de Galicia (DOG nº 234, do 3 de decembro de 1999).

¹⁸⁹ Artigos 11 e 12 desta lei.

- b) Das operacións de execución do orzamento da Comunidade Autónoma e das súas modificacións.
 - c) Das demais que se consideren de interese.
- 2.- Os organismos autónomos, as entidades públicas e as sociedades mercantís con participación maioritaria da Xunta remitiranlle trimestralmente á Consellería de Economía e Facenda un estado da súa situación financeira, de acordo coa estrutura que esta determine¹⁹⁰.
- 3.- Trimestralmente, o conselleiro de Economía e Facenda daralle conta á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, do estado de execución orzamentaria.

CAPÍTULO III

Da Conta Xeral da Comunidade

Artigo 118º.- Documentación.

- 1.- A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprenderá tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de Tesourería levadas a cabo durante o exercicio e constará dos seguintes documentos:
- a) Conta da Administración da Comunidade.

¹⁹⁰ Véxase a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 15 de setembro de 1988 pola que se establece a documentación que os organismos autónomos de carácter industrial, comercial, financeiro e análogos, entes públicos e empresas públicas deben remitir á Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 189, do 30 de setembro).

Véxase tamén a Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 31 de marzo de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, no que se lle da aplicación á previsión do artigo 103 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, respecto do control financeiro (DOG nº 82, do 30 de abril. Corrección de erros no DOG nº 103 do 1 de xuño). Esta disposición foi desenvolvida pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 24 de maio de 1999, pola que se aproban os modelos de información trimestral e comunicación previa do gasto previstos no citado acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, polo que se implanta o sistema integrado de información e control permanente de sociedades e fundacións públicas de Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 107, do 7 de xuño).

- b) Conta dos organismos autónomos de carácter administrativo.
 - c) Conta dos organismos autónomos de carácter industrial, comercial, financeiro ou análogo.
 - d) Conta das sociedades públicas e demais entes públicos.
 - e) Conta do patrimonio da Comunidade e dos seus organismos autónomos.
- 2.- Achegaráselle á Conta Xeral un estado no que se reflicta o movemento e a situación dos avais concedidos pola Comunidade Autónoma e polas súas sociedades públicas¹⁹¹.

Artigo 119º.- Formación.

A Conta da Administración da Comunidade formarase con base nos estados e documentos que determine a Consellería de Economía e Facenda e, en particular, polos seguintes:

- 1.- A liquidación do orzamento, especificando os créditos iniciais e as súas modificacións, así como a liquidación dos estados de ingresos e gastos nas súas distintas fases de xestión orzamentaria.
- 2.- Un estado demostrativo dos compromisos de gastos adquiridos con cargo a exercicios futuros, facendo uso do disposto no artigo 58º desta lei.
- 3.- Un estado demostrativo da evolución e situación dos valores que se deben cobrar e das obrigas que se deben pagar procedentes de exercicios anteriores.
- 4.- A Conta Xeral de Tesourería que poña de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio.
- 5.- A Conta Xeral do endebedamento público.

¹⁹¹ Artigos 40 a 45 desta lei.

- 6.- O resultado do exercicio económico, que recollerá a determinación do superávit, o déficit ou nivelación da liquidación do orzamento, o remanente de Tesourería resultante e a variación dos activos e pasivos financeiros.

Artigo 120º.- Organismos autónomos.

- 1.- Coas contas rendidas polos organismos autónomos¹⁹² e demais documentos que se lle deban render ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, a Intervención Xeral da Comunidade elaborará estados anuais agregados que permitan ofrecer unha visión global da xestión realizada no exercicio pola totalidade daqueles.
- 2.- Á Conta Xeral da Comunidade Autónoma unirase unha memoria na que se demostre o grao de cumprimento dos obxectivos previstos para cada un dos programas de gasto.
- 3.- A Consellería de Economía e Facenda establecerá a estrutura e o contido das contas e estados a que fai referencia o número 1 anterior, así como das contas que deban render os demais entes do sector público de Galicia.

Artigo 121º.- Revisión¹⁹³ e aprobación.

- 1.- A Conta Xeral da Comunidade de cada ano formarase antes do 31 de agosto do ano seguinte ó que se refire e remitirase logo de acordo da Xunta ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas dentro dos dous meses seguintes á súa formación.
- 2.- A Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para efectos de dar cumprimento ó disposto na alínea b) do artigo 10 do Estatuto de autonomía.

¹⁹² Artigo 11 desta lei.

¹⁹³ Debe entenderse "remisión".

TÍTULO VI**Das responsabilidades**

Artigo 122º.- Suxeitos responsables.

- 1.- As autoridades, os funcionarios e os empregados¹⁹⁴ da Comunidade Autónoma en calquera dos seus servizos, organismos autónomos, entes públicos ou sociedades públicas que, por dolo, culpa ou neglixencia adopten resolucións, executen accións ou incorran en omisións con infracción das disposicións desta lei, estarán obrigados a indemnizar á Facenda da Comunidade polos danos e perdas que sexan consecuencia daqueles, con independencia da responsabilidade penal¹⁹⁵ ou disciplinaria¹⁹⁶ que lles poida corresponder.
- 2.- Estarán suxeitos á obriga de indemnizar á Facenda da Comunidade, ademais das autoridades, dos funcionarios e dos empregados ós que se fai referencia no número 1 anterior, os interventores, tesoureiros e ordenadores de pagamentos que, con dolo, culpa, neglixencia ou ignorancia inescusable, non salvasen a súa actuación no correspondente expediente mediante observación escrita acerca da improcedencia ou ilegalidade do acto ou resolución.

¹⁹⁴ Téñanse en conta os artigos 145 e 146 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro. Corrección de erros no BOE nº 311, do 28 de decembro de 1992, e nº 23, do 27 de xaneiro de 1993), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro).

¹⁹⁵ Artigos 404 a 445 do Código Penal, aprobado pola Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro (BOE nº 281, do 24 de novembro). Téñanse en conta as modificacións introducidas nestes preceptos pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro (BOE nº 283, do 26 de novembro).

¹⁹⁶ Téñase en conta o Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 58, do 25 de marzo), modificado polo Decreto 157/2004, do 7 de xullo (DOG nº 139, do 20 de xullo).

Iso deixando a salvo o disposto no artigo 76º.3, da presente lei.

- 3.- A responsabilidade de quen participe na resolución ou no acto será mancomunada, excepto cando concorra dolo, no que será solidaria.

Artigo 123º.- Tipificación das infraccións.

Constitúen infraccións que dan orixe á obriga de indemnizar segundo determina o artigo anterior:

- a) Incurrir no alcance ou malversación na administración de fondos da Comunidade.
- b) Administra-los recursos e demais dereitos da Facenda da Comunidade incumprindo as normas reguladoras da súa xestión, liquidación, inspección, recadación ou ingreso nas caixas da Tesourería.
- c) Comprometer gastos e ordenar pagamentos sen crédito suficiente ou infrinxindo doutro modo as disposicións legais aplicables á execución e xestión dos orzamentos e das operacións de Tesourería.
- d) Dar lugar a pagamentos indebidos ó liquida-las obrigas ou ó expedir documentos en virtude das funcións que se teñan encomendadas.
- e) Non render contas regulamentarias esixidas ou presentadas con graves defectos.
- f) Non xustifica-la aplicación dos fondos a que se refire o artigo 77º desta lei.
- g) Calquera outro acto ou resolución dictada con infracción do disposto nesta lei ou da normativa aplicable á xestión e administración do patrimonio.

Artigo 124º.- Instrucción e resolución.

- 1.- Sen prexuízo das competencias e do coñecemento dos feitos por parte do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas, a responsabilidade polos actos, omisións e resolucións tipificados no artigo anterior será determinada e esixida mediante expediente administrativo instruído ó interesado.

- 2.- O acordo de incoación, o nomeamento de xuíz instructor e a resolución do expediente corresponderanlle á Xunta cando se trate de persoas que, de conformidade co ordenamento vixente, teñan a condición de autoridade e ó conselleiro de Economía e Facenda nos demais casos.
- 3.- Na tramitación do expediente daráselles audiencia ós interesados e a súa resolución conterà o pronunciamento sobre os danos e perdas causados ós bens e dereitos da Facenda da Comunidade, impoñéndolles ós responsables a obriga de indemnizar na contía e no prazo que se determine.

Artigo 125º.- Execución.

- 1.- Os danos e perdas declarados na resolución do expediente a que se refire o artigo anterior terán a consideración de dereitos da Facenda da Comunidade, gozarán do réxime previsto no artigo 19º desta lei e poderá procederse ó seu cobro, se é o caso, pola vía de constrinximento.
- 2.- A Facenda da Comunidade terá dereito a esixi-lo xuro previsto no artigo 21º desta lei sobre o importe dos alcances, malversacións, danos e perdas ós seus bens e dereitos, desde o día no que estes se causasen.
- 3.- Cando, a consecuencia da insolvencia dos obrigados que deben indemnizar, haxa que proceder contra os responsables subsidiarios declarados como tales no expediente, os xuros a que fai referencia o punto anterior seranlles esixidos desde a data na que fosen requiridos para realiza-lo pagamento.

Artigo 126º.- Dilixencias previas.

Tan pronto como se teña noticia dun alcance, malversación, dano ou prexuízo á Facenda da Comunidade, ou transcorresen os prazos sinalados no artigo 77º desta lei sen que se xustificasen as ordes de pagamento ás que este se refire, os superiores xerárquicos dos presuntos responsables e os ordenadores de pagamentos, respectivamente, instruirán as dilixencias previas oportunas e adoptarán, con igual carácter, as medidas necesarias para asegura-los dereitos da Facenda da Comunidade, dándolles conta inmediata ó Consello de Contas de Galicia, ó conselleiro de Economía e Facenda e, se é o caso, ó Tribunal de Contas, para que procedan de acordo coas súas competencias e conforme os procedementos establecidos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. Definición de empresa pública.

Para os efectos desta lei, a definición que na normativa autonómica se fai da empresa pública entenderase referida, no sucesivo, ás sociedades públicas establecidas nesta¹⁹⁷.

Segunda. Rendición de contas ó Parlamento.

A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos de tódalas modificacións que se realicen de acordo co previsto nesta lei.

Terceira. Vixencia do artigo 23º, número 2.

O número 2 do artigo 23º desta lei, na redacción dada polo artigo 8 da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión (DOG do 31. Corrección de erros no DOG do 12 de febreiro de 1999), terá a vixencia determinada na disposición derradeira primeira desa lei, sen prexuízo da que establezan leis futuras¹⁹⁸.

¹⁹⁷ Artigo 12 desta lei.

¹⁹⁸ O dito precepto ten vixencia permanente, segundo a disposición adicional segunda da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro).

Cuarta. Fundacións do sector público.¹⁹⁹

- 1.- As entregas dinerarias sen contraprestación que realicen as fundacións do sector público rexeranse polo dereito privado, se ben serán aplicables os principios de xestión contidos nesta lei e os de información aos que se fai referencia no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvenciones. En todo caso, as achegas gratuítas que realicen terán relación directa co obxecto da actividade descrita na norma de creación ou nos seus estatutos.
- 2.- Para os efectos da regra anterior, consideraranse fundacións do sector público aquelas fundacións nas que se dea algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, das administracións públicas, dos seus organismos públicos ou demais entidades do sector público.
 - b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

¹⁹⁹ Esta disposición foi introducida polo artigo 14 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG nº 253, do 30 de decembro).

Ó peche desta edición estase a tramitar un proxecto de lei de fundacións de interese galego, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2004. O Título IX deste proxecto de lei regula as fundacións do sector público de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única.- Quedan derogadas as leis que se citan nas táboas adxuntas e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

1.- En virtude da súa incorporación ó texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia quedan derogadas as seguintes normas:

- Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia²⁰⁰.
- Disposición adicional terceira da Lei 14/1992, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1993²⁰¹.
- Artigos 8º, 23º, 38º, 39º e 40º da Lei 1/1994, do 30 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994²⁰².
- Disposicións adicionais novena, décima e décimo primeira da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996²⁰³.
- Artigos 4º e 5º da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión²⁰⁴.

²⁰⁰ DOG nº 200, do 14 de outubro de 1992. Corrección de erros no DOG nº 220, do 11 de novembro.

²⁰¹ DOG nº 254, do 31 de decembro de 1992.

²⁰² DOG nº 63, do 4 de abril de 1994.

²⁰³ DOG nº 249, do 30 de decembro de 1995.

²⁰⁴ DOG nº 68, do 9 de abril de 1998.

- Artigos 3, 4, 5, 6 e 8 da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión²⁰⁵.
- 2.- En virtude do establecido na disposición derogatoria da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, está derogada a Lei 30/1984²⁰⁶, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia.

²⁰⁵ DOG nº 252, do 31 de decembro de 1998.

²⁰⁶ Erro non corrixido. Debe entenderse “Lei 3/1984”. Publicada no DOG nº 113, do 13 de xuño de 1984.

ÍNDICE ANALÍTICO

A

Acordo

De cooperación con outras comunidades autónomas, 5.g) e 13.

Do Consello da Xunta, 12.3, 45.1 e 2, 62.1, 63.a), 94.4 e 106.2.b).

Actividade económico-financeira

Control, 93 e 95.

Función, 94.

Principios, 4.

Regulación, 3.2.

Afectación dos recursos da Comunidade Autónoma, 15.

Alcances

Véxase *Malversación de fondos públicos*.

Ampliación de créditos, 64 e 66.

Arbitraje, 22.

Auditoría

Control financeiro, 103.3 e 104.

Fiscalización plena, 97.4.

Plan anual, 107.

Autoridades e funcionarios

Obriga de indemnizar, 122.1 e 2.

Responsabilidade, 122.1 e 3.

Autorización do gasto

Competencia, 72.1 e 4.

Delegación, 72.4.

Organismos autónomos, 72.2 e 3).

Aval

Autorización, 40.2, 44.

Beneficiarios, 42 e 45.

Conta Xeral, 118.2.

Control, 42.3.

Da Comunidade Autónoma, 40.

Do IGAPE, 45.1.

Límite, 41.

Obrigas, 43.

Organismos autónomos, 45.

Reserva legal, 5.h).

Axudas públicas

Véxase *Subvencions*.

B

Banco de España

Fondos de organismos autónomos, 90.

Fondos da Tesourería, 89.

Ingresos na Tesourería, 91.

Bens patrimoniais

Beneficios fiscais, 18.3.

Xestión e réxime, 18.

Reserva legal, 5.e).

C

Caixas de aforro

Control, 7.h).

Fondos de organismos autónomos, 90.1).

Fondos de Tesourería, 89.1.

Certificación de descubierto

Véxase *Procedemento de constrinximento*.

Expedicións secundarias, 74.2.

Expedicións xerais, 74.1 e 3.

Competencias

Consellería de Economía e Facenda, 7 e 66.

Consellerías, 8 e 67.

Consello da Xunta, 6 e 65.

Organismos autónomos, 9.

Parlamento, 5.

Pagamento de obrigas sen crédito adecuado, 60.2.

Plan de contabilidade pública de Galicia, 111.

Suplementos de crédito: Concesión, 62.1 e 2.

Transferencias de crédito: Autorización, 66. b) e c), 65.

Validación de gastos, 102.3.

Variacións nos orzamentos das sociedades públicas, 83.5.

Xeracións de crédito: Autorización, 66.f).

Véxase *Consellería de Economía e Facenda*.

Comunidade Autónoma de Galicia

Igualdade de trato fiscal co Estado, 10.

Prerrogativas, 10.

Condonacións

No pagamento dos dereitos a favor da Facenda galega, 18.3.

Conselleiro de Economía e Facenda

Ampliacións de crédito: Autorización, 66.g).

Anticipo de Tesourería: Proposta de concesión, 63.

Avais de Tesourería: Proposta de autorización, 40.2.

Competencias xerais, 7.

Contabilidade: Publicidade e información, 117.3.

Control interno en organismos autónomos, sociedades e entes públicos, 94.4.

Créditos extraordinarios: Concesión, 62.1 e 2.

Débeda pública da Comunidade Autónoma, 37.

Autorización da emisión, 33.1.

Conversión, 33.2.

Expedientes por responsabilidade, 124.2.

Gastos plurianuais: Proposta de modificación de límites, 58.6.

Incorporacións de crédito: Autorización, 66.e).

Intervención por mostraxe, 97.5.

Modificacións orzamentarias, 66.

Ordenación de pagamentos:

Expedición, 75.

Conselleiros

Autorización de gastos, 72.1.

Competencias xerais, 8.

Modificacións orzamentarias, 67.

Ordenación de pagamentos: Proposición, 72.1.

Orzamentos: Competencias, 50.

Recoñecemento de obrigas, 72.1.

Véxase *Consellerías*.

Consellería de Economía e Facenda

Administración dos recursos da Facenda galega, 16.1.

Avais de organismos autónomos e entes públicos: rendemento de contas, 45.1.

Competencias xerais, 7.

Contabilidade:

Competencia, 110.

Datos trimestrais: Publicación, 117.1.

Situación financeira dos organismos autónomos, entidades públicas e sociedades mercantís, 117.2.

Modificacións orzamentarias, 66.

Orzamentos: Estructuras básicas, 50.1.

Situación dos fondos dos organismos autónomos, 90.

Sociedades públicas: Estructura dos programas de actuación, 83.2.

Véxase *Conselleiro de Economía e Facenda*.

Consellerías

Competencias xerais, 8.

Modificacións orzamentarias, 67.

Orzamentos: Estructura básica, 50.2.

Véxase *Conselleiros*.

Consello da Xunta

Anticipos de Tesourería, 63.

Autorización de gastos, 72.3.

Avais, 45.

Baixa de créditos, 81.4.

Competencias xerais, 6.

Control financeiro permanente, 106.2.b).

Creación de sociedades, 12.3.

Créditos extraordinarios, 62.1.

Gastos plurianuais, 58.6.

Intervención limitada, 97.2 e 3.

Modificación de créditos, 65.

Organismos autónomos, sociedades e entes públicos:

Ingresos e pagamentos, 90.4.

Control interno, 94.4.

Orzamentos xerais: proxecto de lei, 51.

Subvencións, 78.3 e 8, 79.Cinco.1.

Suplementos de crédito, 62.1.

Validación de gastos, 102.3.

Véxase *Xunta de Galicia*.

Consello de Contas de Galicia

Contabilidade

Da Administración xeral, 109, 110.d), 112.1.b), 114, 115 e 117.1.

Das sociedades públicas, entes e organismos, 115, 116 e 117.2.

Conta Xeral da Comunidade Autónoma, 4.2, 120.1 e 121.1.

Control da actividade económico-financeira, 93.1.

Infraccións na actividade económico-financeira, 124.1 e 126.

Subvencións, 78.4, 6 e 8 e 79.Cinco.3.

Conta Xeral da Comunidade Autónoma galega

Competencias para formala, 112.1.a) e 120.

Contido, 118.

Exame e aprobación, 121.

Formación, 119.

Ordes de pagamento, 76.2.

Contas

Competencias da Intervención Xeral, 111 e 112.

Da Administración da Comunidade, 118.1.a).

Das sociedades públicas, 118.1.d).

Dos organismos autónomos, 118.1.b) e c).

Do patrimonio, 118.1.e).

Véxase *Conta Xeral da Comunidade Autónoma galega*.

Contabilidade

Competencias:

Consellería de Economía e Facenda, 110.

Intervención Xeral:

Como centro directivo, 111.

Como centro xestor, 112.

Contadantes, 114.

Obrigas que comporta, 109.2 e 4.

Prazos, 115.

Procedemento, 113.

Publicidade e información, 117.

Sociedades públicas, entes e organismos, 116.

Véxase *Consellería de Economía e Facenda, Consello de Contas e Tribunal de Contas*.

Contadantes, 114.

Control financeiro

Ámbito de aplicación, 106.
Auditorías, 103.3 e 104.
Autonomía e independencia no seu exercicio, 103.2.
Control financeiro ordinario, 105.1.
Control financeiro permanente, 105.2 e 106.
Informe das actuacións, 108.
Intervencións delegadas:
 Requirimento de información, 106.4.
 Plan anual de actuacións, 106.6.
Plan anual de auditorías, 107.
Principios, 103.1.

Convenio

Con outras comunidades autónomas, 5.g) e 13.
Con sociedades públicas galegas, 86.
Gastos plurianuais, 58.1.b).

Créditos

Ampliáveis, 64 e 66.
Extraordinarios, 62.
Incorporación, 66 e 71.
Modificacións, 61 e seguintes.
Suplementos, 25.2 e 62.
Transferencias, 65 a 68.
Xeración, 66 e 69.

D

Débeda pública da Comunidade Autónoma

A medio e longo prazo, 32 e 33.
Autorización de creación, 29.2.
Autorización de emisión, 33.
Clases, 29.1, 31 e 32.
Competencias, 29.2 e 37.
Concepto, 28.
Contabilización, 34.
De Tesourería, 31.
Destino, 30.

Límites, 29.2 e 32.

Prescripción, 39.

Principio de igualdade de trato que o Estado, 38.1.

Réxime dos títulos, 38.2.

Reserva de lei, 5.d).

Deputacións provinciais, 5.i) e 53.

Dereitos da Facenda pública

Administración, 16.
Actos e contratos no seu prexuízo, 22.3.
Afectación, 15.
Alleamento, gravame e arrendamento, 18.2.
Certificacións de descuberto, 19.2.
Enumeración, 14.
Exencións, condonacións, rebaixas e moratorias, 18.3.
Inembargabilidade, 25.
Prerrogativas, 19.1.
Prescripción, 23.
Transaccións e arbitaxes, 22.1.
Xestión, 18.1.
Xuros de demora, 21.

Diario Oficial de Galicia

Avais da Comunidade Autónoma, 40.2.
Avais do IGAPE, 45.
Axudas e subvencións, 78.8.
Contabilidade: Publicidade trimestral, 117.

E

Embargo

Véxase *Procedemento de constrinximento*.

Empresas privadas

Auditoría, colaboración, 107.4.

Avais, 42.1.

Control financeiro, 94.3.

Empresas públicas, 12 e disposición adicional 1ª
Véxase *Sociedades públicas*.

Entidades de crédito e aforro

Contas de organismos autónomos, 80.2.

Contas da Tesourería, 89.1.

Control, 7.h).

Entidades de dereito público

Concepto, 12.1.b).

Contabilidade, 116.

Control interno, 93.1.

Control financeiro, 94.3 e 106.1.

Véxase *Sociedades públicas*.

Entidades locais

Avais, 42.1 e 43.2.

Deputacións provinciais, 5.i) e 53.

Tutela financeira, 7.g).

Exencións

No pago de dereitos á Facenda da Comunidade, 18.3.

F

Facenda da Comunidade Autónoma

Administración dos recursos, 16.

Concepto, 1.

Dereitos económicos, 14 a 23.

Normativa reguladora, 3.

Obrigas, 24 a 27.

Prerrogativas, 1.j), 10, 19.

Rescisión de actos e contratos, 22.3.

Transacción de dereitos, 22.1.

Xuros de demora, 21.

Fianza

No manexo de fondos ou valores públicos, 16.4.

Fondo de Compensación Interterritorial

Incorporación, 71.2.

Recurso da Facenda autonómica, 14.6.

Fondos da Unión Europea

FEDER, 65.1.c).

FSE, 65.1.c).

Incorporación, 71.2.

Xeración de crédito, 69.3.

Funcionarios públicos

Certificación de descuberto, 19.2.

Contabilidade das sociedades públicas, 116.

Contadantes, 114.a).

Control financeiro ordinario, 105.1.

Responsabilidades, 122.1.

G

Garantía

Aval

Véxase *Aval*.

Beneficio de excusión: Renuncia, 44.2 e 45.2.

Da Facenda autonómica, 19.1.

De obrigas coa Comunidade Autónoma, 24.3.

En aprazamentos e fraccionamentos, 20.5.

En subvencións: Prestada polo beneficiario, 78.8.

Fianza por manexo de fondos públicos, 16.4.

Na suspensión do pagamento de débedas tributarias, 55.2.

Na suspensión do procedemento de constrinximento, 20.1.

Reserva legal, 5.h).

Gastos plurianuais

Adquisición de bens inmoables, 58.4.
Modificación, 58.6.
Porcentaxes, 58.3 e 6.
Supostos, 58.1.

Gastos públicos

Autorización:
 Competencia, 72.1 e 2.
 Concepto, 73.a) 1.
 Delegación, 72.3.
Disposición: Concepto, 73.a) 2.
Ordenación do pagamento: Concepto, 73.a) 4.
Ordenación xeral de pagamentos, 74 e seguintes.
Recoñemento da obriga: Concepto, 73.a) 3.

Incorporación de créditos, 66 e 71.

Indemnizacións

Polo manexo de fondos públicos.
 Véxase *Responsabilidade*.
Subvencións, 79.Dous.3.

Ingresos indebidos

Devolución, 55.2.

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Aval, 45.1.

Intervencións delegadas

Control financeiro permanente, 105.2.d).
Informe de transferencia de crédito, 67.1.
Omisión da fiscalización previa, 102.
Plan anual de actuación, 106.7).

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Autonomía respecto dos órganos controlados, 93.2.

Contabilidade:

 Como centro directivo, 111.
 Como centro xestor, 112.

Control financeiro, 94.3.
Control financeiro permanente, 105.2.
Control interno, 4.3 e 93.1.
Créditos avalados, 42.3.
Fiscalización limitada, 97.

Informe:

 Pagamentos para xustificar, 77.3.
 Intervención previa, 97.2.

Omisións, 102.
Plan anual de auditorías, 107.
Reparos e reclamacións, 99 e seguintes.

L

Liquidación

De atrasos, 60.2.a).
De débedas, 23.5.
De dereitos, 48.2.b), 55.1, 69.1, 80.2 e 99.2.
De obrigas, 27.1.a) e 73.a)3.
De recursos, 73.b)1.
De sociedades, 79.Catro.5 e 85.b).
Do orzamento, 80.

M

Malversación de fondos públicos

Dilixencias previas, 126.
Infracción, 123.1.a).
Xuro de demora, 125.2.

Modificación de créditos, 61 e seguintes.

Moratorias

No pago de dereitos a favor da Facenda, 18.3 e 80.2.

O

Obrigas da Facenda da Comunidade Autónoma

En cumprimento de resolucións, 25.2.
Esixibilidade, 24.2.
Garantías, 43.
Nacemento, 24.1.
Prescrición, 27.
Recoñecemento: Concepto, 73.3.
Xuros, 26.

Ordenación de pagamentos

Véxase *Pagamentos*.

Organismos autónomos

Aval, 45.
Clases, 11.
Competencia, 9.
Concepto, 11.
Contabilidade, 116.
Control financeiro, 106.
Crédito extraordinario, 62.2.
Funcións, 9.
Intervención, 93 e seguintes.
Operacións de crédito, 29 e 37.5.
Ordenación de pagamentos, 74 e 75.
Orzamentos, 82.
Pagamentos para xustificar, 77.2.
Prerrogativas, 11.3.
Rendición de contas, 120.
Suplementos de crédito, 62.2.
Situación dos fondos, 90.
Véxase *Orzamentos dos organismos autónomos*.

Orzamentos das deputacións provinciais

Remisión ó Parlamento de Galicia, 53.

Orzamentos das sociedades públicas

Anteproxecto: Remisión, 51.2.c).
Estructura dos programas de actuación, inversión e financiamento, 83.2.
Integración nos orzamentos xerais da comunidade, 48.1.c) e 48.2.d).
Orzamento:
 Contido, 83.4.
 Estructuras básicas, 83.6.
 Remisión, 85.1.
 Variacións, 83.5.

Orzamentos dos organismos autónomos

Anteproxecto: Remisión, 51.2.c).
De carácter administrativo, 48.1.b).
De carácter comercial, industrial e financeiro, 48.2.c) e 82.
Exercicio orzamentario, 82.5.

Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Competencias das consellerías, 50.
Concepto, 46.
Contido, 48.
Créditos e as súas modificacións, 56 a 71.
Elaboración: Procedemento, 51.
Equilibrio orzamentario, 46.3.
Estructura:
 Estado de gastos, 49.1^a.
 Estado de ingresos, 49.2^a.
Execución, 72 e seguintes.
Ingresos desafectados, 80.3.
Liquidación, 80.
Operacións extraorzamentarias, 46.4.
Plan de disposición de fondos, 75.
Principio de anualidade, 47.
Principio de legalidade, 5.1).
Prórroga, 54.
Remisión ó Parlamento, 52.

P

Pagamentos

De obrigas: Medios, 91.2 e 3.

Indebidos:

Infracción, 123.d).

Reintegro de subvencións, 78.10.

Reintegro: Reposición de créditos orzamentarios, 70.

Ordenación:

Competencia, 74.1 e 3.

Delegación, 74.1.

Expedición, 75.

Ordenacións secundarias, 74.2.

Subvencións, 78 e 79.

Tramitación, 76.

Para xustificar:

Ámbito de aplicación, 77.2.

Anticipos de caixa fixa, 77.6.

Concepto, 77.1.

Prazos de xustificación, 77.4.

Por prestación de servicios, 24.3.

Parlamento de Galicia

Actividade económico-financeira: Regulación, 3.2.a).

Autonomía orzamentaria, 67.3.

Bens patrimoniais: Regulación, 18.1.

Comunicación periódica de datos:

Avais, 42.3.

Créditos extraordinarios e suplementos de crédito, 62.2.c).

Débeda pública: conversión e renegociación, 33.2.

Débeda de Tesourería, 31.3.

Modificación de créditos vinculantes para investimentos, 51.5.c).

Créditos extraordinarios, 25.2, 62 e 63.

Incorporacións, 71.5.

Proxecto de lei de orzamentos: Remisión, 52.

Orzamentos das deputacións, 53.

Orzamentos das sociedades públicas, 83.4 e 84.3.

Reserva de lei, 5.

Suplementos de crédito, 25.2, 62 e 63.

Tributos: Regulación, 17.1.c).

Patrimonio da Comunidade Autónoma

Contabilización, 110.c).

Infraccións, 123.g).

Integrante da Facenda galega, 1.2.c).

Recurso da Facenda autonómica, 14.10.

Reserva legal, 5.e).

Xestión, 18.

Prerrogativas

Da Comunidade Autónoma, 10 e 19.

Dos organismos autónomos, 11.3.

Integrantes da Facenda galega, 1.2.j).

Prescripción

Das infraccións en materia de subvencións, 79.Dous.

Das obrigas da Administración, 27.

Interrupción, 27.2.

Das sancións en materia de subvencións, 79. Tres.

Dos dereitos da Administración, 23.

Interrupción, 23.3.

Obriga de reembolso de capitais da débeda pública, 28 e 39.

Principios

Da función interventora, 96.1.

Das subvencións, 78.8.

De legalidade, 5.

Orzamentarios e de control, 4.

Procedemento de constrinximento

Cobro de indemnización por responsabilidade, 125.1.

Iniciación, 19.

Suspensión, 20.

Provincia, 5.i) e 53.

Proxectos de lei

Crédito extraordinario, 62 e 63.c).

Orzamentos, 7.c), 51 e 52.

Suplementos de crédito, 62 e 63.c).

R

Reclamación contra a Comunidade Autónoma

Aboamento de xuros, 26.

Prerrogativas da Facenda, 25.1.

Recursos públicos

Distribución e xestión, 2.1.

Enumeración, 14.

Rescisións

De actos e contratos en prexuízo da Facenda da Comunidade, 22.3.

Responsabilidade

Dilixencias previas, 126.

Execución, 125.

Insolvencia dos obrigados, 15.3.

Instrucción e resolución, 124.

Mancunada e solidaria, 122.3.

Pola custodia e manexo de fondos públicos, 4.4.

Subvencións, 79.Catro.

Suxeitos responsables, 122.

Tipificación de infraccións, 123.

S

Sociedades públicas

Concepto:

Entidades de dereito público 12.1.b).

Sociedades mercantís, 12.1.a).

Convenios coa Comunidade Autónoma, 86.

Prazo e tramitación dos programas, 84.

Programa de actuación, investimentos e financiamento, 83.

Remisión dos orzamentos á Consellería de Economía e Facenda, 85.

Véxase *Orzamentos das sociedades públicas*.

Subvencións

Concorrenza con outras subvencións, 78.4.e) e 9.

Contido mínimo das bases, 78.8.

Control financeiro, 94.3.

Infraccións, 79.Un e Tres.

Obrigas, 78.4 e 6.

Reintegro, 78.10.

Sancións, 79.Dous e Tres.

Suplementos de crédito

A organismos autónomos, 62.2.

Concesión polo Parlamento, 25.2 e 62.1.

T

Tesourería da Comunidade Autónoma

Anticipos, 63.

Concepto, 87.

Conta Xeral, 119.4.

Funcións, 88.

Fluxos financeiros, 92.

Ingresos e medios de pagamento, 91.

Intervención e contabilidade, 87.2.

Plan de disposición de fondos, 75.

Recursos que a integran, 87.1.

Remanentes, 81.

Situación dos fondos da Comunidade Autónoma, 89.

Situación dos fondos dos organismos autónomos, 90.

Transacción, 22.

Transferencia de crédito

Competencia, 65, 66 e 67.
Limitacións, 68.

Tribunal de Contas

Contabilidade

Da Administración xeral, 109, 110.d),
112.1.b), 114, 115 e 117.1.

Das sociedades públicas, entes e
organismos, 115, 116 e 117.2.

Conta Xeral da Comunidade Autónoma, 4.2,
120.1 e 121.1.

Control da actividade económico-financeira, 93.1.

Infraccións na actividade económico-financeira,
124.1 e 126.

Subvencións, 78.4, 6 e 8 e 79.Cinco.3.

Tributos

Beneficios fiscais:

Incluídos nos orzamentos xerais, 46.1.e) e
5.3.

Dos organismos autónomos, 11.3.

Regulación legal, 5.b) e 18.3.

Cedidos do Estado, 14.2 e 17.

Cobro, 19.

Contribucións especiais, 14.1.

Impostos, 5.c), 14.3, 14.7 e 17.1.

Pagamento, para o cobro de subvencións,
78.4.c).

Prescrición, 23.2.

Propios, 14.1 e 17.1.

Recargas sobre impostos do Estado, 5.c), 14.7 e
17.1.

Recursos da Facenda autonómica, 13 e 14.1.

Reserva legal, 5.b) e c).

Suspensión de débedas tributarias, 55.2.

Xestión, 17.

V

Validación de gastos, 102.

Vía de constrinximento

Véxase *Procedemento* de
constrinximento.

X

Xeración de crédito, 66.f) e 69.

Xestión

Das recargas sobre impostos do Estado, 17.

Dos bens patrimoniais, 18.

Dos tributos propios e cedidos polo Estado, 17.

Xunta de Galicia

Anticipos de Tesourería: concesión, 63.

Arbitraje: Competencia, 22.1.

Autorización de gasto:

Competencia, 72.1.

Organismos autónomos e entes, 72.3.

Aval: autorización, 40.2.

Conta Xeral: Remisión ó Consello de Contas,
121.1.

Créditos extraordinarios: Competencias, 62.2.a).

Desenvolvemento regulamentario da lei,
disposición derradeira 2ª.

Endebadamento:

Conversión e renegociación, 33.2.

Fixación de límites inferiores, 29.2.

Intervención:

Discrepancias, 101.2.b).

Omisións, 102.2.

Previa, 97.2.

Orzamentos das deputacións provinciais:
Remisión ó Parlamento, 53.

Responsabilidades: Competencia, 124.2.

Sociedades públicas:

Programas de actuacións: Aprobación,
84.2.

Variación nos orzamentos, 83.5.

Suplementos de crédito: competencia, 62.2.a).

Transacción: competencia, 22.1.

Validación de gastos, 102.

Véxase *Consello da Xunta*.

Xuros de demora

De cantidades debidas á Facenda, 10.5 e 21.

De cantidades debidas pola Facenda, 26.

De subvencións, 78.10.

